
I.E.S. OTERO PEDRAYO

Ourense

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE

LINGUA GALEGA E LITERATURA

CURSO

2018/2019

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	7
CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	7
<i>Nivel 1º ESO</i>	12
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	12
OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO	12
CONTIDOS E OBXECTIVOS	13
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	14
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE	16
CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN	19
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	22
METODOLOXÍA	22
MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS	23
AVALIACIÓN	24
Procedementos de avaliación	24
Instrumentos de avaliación	24
Criterios de cualificación e promoción do alumnado	24
ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES	25
AVALIACIÓN INICIAL	25
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	25
ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR (ELEMENTOS TRANSVERSAIS)	26
ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC (ELEMENTOS TRANSVERSAIS)	28
OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS DURANTE O CURSO	28
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	28
MECANISMOS DE REVISIÓN , AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	29
<i>NIVEL: 2º ESO</i>	30
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	30
OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO	30
CONTIDOS E OBXECTIVOS	32
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	33
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE	36
CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN	39
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	41
METODOLOXÍA	42
MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS	43

AVALIACIÓN	43
Procedementos de avaliación	43
Instrumentos de avaliación	44
Criterios de cualificación e promoción do alumnado	44
ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES	44
AVALIACIÓN INICIAL	45
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	45
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR (ELEMENTOS TRANSVERSAIS)	46
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC (ELEMENTOS TRANSVERSAIS)	48
OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS DURANTE O CURSO	48
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	49
MECANISMOS DE REVISIÓN , AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	49
MATERIA: OBRADOIRO DE COMUNICACIÓN ORAL	49
PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO	55
PLAN DE SEGUIMENTO E REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES	74
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	74
TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA	75
TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC	75
PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO	76
NIVEL 3º ESO	96
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	96
OBXECTIVOS XERAIS PARA O CURSO	96
CONTIDOS E OBXECTIVOS	97
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	98
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	101
CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓNS	105
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	107
METODOLOXÍA	107
MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS	109
AVALIACIÓN	109
Procedemento de avaliación	109
Instrumentos de avaliación	110
Criterios de cualificación e promoción do alumnado	110
ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE.	111
AVALIACIÓN INICIAL	111
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	112
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR (ELEMENTOS TRANSVERSAIS)	112
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DAS TIC (ELEMENTOS TRANSVERSAIS)	112
OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS DURANTE O CURSO	113

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES _____	113
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA _____	114
NIVEL: 4º ESO _____	115
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE _____	115
OBXECTIVOS XERAIS PARA O CURSO _____	115
CONTIDOS E OBXECTIVOS _____	116
CRITERIOS DE AVALIACIÓN _____	117
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE _____	119
CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓNS _____	121
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA _____	122
METODOLOXÍA _____	123
MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS _____	125
AVALIACIÓN _____	125
Procedemento de avaliación _____	125
Instrumentos de avaliación _____	125
Criterios de cualificación e promoción do alumnado _____	126
ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE _____	126
AVALIACIÓN INICIAL _____	127
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE _____	127
ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR (ELEMENTOS TRANSVERSAIS) _____	128
ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DAS TIC (ELEMENTOS TRANSVERSAIS) _____	128
OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS DURANTE O CURSO _____	128
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES _____	129
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA _____	129
NIVEL: ESA III _____	129
NIVEL: ESA IV _____	129
NIVEL: 1º BACHARELATO _____	130
OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO _____	130
CONTIDOS E OBXECTIVOS _____	132
CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓNS _____	134
CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR UNIDADES. _____	139
CRITERIOS DE AVALIACIÓN COMÚNS A TODAS AS UNIDADES _____	142
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE _____	143
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVES COMÚNS A TODAS AS UNIDADES _____	147
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA _____	148
METODOLOXÍA _____	148
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS _____	149

AVALIACIÓN	149
Procedementos de avaliación	149
Instrumentos de avaliación	150
Criterios de cualificación e promoción do alumnado	150
ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	151
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	151
TEMAS TRANSVERSAIS TRABALLADOS NO CURSO	152
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	152
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	152
<i>NIVEL: 2º BACHARELATO</i>	153
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	153
OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO	153
CONTIDOS E OBXECTIVOS	154
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	155
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE	157
CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓNS	161
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	161
METODOLOXÍA DIDÁCTICA	163
AVALIACIÓN: procedementos, instrumentos e criterios de cualificación e promoción do alumnado.	164
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	165
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	166
MECANISMOS DE REVISIÓN , AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	166

Membros do Departamento	Materias
Xosefina Matanza Roqueiro (Xefa de Departamento)	Lingua Galega e Literatura 1º ESO, 2º ESO, 2º Bac
Helena Alonso Fernández	Lingua Galega e Literatura 2ª ESO, 2º Bac OCO 1º , 2º ESO
Jaime Blanco Quiñoy	Lingua Galega e Literatura 2º ESO, 1º Bac, 2º Bac Francés
Concepción Fernández Vázquez	Lingua Galega e Literatura 1º ESO, 2º ESO, 4º ESO, 1º Bac
Constantino Pazos Sobrino	Lingua Galega e Literatura 4º ESO, 1º Bac, 2º Bac
Pilar Prieto González	Lingua Galega e Literatura 1º ESO, 2º ESO, 1º Bac
Olga Quintana Devesa	Lingua Galega e Literatura 3º ESO

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Otero Pedrayo está situado no casco antigo de Ourense, acudindo a el alumnado da zona, ademais dunha presenza cada vez maior de inmigrantes. Temos sobre 700 alumnos, cifra que indica a dimensión deste centro, no que os alumnos se reparten entre os estudos diúrnos e nocturnos, abarcando as distintas etapas educativas. Para tal alumnado contamos cunha plantilla duns 70 profesores.

Feita esta breve contextualización, pasamos a tratar o referente á nosa materia. Os membros do departamento de galego consideramos que a lingua galega debe ser a lingua usual de toda a comunidade educativa, priorizando as competencias activas sobre as pasivas. Daquela, o noso obxectivo é conseguir un uso dignificador da mesma ademais dunhas competencias comunicativas que permitan o uso lingüístico en todas as situacións comunicativas, tanto orais como escritas. Isto non é posible se non temos en conta as características do centro no que estamos, o tipo de alumnado e a súa situación, pois só así as estratexias e recursos aplicados poderán ser eficaces no seu propósito.

A lingua maioritariamente empregada polo alumnado é o castelán, sobre todo en canto a usos sociais. É esta a situación “característica” dun centro urbano, polo que é obxectivo prioritario o logro dunha competencia comunicativa básica tanto na dimensión oral (especial insistencia neste aspecto) coma na escrita, ademais de intentar eliminar actitudes estereotipadas e prexuzosas contra a lingua, que tanto dano están a facer. Presentar o galego coma unha lingua útil, válida e competente para ser utilizada en calquera situación e contexto, ese é o noso obxectivo prioritario.

CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Contribución ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística

- Utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.
- Comprensión de discursos orais e escritos dos contextos social, cultural e académico.

- Expresión oral e escrita correcta, coherente, creativa e adecuada aos distintos contextos, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
- Utilización eficaz da lingua para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos académicos.
- Utilización progresivamente autónoma das bibliotecas, medios de comunicación e das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
- Aplicación dos coñecementos da lingua e das normas de uso para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
- Comprensión das circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.
- Coñecemento e respecto da realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual; valoración da riqueza que representa e comprensión das situacións que provoca o contacto de linguas.
- Análise dos diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen os prexuízos de valor e os prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
- Lectura fluída, consolidación do hábito lector e valoración da lectura como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
- Comprensión de textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
- Aproximación ao patrimonio literario e valoración do mesmo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

Contribución ao desenvolvemento da competencia social e cidadá

- Utilización das formas de comportamento que facultan as persoas para participar dunha maneira eficaz, construtiva e creativa na vida social e profesional e, no seu caso, para resolver conflitos.
- Identificación dos principais estados emocionais e saber controlalos.
- Coñecemento axustado e positivo das calidades persoais, os intereses e as limitacións.
- Actitude respectuosa e educada nas relacións cos demais e en diferentes contextos.
- Argumentación dos puntos de vista propios, escoitando e comprendendo os argumentos dos demais.

- Asunción de queixas, críticas ou preguntas sen sentirse ameazado/a, procurando situarse no lugar do outro e ofrecemento das explicacións ou desculpas necesarias.
- Asunción de responsabilidades persoais e sociais.
- Práctica do diálogo como ferramenta básica de comunicación interpersoal.

Contribución ao desenvolvemento da competencia dixital.

- Utilización segura e crítica das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) para o traballo, o lecer e a comunicación. Susténtase no uso de computadores para obter, avaliar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información, e comunicarse e participar en redes de colaboración a través de internet.
- Coñecemento e utilización da terminoloxía básica do sistema operativo en uso (arquivos, cartafoles, escritorio, fiestras, etc.) e das accións básicas (gardar, organizar e recuperar información en diferentes soportes).
- Organización dunha lista dos principais enlaces do ámbito escolar.
- Utilización dunha serie de ferramentas en soportes variados para obter información, desde as estritamente lingüísticas (dicionarios, correctores ortográficos...), ata as menos exclusivas (enciclopedias, xornais...), pasando polas literarias (bibliotecas, catálogos...).
- Aplicación dos coñecementos lingüísticos para seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar a información co fin de transformala en coñecemento.
- Utilización das TIC para a produción de textos ben presentados e correctos.
- Utilización de programas que permitan realizar exposicións e presentacións que faciliten a comprensión e capten a atención do público, recitais literarios, anuncios publicitarios, etc.

Contribución ao desenvolvemento da competencia cultural e artística

- Apreciación da importancia da expresión creativa de ideas, experiencias e emocións a través de distintos medios audiovisuais, incluída a música, as artes escénicas, a literatura, a tecnoloxía e as artes plásticas; utilización destas manifestacións como fonte de goce e enriquecemento persoal e consideración das mesmas como parte do patrimonio cultural dos pobos.
- Comprensión e utilización das convencións básicas das diferentes manifestacións literarias, cultas e populares.
- Utilización de diversas técnicas literarias.
- Cultivo do propio desenvolvemento estético mediante a produción de diferentes textos literarios para argumentar e expresar ideas de seu.
- Coñecemento e valoración da evolución das principais correntes estéticas.

- Coñecemento das características básicas e a evolución histórica das principais obras da literatura galega.
- Fomento da sensibilidade e a adquisición do sentido estético.
- Coñecemento e valoración da riqueza cultural que supón a diversidade lingüística.
- Coñecemento e valoración da riqueza cultural que supón a expresividade da fala popular.

Contribución ao desenvolvemento da competencia e actitudes para seguir aprendendo.

- Habilidade para iniciar a aprendizaxe e ser capaz de continua-la de xeito cada vez máis autónomo. Ser consciente do propio proceso e das necesidades de aprendizaxe, buscar as oportunidades dispoñibles, recoñecer as potencialidades e limitacións persoais e ser capaz de tirar proveito das primeiras e de superar as segundas co fin de culminar a aprendizaxe con éxito.
- Adquisición dun coñecemento realista e positivo de si mesmo/a, das calidades intelectuais, intereses e limitacións persoais.
- Adquisición de estratexias adecuadas para desenvolver as capacidades.
- Solicitude de axuda e consello cando é necesario.
- Adopción dunha actitude de superación constante e de mellora persoal.
- Axuda e colaboración con outras persoas.
- Valoración das estratexias máis efectivas empregadas.
- Superación dos obstáculos e erros máis frecuentes recoñecidos.
- Motivación para a aprendizaxe e constancia no estudo.
- Organización do espazo de estudo e materiais.
- Distribución do tempo para a planificación e realización de tarefas.
- Utilización autónoma da axenda escolar.
- Elaboración de esquemas, gráficos, resumos, fichas, informes e exposicións.
- Preparación de probas de estudo, exames e traballos.

Contribución ao desenvolvemento da competencia de autonomía e iniciativa persoal

- Posibilidade de aprender e decidir de xeito cada vez máis autónomo, así como optar con criterio propio para desenvolver distintas alternativas facéndose responsable delas, tanto no ámbito persoal coma no social ou laboral, e habilidade para transformar as ideas e proxectos en actos. Está relacionada coa creatividade, a innovación e a asunción de riscos.
- Selección dunha alternativa posible e desexable de acordo cos intereses, calidades e limitacións persoais.

- Clarificación dos valores, ideas, desexos e intereses persoais na toma de decisións.
- Busca, selección e contraste de información acerca das distintas opcións posibles.
- Argumentación das iniciativas e ideas propias e defensa ante as demais persoas.
- Reorganización da información dispoñible.
- Adopción dunha actitude positiva ante o cambio, a innovación, a xeración de novas ideas e alternativas.
- Valoración das ideas dos demais.
- Busca do acordo, contraste de estratexias e puntos de vista, integración de diversas calidades persoais, corresponsabilidade e avaliación conxunta dos resultados.
- Asunción de responsabilidades colectivas.

NIVEL: 1º ESO
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
PROFESORAS: Concepción Fernández, Josefina Matanza, Pilar Prieto

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

- 1- Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
- 2- Reter información relevante e extraer informacións concretas como secuencias dunha tarefa sobre un texto oral.
- 3- escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual.
- 4- Coñecer e aplicar estratexias de organización de contido e técnicas diversas que faciliten unha expresión oral coherente, cohesionada e de claridade expositiva.
- 5- Valorar a lectura como fonte de aprendizaxe e enriquecemento persoal.
- 6- Elaborar producións orais propias con corrección gramatical, respectando os patróns fonéticos do galego, e que expresen mensaxes con sentido completo.
- 7- Ler, comprender e interpretar textos escritos de diferente intención comunicativa utilizando técnicas e estratexias diversas que faciliten a comprensión.
- 8- Elaborar producións escritas seleccionando as técnicas apropiadas que permitan xerar textos adecuados, coherentes e cohesionados.
- 9- Recoñecer e utilizar algúns mecanismos de cohesión dos textos: algúns conectores e expresións referenciais.
- 10- Valorar a escritura como medio para mellorar as aprendizaxes e como estímulo de desenvolvemento persoal.
- 11- Coñecer e utilizar as categorías gramaticais e as súas características para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
- 12- Identificar e describir a estrutura das palabras e recoñecer os seus mecanismos de formación, utilizando estes coñecementos para ampliar o vocabulario e mellorar a comprensión e creación de textos.
- 13- Coñecer, identificar e utilizar conceptos relacionados co significado das palabras (sinonimia, antonimia, familia léxica...).

- 14- Coñecer e aplicar as regras ortográficas e o seu valor social na procura dunha comunicación eficaz.
- 15- Manexar o dicionario e outras fontes impresas e dixitais para resolver dúbidas sobre a linguaxe e enriquecer o vocabulario.
- 16- Coñecer e empregar un léxico básico.
- 17- Coñecer e valorar a variedade lingüística.
- 18- Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, eliminando prexuízos.
- 19- Coñecer as características da linguaxe literaria e algúns recursos e o seu emprego en contextos literarios.
- 20- Ler en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego e rexeitando calquera tipo de prexuízo.
- 21- Recoñecer e usar adecuadamente a fonética galega, con especial atención a posibles interferencias.
- 22- Ler, comprender, analizar e identificar distintos textos, emitindo xuízos e valorando.
- 23- Identificar e describir as características de distintos xéneros literarios.
- 24- Redactar textos con intención literaria.

CONTIDOS E OBXECTIVOS

Comprensión lectora

Texto narrativo. Texto descritivo. Texto poético. Texto dramático. Texto xornalístico. Textos expositivo. Texto instrutivo. Texto dialogado: cómic. **Obxectivos:** 5, 7, 19, 20, 21, 22.

Sociolingüística

O plurilingüismo. Linguas oficiais e non-oficiais. Linguas do Estado español. O galego: lingua propia de Galicia. O galego: lingua internacional. O galego na internet. A utilidade da lingua galega. Os prexuízos lingüísticos. Actitudes positivas cara á lingua. Breve historia da lingua galega. Corrección no emprego da lingua. **Obxectivos:** 6, 17, 18, 20, 21.

Vocabulario

O campos semántico. As palabras sinónimas. As palabras polisémicas.

O cuarto de durmir. A familia. A aula. A rúa. O corpo en acción. Os sentidos. Animais de proveito. Maneiras de ser. Seres vivos. As festas. Cociñar e comer. O deporte e a saúde. **Obxectivos:** 2, 4, 13, 15, 16.

Ortografía

O alfabeto. O dicionario. A sílaba. Sílaba tónica e sílaba átona. Ditongos e hiatos. A acentuación: regras xerais de acentuación. Casos especiais de acentuación. O acento diacrítico. Uso de i, ll e x. Uso de b e v. Palabras con es- e con ex- . Uso do h. Uso das maiúsculas. Uso dos signos de puntuación.

Obxectivos: 11, 14, 10.

Gramática

A palabra: lexemas e morfemas. Prefixos e sufixos. Palabras simples, palabras compostas e palabras derivadas. Clases de palabras. O substantivo (xénero e número). O adxectivo cualificativo (xénero e número /os graos/ formación dos graos). Os adxectivos determinativos. Os pronomes (formas átonas e tónicas) O verbo (verbos regulares). Os adverbios . As preposicións e conxuncións.**Obxectivos:** 11,12,9.

Literatura

O texto literario. Os xéneros literarios. O xénero narrativo: estrutura. Elementos da narración: narrador, personaxes, espazo e tempo. A novela. O relato curto. O conto. As lendas. O xénero lírico (medida dos versos, rima, algunhas figuras literarias e estrofas). O xénero dramático. O cómic. **Obxectivos:** 5, 7, 8, 10, 19, 23, 24.

Fonética

Producións orais emitidas con fonética e prosodia correctas.**Obxectivos:** 1, 2, 4, 6.

Obradoiro de escritura

Traballar con textos: narrativos, xornalísticos, descritivos , expositivos , instrutivos e publicitarios. Crear textos narrativos, poéticos e teatrais. **Obxectivos:** 7, 8, 10, 19, 22, 24.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Comprensión lectora

1. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.
2. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.
3. Comprender, interpretar e sintetizar texto sinxelos pertencentes a distintos ámbitos (vida cotiá, medios de comunicación...).

Sociolingüística

1. Coñecer e valorar a riqueza das linguas entendendo o plurilingüismo como unha riqueza cultural e social.
2. Identificar as linguas do Estado e coñecer a súa situación sociolingüística e legal.
3. Recoñecer o galego como lingua propia.
4. Coñecer a presenza da lingua galega máis alá das fronteiras xeográficas.
5. Identificar e valorar a presenza do galego nas novas tecnoloxías como sinal da utilidade da mesma.
6. Comprender a utilidade da nosa lingua.
7. Saber o que é un prexuízo e identificalo na práctica lingüística.
8. Desenvolver actitudes positivas cara á lingua galega.
9. Introducir brevemente ao alumno na historia da lingua galega.
10. Coñecer os mecanismos que rexen o uso correcto tanto oral como escrito da lingua.

Vocabulario

1. Coñecer e ampliar o vocabulario básico referido aos campos semánticos máis comúns.
2. Comprender e traballar os conceptos de campo semántico, familia léxica, sinonimia , polisemia e antonimia.

Ortografía

- 1- Usar o dicionario, ademais doutros soportes, como fonte de consulta para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.
- 2- Clasificar as palabras polo número de sílabas diferenciando entre sílabas tónicas e sílabas átonas, ademais de identificar ditongos e hiatos.
- 3- Coñecer as regras básicas de acentuación e os casos de acentuación diacrítica máis usuais.
- 4- Usar correctamente as grafías de i, ll,x ; b/v (atendendo especialmente ás que poidan presentar interferencias co castelán), palabras con h ou sen h e as grafías es- e ex-.
- 5- Coñecer os signos de puntuación e as regras que rexen o seu uso.

Gramática

- 1- Coñecer os constituíntes da palabra e distinguir os tipos de palabras segundo a súa estrutura.
- 2- Identificar as distintas clases de palabras.

- 3- Recoñecer semanticamente e formalmente os substantivos e clasificalos.
- 4- Identificar o xénero dos substantivos e coñecer e aplicar as regras de formación do número.
- 5- Identificar o xénero e o número dos adxectivos cualificativos e os graos comparativos.
- 6- Coñecer e identificar os adxectivos determinativos (artigos, demostrativos, posesivos, indefinidos, numerais, interrogativos e exclamativos).
- 7- Coñecer e identificar as formas átonas e tónicas do pronome persoal.
- 8- Identificar o que é un verbo e conxugar os verbos regulares.
- 9- Recoñecer as preposicións e identificar algúns adverbios e conxuncións.

Literatura

- 1- Diferenciar un texto literario do que non o é .
- 2- Coñecer os distintos xéneros literarios e os seus trazos máis característicos.
- 3- Introducir ao alumno no xénero narrativo e os elementos que o definen: narrador, personaxes, espazo e tempo.
- 4- Comprender as características dos distintos tipos de textos (narrativos, descritivos, xornalísticos, instrutivos, dramáticos e poéticos)
- 5- Coñecer outros textos narrativos como a novela e o relato curto.
- 6- Coñecer as características do texto poético e identificalas.
- 7- Coñecer as características do texto dramático e identificalas.
- 8- Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos do cómic como expresión artística.
- 9- Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.
- 10- Diferenciar as ideas principais e as secundarias. Sintetizar o sentido global dun texto.

Fonética

- 1- Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- 2- Producir textos orais cunha pronuncia e prosodia correcta.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (nomenclatura)

CL: comunicación lingüística, **CMCT:** competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, **CD:** competencia dixital, **AA:** aprender a aprender, **CSC:** competencias sociais e cívicas, **SIEE:** sentido de iniciativa e espírito emprendedor; **CEC:** conciencia e expresións culturais.

a- Comprensión lectora:

- 1- Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, seguindo os patróns fonéticos do galego. **Competencias claves:** CL.
- 2- Analiza o contido e sintetiza o mesmo mediante subliñados, esquemas e resumos. **Competencias clave:** CL, AA.
- 3- Comprende, interpreta e sintetiza textos sinxelos pertencentes a distintos ámbitos (vida cotiá, medios de comunicación...) **Competencias clave:** CL AA.

b- Sociolingüística:

- 1- Comprende o que é o plurilingüismo e valora a riqueza cultural e social que aporta. **Competencias clave:** CL, CEC, CSC.
- 2- Identifica as linguas do Estado e coñece a grandes trazos a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais. **Competencias clave:** CL, CEC, CSC.
- 3- Recoñece, aprecia e valora o galego como lingua de seu. **Competencias clave:** CL, CEC.
- 4- Coñece os territorios nos que se fala galego máis alá das fronteiras xeográficas. **Competencias clave:** CL, CEC.
- 5- Identifica e valora o uso do galego nas novas tecnoloxías e coñece recursos en rede de lecer en lingua galega (música, xogos...). **Competencias clave:** CL, CD, AA.
- 6- Comprende e valora a utilidade da nosa lingua. **Competencias clave:** CL, CD, CSC.
- 7- Coñece o que é un prexuízo e detéctao na súa práctica lingüística e na da súa contorna. **Competencias clave:** CL, CSC.
- 8- Desenvolve actitudes positivas cara á lingua galega analizando a súa propia práctica lingüística e valorando a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da nosa lingua. **Competencias clave:** CL, CSC.
- 9- Coñece de xeito esquemático a historia da lingua galega e os seus distintos períodos. **Competencias clave:** CL, CEC.
- 10- Coñece e aplica os mecanismos que rexen o uso correcto da lingua na oral e na escrita, producindo textos sinxelos que amosan este dominio. **Competencias clave:** CL, AA e SIEE.

c- Vocabulario:

- 1- Coñece o vocabulario básico referido aos campos semánticos máis comúns e emprégao correctamente nun rexistro axeitado á situación. **Competencias clave:** CCL.
- 2- Sabe o que é un campo semántico, unha familia léxica, un sinónimo e o que se entende por palabras polisémicas e antónimas. Recoñéceas e identifícaas. **Competencias clave:** CCL.

d- Ortografía:

- 1- Manexa o dicionario, ademais doutros soportes, para resolver dúbidas, obtendo a información lingüística buscada. **Competencias clave:** CL, CD.
- 2- Clasifica as palabras segundo o número de sílaba, diferencia entre sílaba tónica e sílaba átona, e sabe distinguir un ditongo dun hiato. **Competencias clave:** CL.
- 3- Aplica na súa práctica lingüística as regras de acentuación e coñece os casos de acentuación diacrítica máis usuais que tamén aplica na escrita. **Competencias clave:** CL.
- 4- Utiliza correctamente as grafías i, ll, x ; b ou v, h ou sen h , es- ou ex- nas palabras que o precisen, evitando as interferencias co castelán. **Competencias clave:** CL.
- 5- Coñece os signos de puntuación e as regras que rexen o seu uso, aplícaas na práctica. **Competencias clave:** CL.

e- Gramática:

- 1- Nunha palabra sabe distinguir o lexema dos morfemas. Segundo a súa estrutura sabe diferenciar entre palabras simples, compostas e derivadas. **Competencias clave:** CL.
- 2- Identifica as distintas clases de palabras. **Competencias clave:** CL.
- 3- Recoñece semanticamente un substantivo e clasifícao. **Competencias clave:** CL.
- 4- Coñece o xénero dos substantivos e sabe formar o seu número. **Competencias clave:** CL.
- 5- Coñece e aplica a formación do xénero e do número no adxectivo cualificativo. **Competencias clave:** CL.
- 6- Nun texto sabe identificar os artigos, demostrativos, posesivos, indefinidos, numerais, interrogativos e exclamativo. Coñece as formas e emprégaas. **Competencias clave:** CL.
- 7- Coñece e identifica as formas átonas e tónicas do pronome persoal. **Competencias clave:** CL.
- 8- Identifica o que é un verbo e conxuga os verbos regulares. **Competencias clave:** CL.
- 9- Nun texto recoñece as preposición e os adverbios e conxuncións máis comúns. **Competencias clave:** CL.

f- Literatura:

- 1- Diferencia un texto literario do que non o é. **Competencias clave:** CL, CSC, AA.
- 2- Coñece os distintos xéneros literarios e os seus trazos máis característicos. **Competencias clave:** CL, AA, CSC.
- 3- Sabe recoñecer un texto narrativo e distinguir nel os elementos que o definen: narrador, personaxes, espazo e tempo. **Competencias clave:** CL.

- 4- Comprende as características dos distintos tipos de textos e elabora textos sinxelos adecuados á súa idade e nivel. **Competencias clave:** CL, AA, SIEE, CEC.
- 5- Identifica textos narrativos como a novela, o relato curto, a lenda e o conto. Crea contos sinxelos seguindo as estratexias indicadas. **Competencias clave:** CL, AA, SIEE, CEC.
- 6- Nun texto poético mide os versos, coñece algunhas figuras literarias como a metáfora ou o símil, sabe o que é a rima e crea pequenos poemas nos que aplica os trazos estudados. **Competencias clave:** CL, AA.
- 7- Identifica un texto dramático coas súas características definitorias. **Competencias clave:** CL.
- 8- Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística. **Competencias clave:** CL, CEC.
- 9- Produce textos propios seguindo as estratexias creativas aprendidas. **Competencias básicas:** CL, CEC, CD.
- 10- Comprende, interpreta e sintetiza textos breves e de distinta tipoloxía, diferenciando as ideas principais e as secundarias. **Competencias clave:** CL, CEC.

g- Fonética:

- 1- a/ Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta e recoñece os erros de produción oral propia e allea buscando correxilos.
b/ Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se asocian á pronuncia.
c/ Usa a variedade dialectal da súa zona e asúmea sen prexuízos.
Competencias clave: CL, AA.
- 2- Produce textos orais cunha pronuncia e prosodia correctas nas súas intervencións orais, respectando as regras morfosintácticas da lingua.
Competencias clave: CL, AA.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN

1ª AVALIACIÓN

- A riqueza das linguas.
- **Vocabulario:** o cuarto de durmir.
- O uso do dicionario.
- As palabras. Estrutura e clases.
- O alfabeto.
- Textos literarios e non literarios. Os xéneros literarios.
- Os textos persoais.

- As linguas no mundo.
- **Vocabulario: a familia.** O campo semántico.
- O substantivo. Clasificación do substantivo.
- O número do substantivo.
- A sílaba. Ditongos e hiatos.
- O xénero narrativo. Os elementos da narración. O narrador. Os personaxes.
- A creación literaria.
- As linguas do Estado español.
- **Vocabulario: na aula.**
- Os sinónimos.
- Xénero do substantivo.
- Regras xerais de acentuación.
- O texto narrativo. O espazo e o tempo.
- Textos xornalísticos.
- O galego: lingua propia de Galicia.
- Vocabulario: na rúa.
- As palabras polisémicas.
- Os adxectivos cualificativos. Os graos.
- Casos especiais de acentuación. O acento diacrítico.
- O texto narrativo. A estrutura dun texto narrativo. O relato literario.
- A creación literaria.

2ª AVALIACIÓN

- O galego: lingua internacional.
- Vocabulario: o corpo.
- Os adxectivos determinativos (posesivos e demostrativos).
- Uso de i, ll e x.
- A literatura popular. O conto.
- O texto descritivo.
- O galego na internet.
- Vocabulario: os sentidos.
- Os adxectivos determinativos: indefinidos, numerais, interrogativos e exclamativos.
- Uso do b e v.
- A literatura popular. Lendas e mitos.
- A creación literaria.

- galego: lingua útil.
- Vocabulario: animais de proveito.
- O pronome persoal: formas tónicas.
- Palabras con es- e con ex-.
- O xénero lírico. A métrica. A poesía.
- O texto expositivo.
- Os prexuízos lingüísticos.
- Vocabulario referido á maneira de ser.
- Formas átonas do pronome persoal.
- Uso do h.
- O xénero lírico. A rima.
- A creación literaria. Escribindo poesía.

3ª AVALIACIÓN

- Actitudes positivas ante a lingua.
- Vocabulario: os seres vivos.
- O verbo (1): conxugacións, lexemas e desinencias, formas verbais.
- Uso das maiúsculas.
- O xénero lírico: as estrofas.
- O texto instrutivo.
- O futuro do galego.
- Vocabulario: as festas.
- O verbo (2): verbos regulares e verbos con alternancia.
- Os signos de puntuación.
- O xénero lírico. As figuras literarias.
- A creación literaria: cantigas e cancións.
- O galego: corrección.
- Vocabulario: cociñar e comer.
- Os adverbios.
- Signos de puntuación.
- O xénero dramático.
- O texto na publicidade.
- Vocabulario :
- Preposicións e conxuncións.
- Signos de puntuación.

- O cómic.
- A creación literaria: taller de teatro.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Lectura: lectura fluída e comprensiva de textos sinxelos. Lectura dos libros programados.

Expresión: elaborar textos orais e escritos axeitados ao seu nivel. Identificar as ideas principais e secundarias nos mesmos. Sintetizar o sentido global dun texto.

Ortografía : emprego correcto das distintas grafías, signos de puntuación e acentos.

Gramática: identificar as distintas clases de palabras e conxugar os verbos regulares.

Sociolingüística: coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España, fundamentalmente da lingua galega.

Vocabulario: coñecer o vocabulario básico dos campos semánticos máis comúns.

Literatura: coñecer as características dos distintos xéneros literarios.

Fonética: Recoñecer a fonética da lingua galega.

METODOLOXÍA

Os principios xerais da aprendizaxe significativa, e, en particular, a situación na que se atopa o noso idioma, condicionan a metodoloxía a aplicar nesta materia.

Para que a aprendizaxe da lingua sexa significativa debe existir unha acomodación entre a estrutura cognitiva do/a alumno/a e os valores, ideas, conceptos ou actitudes que ten que asimilar. Para isto hai que ter en conta os coñecementos ou actitudes previas dos/as alumnos/as como resultado de experiencias anteriores adquiridas dentro ou fóra da escola.

Cada vez que o/a profesor/a de lingua comeza o seu labor cun grupo de alumnos/as ten que partir dos preconceptos, ideas, valores ou coñecementos previos que teñen os escolares.

Os/as alumnos/as que chegan ao 1º curso de ESO, recibiron ensino en galego en anos anteriores; nestes cursos debemos, pois, ofrecerlles os contidos, as estratexias, as condicións e as motivacións necesarias para que perfeccionen o coñecemento e o uso da lingua galega.

O enfoque que se dará ao ensino-aprendizaxe desta lingua debe ser funcional e comunicativo, polo tanto partiremos de situacións reais de comunicación nas que os/as alumnos/as participen como emisores/as e como destinatarios/as para posteriormente analízalas e conceptualízalas.

O ensino-aprendizaxe na lingua oral debe promover intercambios de comunicación reais e observar a fala dos/as alumnos/as para que reflexionen sobre os enunciados e sobre os usos lingüísticos coa finalidade de que melloren a súa competencia comunicativa.

O/a profesor/a insistirá en que deben expresar as ideas de forma coherente, cun léxico axeitado e preciso (de acordo co nivel), cunha dicción clara, etc; con este fin podemos utilizar recursos tan axeitados como a recitación de poemas ou a dramatización.

O /a profesor/a fomentará, tamén, a creatividade a través de temas diverxentes, do remuíño de ideas e da utilización de textos libres.

Na práctica da comunicación escrita o/a profesor/a deberá pór en marcha estratexias que axuden a entender o significado do texto como: sintetizar o tema, enumerar as ideas esenciais, esquematizalo, recoñecer a estrutura propia do tipo de texto.

O/a profesor/a procurará situacións de aprendizaxe, é dicir, situacións concretas de lingua que o alumnado deberá analizar e comentar e que, ao mesmo tempo, lle poidan servir para reflexionar sobre os compoñentes de natureza lingüística e textual coa finalidade de aplicalos na comprensión e na elaboración de textos.

A reflexión sobre lingua debe partir do texto e rematar no texto, considerando este a unidade lingüística máis complexa dentro da cal se atopan as outras unidades. A combinación das técnicas de exposición e da indagación, así como a secuencia e o deseño de actividades motivadoras, permitirán aos/as alumnos/as descubrir a estrutura desta unidade supraoracional que é o texto, e conseguir unha mellor competencia comunicativa tanto no que se refire á comprensión como á expresión.

A selección de textos (narrativos, descritivos, poéticos, dramáticos...) sobre os que se traballe debe adecuarse á bagaxe cultural dos/as alumnos/as, aos seus intereses e fomentar o seu espírito crítico; as proposicións e as indicacións do alumnado terán unha importancia especial á hora de facer esta selección de textos.

No referente ao estudo dos medios de comunicación (noticias), partiremos dos textos dos diferentes xornais que se reciben no Centro, para comentar as súas características e así fomentar o espírito crítico dos alumnos e das alumnas.

En conclusión, no proceso de ensino-aprendizaxe o/a profesor/a de lingua terá sempre presente que os coñecementos nunca se dan aillados senón formando sistemas coherentes entre si. A aprendizaxe non supón simplemente a modificación dun concepto descontextualizado (as obras dun/ha autor/a, as oracións gramaticais...), senón a reestruturación do esquema ou concepción previa noutra concepción diferente.

MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Proxecto ABALAR
- Libro de texto: *Lingua 1º ESO* da editorial ANAYA. Libro dixital e actividades web de todos os temas.
- Cadernos, dicionarios, normas ortográficas e morfolóxicas...

- Medios audiovisuais: películas, documentais e gravacións.
- Fondos da biblioteca do centro. Revistas, xornais...
- Recursos na rede: *webs*, *blogs*, dicionarios, enciclopedias, correctores ortográficos, bibliotecas, actividades interactivas...

AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación coma un proceso continuo que non se pode cingir nunca a unha proba única polo que é necesario diversificar as ferramentas de avaliación na procura dunha aprendizaxe progresiva e construtiva.

Procedementos de avaliación

- Observación do alumno na aula: participación activa nas actividades de oralidade e traballo na aula de forma individual ou en equipo.
- Traballo realizado na casa (deberes)
- Caderno de traballo do alumno: orde e claridade na presentación.
- Interese do alumno por asistir a clase co material necesario.
- Interese por realizar as tarefas no prazo programado.

Instrumentos de avaliación

- Exposicións orais (fonética e emprego do léxico).
- Redaccións e exercicios escritos.
- Lectura e expresión correcta.
- Dominio da ortografía.
- Exames e controis varios.

Criterios de cualificación e promoción do alumnado

- 10% da nota : libro de lectura.
- 20% da nota : caderno do alumno, deberes , participación na clase e presenza e coidado do material.
- 70% da nota: exames ou controis (orais ou escritos) dos contidos. Máximo, dous exames parciais por trimestre.

A avaliación será continua, pero para os que só suspendan a 3ª avaliación haberá un exame global.

ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

Non se dá neste curso esta situación.

AVALIACIÓN INICIAL

A principios de curso, realizarase unha avaliación inicial a fin de determinar o nivel de competencia do alumnado. Mediante unha proba adaptada ao nivel requerido, valorarse o seu nivel de comprensión e expresión oral e escrito, o que nos permitirá coñecer o nivel do que debemos partir e tomar as medidas pertinentes para tratar o caso do alumnado que presente carencias importantes. A proba consistirá nun texto sinxelo no que o alumno amosará os seus coñecementos previos a través de preguntas de comprensión e expresión oral e escrita sobre o texto. Isto permitiranos saber de que nivel habemos de partir e que alumnos deben reforzar as competencias básicas.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O/a profesor/a ten que ter presente que as diferenzas que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais e comúns, hai que considerar a necesidade de dispor de métodos de ensino alternativos, segundo a diversidade do alumnado e o ritmo de aprendizaxe.

Partindo do proxecto curricular, o profesorado realizará as adaptacións necesarias, tendo en conta os seguintes puntos:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propoñer actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexíbeis.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.
- Modificar a temporalización ou a orde dos contidos indicados nas unidades didácticas.

Ademais, neste curso **2018-19 está aprobado o desdobre de tres grupos** de 1º de ESO, que implicará a existencia de clases cun número máis reducido de alumnos/as e posibilitará unha

atención máis personalizada. Temos ademais **ACS** (adaptación curricular significativa) que ao longo do curso iremos valorando para realizar os cambios que sexan necesarios.

ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR (ELEMENTOS TRANSVERSAIS)

Lectura na aula 1 h semanal. Proposta de actividades:

- **Actividades “clásicas”:**

- Nunha hora de clase, o/a profesor/a acompaña ao alumnado á Biblioteca, para que cada quen elixa un libro. Cada alumno/a poderá cambiar de libro, se non lle agrada, durante os dous días seguintes. Rematado ese prazo, terá que ter decidido cal é a obra que vai ler nun prazo máximo de quince días. Durante ese período de tempo, nas horas que se adiquen á lectura, o alumnado levará á aula o seu libro e realizará unha lectura individual. Ao finalizar o tempo pactado previamente, tamén na hora de clase, cada alumno/a cubrirá dúas fichas iguais: unha para el/ela, outra para o profesor/a. Na ficha poderían aparecer os seguintes datos:

. TÍTULO:

. AUTOR/A:

. EDITORIAL:

. DATA DE COMEZO DA LECTURA:

. DATA DE REMATE DA LECTURA:

. CONSEGUICHES LER A OBRA COMPLETA? SI NON

. RESUME NUNHA FRASE DE QUE TRATA A OBRA: (Exemplo: *As aventuras dunha nena durante un verán / Os pensamentos que Artur ten cando os seus pais se separan*).

. RECOMENDARÍAS ESTE LIBRO AOS TEUS COMPAÑEIROS/AS? SI NON

. POR QUE?

Estas fichas serven para que tanto o alumno/a coma o profesor/a leven conta do progreso no hábito de lectura.

- Despois de que o profesor/a presente varias opcións de lecturas na aula (o título, un breve resume do argumento...), elíxese por maioría unha lectura común, á que se lle adicará un tempo. Será o profesor/a quen leve os exemplares da obra precisos á aula (un por cada dous alumnos/as). Durante as horas adicadas á lectura, lerase en alto esta obra, tentando que todos/as participen.

- Cada certo tempo, pode ser o profesor/a o que lea en alto (preferiblemente un relato). Trátase de que, tanto polo contido do texto elixido como pola forma de lelo, a historia resulte engaiolante para o alumnado. Haberá quen desexe escoitar “máis historias desas”, ou quen pregunte o nome do/a autor/a e queira ler pola súa conta outras obras do/a mesmo/a.

- Outra posibilidade é que un só libro rote pola aula. Comeza un a ler; cando decida, pásalle o libro a outro/a e así sucesivamente. O/A profesor/a tamén entra na rolda. Debemos tentar que todos/as entren nela.

- **Outras actividades posibles:**

- 1. Ler e comprender:**

- Despois de seleccionar con tento un relato, o/a profesor/a le en alto na aula, pedindo unha máxima concentración por parte do alumnado. Despois, de forma oral e entre todos/as, farase un comentario da lectura seguindo as pautas que marque o profesor/a. Exemplo: “Por que credes que o personaxe tal dixo isto?/ Que vos pareceu o final? Podería haber outro?”.

- Igual que o anterior, mais desta vez, a segunda parte da actividade (comprensión do texto) realízase por escrito. Unha posibilidade é que sexa un cuestionario tipo test no que o/a profesor/a sinala tres respostas incorrectas e unha correcta, en cada pregunta. Exemplo: “Onde se desenvolve esta historia?: **A** nun país imaxinario; **B** nunha cidade de Galicia; etc.”.

- Se o relato, poema, escena teatral... é breve, pódese tentar esta actividade: trala primeira lectura, o/a profesor/a advirte que vai volver ler o mesmo texto pero con 5 diferenzas con respecto á primeira lectura. Cada alumno/a anotará no seu caderno as diferenzas detectadas. Despois exporase na aula. Este é un exercicio que fomenta a **atención e concentración**.

- Semellante á actividade anterior, mais na segunda lectura, en vez de introducir 5 diferenzas, *borramos* certas palabras ou expresións, provocando espazos baleiros na lectura que o alumnado terá que encher no seu caderno. Malia que este exercicio, igual que o outro, podería realizarse con textos escritos, é interesante tamén que se leve a cabo de xeito oral: a maioría das clases baséanse na oralidade e un número importante de alumnos/as amosan dificultades de concentración, atención e entendemento ante o discurso oral.

- 2. Ler é divertido:**

- Neste apartado poderían incluírse un bo número de “xogos” que se relacionan entre si. Sinalamos unha mostra. É moi axeitado o texto teatral para este tipo de actividades, pero podemos empregar calquera texto, mesmo o xornalístico ou o propio libro de texto. Trátase de convertérmonos nun personaxe cunhas características determinadas que se sinalan previamente. Ao principio, abonda cun trazo peculiar dese personaxe, que terá que ler de acordo coa peculiaridade sinalada:

- ✓ é moi vello/a e non ten dentes,
- ✓ pronuncia de xeito característico o son “s”,
- ✓ ten o costume de incorporar o son que faría o obxecto ou a acción que nomea (ten teima polas onomatopeas); exemplo: escoitou petar na porta

(pum, pum, pum) / soou o teléfono (ring, ring, ring) / caeulle o libro ao chan (ploff) / botouse a rir (ge, ge, ge),

- ✓ cada vez que pronuncia unha palabra (por exemplo, “para”), espirra, poño por caso, ou tose, ou bocexa...,
- ✓ personaxe cantarín, que case converte o seu discurso nunha canción de “rap”,
- ✓ é un/ha neno/a mimoso/a, que arrastra as sílabas,
- ✓ ten a voz grave, gravísima,
- ✓ cada certo tempo introduce unha palabra ou unha expresión pola que sente predilección –retrouso- (por exemplo, “ou sexa”, “en fin”, “é dicir”, “sabes?”), é un extraterrestre ou un robot ou unha pantasma ou un político, ou mesmo, por ser estranxeiro, ten un aquel na fala...

ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC (ELEMENTOS TRANSVERSAIS)

O Proxecto ABALAR e o uso do libro dixital permiten ao alumno traballar con todo tipo de recursos dixitais nas distintas unidades, empregando as distintas tecnoloxías na búsqueda de información ademais de utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual.

OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS DURANTE O CURSO

- Educación moral e cívica.
- Educación viaria.
- Educación para a saúde.
- Educación para o consumo.
- Educación para a non-discriminación por razón de sexo.
- Educación sexual.
- Educación para a paz.
- Educación ambiental.
- Educación para a diversidade intercultural.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Realización de actividades ofertadas polo Concello de Ourense (visitas guiadas, MOTECES...).
- Asistencia a conferencias de autores/as lidos/as durante o curso.
- Conmemoración de diferentes datas ao longo do curso: 25 de novembro, Día da Muller Traballadora, Día do Libro, Semana das Letras Galegas...

- Participación no Concurso Literario do Centro que, dende hai anos, convoca o Departamento de Lingua Galega e Literatura con notable éxito.

MECANISMOS DE REVISIÓN , AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Estudaranse tras cada avaliación as porcentaxes de alumnos e alumnas que non alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe propostos, analizando as causas e propondo modificacións, se é o caso, na programación ou reforzando competencias básicas.

NIVEL: 2º ESO
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
PROFESORAS: Helena Alonso, Jaime Blanco, Concepción Fernández, Josefina Matanza, Pilar Prieto

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

- 1- Coñecer as características da linguaxe dos distintos medios de comunicación.
- 2- Analizar textos orais e escritos de medios de comunicación en formato dixital e en papel identificando as ideas principais, comprendendo o contido e procesando a información mediante distintas ferramentas.
- 3- Distinguir ámbitos diferentes en textos orais, coñecer as súas características e os trazos que os diferencian.
- 4- Sintetizar e procesar información dos textos orais.
- 5- Elaborar criterios para analizar de xeito crítico o propósito comunicativo dos distintos textos orais.
- 6- Elaborar argumentacións propias.
- 7- Recoñecer as informacións implícitas nun texto oral.
- 8- Coñecer e aplicar as regras fonéticas e prosódicas da lingua galega.
- 9- Amosar interese por elaborar producións propias con corrección gramatical, ortográfica e fonética.
- 10- Empregar os contidos traballados para producir textos orais propios con coherencia, cohesión e corrección. Utilizar correctamente nexos textuais de espazo, oposición e contraste así como os de cohesión textual.
- 11- Facer exposicións orais sobre temas diversos de xeito ordenado e coherente.
- 12- Coñecer e utilizar as TIC para mellorar as exposicións orais planificadas.
- 13- Elaborar opinións propias sobre distintos temas e expoñelas de xeito argumentado e ordenado segundo os distintos contextos.
- 14- Participar en debates, corrección de exercicios, diálogos ... expoñendo e argumentando as ideas propias.
- 15- Coñecer e aplicar técnicas de comunicación oral nas exposicións ou en situacións diversas falando en público, coidando a postura, a modulación da voz..
- 16- Desenrolar estratexias para comprender mensaxes orais e escritas en situacións onde hai dificultades de comprensión.

- 17- Utilizar recursos dixitais e libros de texto para resolver dúbidas sobre vocabulario ou estruturas lingüísticas necesarias.
- 18- Empregar os coñecementos da lingua para comprender e producir textos propios no contexto social no que nos desenvolvemos: diarios, cartas persoais , avisos e solicitudes.
- 19- Coñecer os elementos básicos dos textos instrutivos e expositivos en contextos educativos: webs educativas, dicionarios...e utilízalos para comprender a mensaxe utilizando as fontes de información con rigor.
- 20- Identificar e analizar as distintas fontes de información que son base esencial no proceso de adquisición de coñecementos.
- 21- Realizar lectura comprensiva de txtos diversos identificando ideas principais e secundarias, sintetizando e representando a información.
- 22- Realizar unha lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e a súa función.
- 23- Empregar estratexias metacognitivas para identificar canto e como aprendemos.
- 24- Coñecer os elementos esenciais e os tipos de noticias que aparecen nos medios de comunicación.
- 25- Elaborar noticias a partir dun modelo ou coñecementos adquiridos.
- 26- Producir en formato papel ou dixital textos de distintas tipoloxías: resumos, descrições...
- 27- Producir textos escritos para comunicar experiencias, ideas e pensamentos.
- 28- Enriquecer con cada temática o léxico, vocabulario e frases da linguaxe habitual .
- 29- Empregar con soltura e precisión dicionarios e fontes de consulta para comprender textos, enriquecer o vocabulario e contrastar a fiabilidades das fontes empregadas.
- 30- Coñecer e empregar as normas que regulan os textos orais e escritos.
- 31- Comprender que o uso das normas ortográficas e morfolóxicas son necesarias para o desenvolvemento da lingua.
- 32- Coñecer as normas de uso dos signos de puntuación e utilízalos en textos escritos con corrección.
- 33- Comprender a estrutura de substantivos e verbos .
- 34- Coñecer os elementos dunha oración desde o punto de vista sintáctico.Elaborar enunciados orais e escritos con estes coñecementos.
- 35- Realizar autoavaliacións sobre o traballo para mellorar a aprendizaxe.
- 36- Enriquecer a competencia lingüística co uso das distintas linguas en distintos contextos educativos.
- 37- Recoñecer a riqueza na diversidade cultural a través da lingua propia.
- 38- Reflexionar desde una perspectiva social, histórica e xeográfica sobre a situación sociolingüística da nosa lingua.

- 39- Coñecer a historia e as razóns das iniciativas normalizadoras da lingua galega e describir o marco legal das linguas do Estado español.
- 40- Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega de valorala como variante unificadora así como apreciar a variante diatópica propia.
- 41- Ler expresiva e comprensivamente en público textos diversos.
- 42- Coñecer as características de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros
- 43- Coñecer , identificar e interpretar recursos retóricos nos textos literarios.
- 44- Escribir con intención estética aplicando os coñecementos dos recursos literarios.
- 45- Distinguir os trazos da linguaxe cinematográfica, identificalos e analízalos en diferentes obras de cine.

CONTIDOS E OBXECTIVOS

Comprensión lectora

Texto oral. Texto narrativo. Texto descritivo. Texto poético. Texto dramático. Texto xornalístico. Textos expositivo. Texto instrutivo. Texto dialogado. **Obxectivos:** 1, 2, 3 ,19, 21, 22, 41.

Sociolingüística

A diversidade lingüística. As linguas da Península Ibérica. O marco legal das linguas. A lusofonía. O galego hoxe . Niveis de competencia. A valoración social da lingua. Normalización e normativización. Os préstamos. Os estranxeirismos. Os castelanismos. As variedades lingüísticas . As variedades xeográficas.

Obxectivos: 36, 37, 38, 39, 40.

Vocabulario

As viaxes. Os animais. A gastronomía e a hostelería. Os antropónimos. A comunicación. A navegación. Os medios de transporte. Os seres míticos. A paisaxe mariña . A paisaxe de montaña. O teatro e outros espectáculos. O vestiario e os complementos.

Obxectivos: 28, 29, 36.

Ortografía

A sílaba. Os ditongos, tritongos e hiatos. A acentuación: os casos especiais e o acento diacrítico. O uso das maiúsculas, dos punto, da coma , do punto e coma, dos puntos suspensivos , das comiñas e das raias. O uso do *b* e do *v*, do *h*, do *s* e do *x*, do *n* e do *ñ*. O uso correcto das vogais. Os grupos cultos.

Obxectivos: 10, 18, 31, 30, 32.

Gramática

Os fonemas. As palabras. O substantivo. O adxectivo. O pronome persoal. O verbo: verbos regulares e irregulares.

Sintaxe: a oración. O suxeito e o predicado. Os complementos. Tipos de oración.

Obxectivos: 10, 18, 30, 31, 33, 34.

Literatura

As características da literatura. Os xéneros literarios. O conto. A novela: o narrador, os personaxes, o espazo e o tempo. A poesía lírica: as formas poéticas e a linguaxe poética. O xénero dramático: a representación teatral. A literatura, cine e música.

Obxectivos: 9, 42, 43, 44, 45.

Fonética

Producións orais emitidas con fonética e prosodia correctas. **Obxectivos:** 8, 9, 22.

Obradoiro

Traballar con textos narrativos, poéticos e teatrais. Crear textos narrativos, poéticos e teatrais. Traballar a expresión oral. Elaborar esquemas e resumos. **Obxectivos:** 2, 4, 5, 6, 10, 11, 13, 14, 18, 27, 44.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Comprensión lectora

- 1- Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.
- 2- Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.
- 3- Comprender, interpretar e sintetizar textos sinxelos pertencentes a distintos ámbitos como á vida cotiá e ás relación sociais.
- 4- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.
- 5- Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifiestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.

Sociolingüística

- 1- Coñecer e valorar a riqueza das linguas entendendo o plurilingüismo como unha riqueza cultural e social.

- 2- Identificar as linguas do Estado e coñecer a súa situación sociolingüística e legal.
- 3- Coñecer a presenza da lingua galega máis alá das fronteiras xeográficas.
- 4- Entender o que é a lusofonía.
- 5- Distinguir entre préstamos necesarios e préstamos innecesarios (estranxeirismos). Identificalos.
- 6 - Saber o que son os castelanismos, identificalos e corrixilos.
- 7 - Identificar e clasificar as variantes diafásicas, recoñecer os trazos da variedade estándar .
- 8- Entender o que é un prexuízo e identificalo na práctica lingüística.
- 9- Desenvolver actitudes positivas cara á lingua galega.
- 10- Introducir brevemente ao alumno nos procesos de normalización e normativización.
- 11- Coñecer os mecanismos que rexen o uso correcto tanto oral como escrito da lingua.

Vocabulario

1. Seguir ampliando e coñecer o vocabulario básico referido aos campos semánticos máis comúns.
2. Usar os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta, tanto papel como soporte electrónico, para enriquecer o noso vocabulario.

Ortografía

- 1- Usar o dicionario e técnicas TIC así como outros soportes, como fonte de consulta para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.
- 2- Diferenciar entre sílabas tónicas e sílabas átonas, e identificar ditongos tritongos e hiatos.
- 3- Coñecer algúns casos especiais de acentuación e de acento diacrítico.
- 4- Usar correctamente as grafías de b e do v, do s e do x, do n e do ñ e as distintas vogais así como algúns grupos cultos.
- 5-Coñecer os signos de puntuación e as regras que rexen o seu uso. Usalos correctamente.

Gramática

- 1- Coñecer os fonemas máis característicos do galego. Distinguir entre fonema e grafía.
- 2- Coñecer os constituíntes da palabra e distinguir os tipos de palabras segundo a súa estrutura.
- 3- Identificar as distintas clases de palabras.
- 4- Recoñecer semanticamente e formalmente os substantivos e clasificalos. Desde o punto de vista sintáctico; identificar a frase nominal.

- 5- Identificar o xénero dos substantivos e coñecer e aplicar as regras de formación do número.
- 6- Identificar o xénero e o número dos adxectivos cualificativos e os graos comparativos. Desde o punto de vista sintáctico, identificar a frase adxectiva.
- 7- Coñecer e identificar as formas átonas e tónicas do pronome persoal.
- 8- Identificar o que é un verbo, os seus constituíntes e conxugar os verbos regulares e algúns irregulares.

Literatura

- 1- Coñecer as características do texto literario e algúns dos recursos literarios máis utilizados.
- 2- Coñecer os distintos xéneros literarios e os seus trazos máis característicos.
- 3- Introducir ao alumno no xénero narrativo a partir do conto. Analizar os elementos do xénero narrativo: personaxes, espazo e tempo. Diferenciar os distintos tipos de novela.
- 4- Comprender as características dos distintos tipos de textos (narrativos, descritivos, xornalísticos, instrutivos, dramáticos e poéticos)
- 5- Coñecer as características do texto poético e algúns dos recursos estilísticos máis empregados.
- 6- Coñecer as características do texto dramático e algúns dos subxéneros.
- 7- Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.
- 8- Diferenciar as ideas principais e as secundarias. Sintetizar o sentido global dun texto.

Fonética

- 1- Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.
- 2- Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- 3- Producir textos orais cunha pronuncia e prosodia correcta.

Sintaxe

- 1- Diferenciar frase nominal de frase adxectiva.
- 2- Coñecer os elementos dunha oración: suxeito, predicado e complementos (CD, CI, CC, suplemento, CA, atributo e C. Predicativo).
- 3- Coñecer e identificar as distintas modalidades de oración.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (nomenclatura)

CL: comunicación lingüística, **CMCT:** competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, **CD:** competencia dixital, **AA:** aprender a aprender, **CSC:** competencias sociais e cívicas, **SIEE:** sentido de iniciativa e espírito emprendedor; **CEC:** conciencia e expresións culturais.

a- Comprensión lectora:

- 1- Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, seguindo os patróns fonéticos do galego. **Competencias claves:** CL.
- 2- Analiza o contido e sintetiza o mesmo mediante subliñados, esquemas e resumos. **Competencias clave:** CL, AA.
- 3- Comprende e interpreta textos axeitados ao seu nivel, diferencia as ideas principais das secundarias e elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto. **Competencias clave:** CL.
- 4- Utiliza os coñecementos lingüísticos desenvolvidos no curso para mellorar a comprensión e produción de distintos textos. **Competencias clave:** CL, AA.
- 5- Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios. Expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos dun texto. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto, respectando as opinións dos demais. **Competencias clave:** CL,CSC.

b- Sociolingüística:

- 1- Comprende o que é o plurilingüismo e valora a riqueza cultural e social que aporta. **Competencias clave:** CL, CEC, CSC.
- 2- Identifica as linguas do Estado e coñece a grandes trazos a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais. **Competencias clave:** CL, CEC, CSC.
- 3- Coñece os territorios nos que se fala galego máis alá das fronteiras xeográficas. **Competencias clave:** CL, CEC.
- 4- Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófana e coñece os territorios que a integran. **Competencias clave:** CCL, CCEC.
- 5- Coñece o que é un préstamo e sabe distinguir entre préstamos necesarios e préstamos innecesarios ou estranxeirismos. **Competencias clave:** CL.
- 6- Analiza a súa práctica lingüística e sabe identificar e corrixir un castelanismo. **Competencias clave:** CL.

- 7- Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego. Recoñece os trazos da variedade estándar e valóraa como variante unificadora. **Competencias clave:** CCL.
- 8- Sabe o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos na súa práctica lingüística. **Competencias clave:** CCL, CSC.
- 9- Valora a lingua como sinal de identidade dun pobo, expresión de todos os saberes e medio de relación interpersonal. **Competencias clave:** CCL.
- 10- Coñece as principais iniciativas normalizadoras e valora a importancia de contribuír individualmente e socialmente á normalización da lingua galega. **Competencias clave:** CCL, CSC.
- 11- Coñece os mecanismos que rexen o uso correcto tanto oral como escrito da lingua. **Competencia clave:** CL, CSC.

c- Vocabulario:

- 1- Coñece o vocabulario básico referido aos campos semánticos máis comúns e emprégao correctamente nun rexistro axeitado á situación. **Competencias clave:** CL.
- 2- Utiliza o dicionario e calquera outra fonte de consulta, tanto papel como soporte electrónico, para construír textos orais e escritos axeitados á situación comunicativa cun vocabulario amplo e preciso. **Competencias clave:** CL, CD, AA.

d- Ortografía:

- 1- Manexa o dicionario, ademais doutros soportes, para resolver dúbidas, obtendo a información lingüística buscada. **Competencias clave:** CL, CD.
- 2- Clasifica as palabras segundo o número de sílaba, diferencia entre sílaba tónica e sílaba átona, e sabe distinguir entre ditongo, tritongo e hiato. **Competencias clave:** CL.
- 3- Aplica na súa práctica lingüística as regras de acentuación e coñece algúns dos casos especiais de acentuación e de acentuación diacrítica máis usuais que tamén aplica na escrita. **Competencias clave:** CL.
- 4- Utiliza correctamente as grafías do b e do v, do s e do x, do n e do ñ ademais dos grupos cultos máis comúns, evitando interferencias co castelán. **Competencias clave:** CL.
- 5- Coñece os signos de puntuación e as regras que rexen o seu uso, aplícaas na práctica. **Competencias clave:** CL.

e- Gramática:

- 1- Coñece os fonemas máis característicos do galego e distingue entre fonema e grafía establecendo a relación que hai entre ambos. **Competencias clave:** CL.
- 2-3 Segmenta unha palabra nos seus constituíntes e segundo a súa estrutura sabe diferenciar entre palabras simples, derivadas e compostas. **Competencias clave:** CL.

4-Recoñece semanticamente un substantivo e clasificación. Identifica a frase nominal.

Competencias clave: CL.

5-Coñece o xénero dos substantivos e sabe formar o seu número. **Competencias clave:** CL.

6-Coñece e aplica a formación do xénero e do número no adxectivo cualificativo. Identifica a frase adxectiva. **Competencias clave:** CL.

7-Coñece e identifica as formas átonas e tónicas do pronome persoal. **Competencias clave:** CL.

8-Identifica o que é un verbo, os seus constituíntes e conxuga os verbos regulares e algúns dos irregulares de uso máis frecuente. **Competencias clave:** CL.

f- Literatura:

1- Recoñece as características dun texto literario e identifica algúns dos recursos máis utilizados.**Competencias clave:** CL, CSC, AA.

2- Coñece os distintos xéneros literarios e os seus trazos máis característicos.

Competencias clave: CL, AA, CSC.

3- Sabe recoñecer un texto narrativo e distinguir nel os elementos que o definen: narrador, personaxes, espazo e tempo. Diferencia entre novela e conto. Crea contos sinxelos seguindo as estratexias indicadas.**Competencias clave:** CL, AA, SIEE, CEE.

4- Comprende as características dos distintos tipos de textos e elabora textos sinxelos adecuados á súa idade e nivel. **Competencias clave:** CL, AA, SIEE, CEC.

5- Nun texto poético mide os versos, recoñece os tipos de estrofas estudados así como algunhas figuras literarias como a metáfora e crea pequenos poemas nos que aplica os trazos aprendidos.**Competencias clave:** CL, AA, CEC.

6- Identifica un texto dramático coas súas características definitorias.Coñece algúns dos subxéneros. **Competencias clave:** CL.

7- Produce textos propios seguindo as estratexias creativas aprendidas. **Competencias básicas:** CL, CEC, CD.

8- Comprende, interpreta e sintetiza textos breves e de distinta tipoloxía, diferenciando as ideas principais e as secundarias. **Competencias clave:** CL, CEC.

g- Fonética:

1-2 a/ Valora a emisión dunha pronuncia correcta e recoñece os erros de produción oral propia e allea buscando correxilos.

b/ Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se asocian á pronuncia.

c/ Usa a variedade dialectal da súa zona e asúmea sen prexuízos.

Competencias clave: CL, AA.

3- Produce textos orais cunha pronuncia e prosodia correctas nas súas intervencións orais, respectando as regras morfosintácticas da lingua.

Competencias clave: CL, AA.

h-Sintaxe:

- 1- Distingue frase nominal de frase adxectiva.
- 2- Distingue entre frase, enunciado e oración. Recoñece as funcións sintácticas de suxeito, predicado e complementos máis usuais.
- 3- Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos.

Competencias clave: CL.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN

1ª AVALIACIÓN

- Vocabulario: as viaxes.
- Os fonemas.
- A sílaba. Ditongos, tritongos e hiatos.
- A diversidade lingüística.
- As características da literatura.
- Vocabulario: os animais.
- As palabras.
- Os casos especiais de acentuación.
- As linguas da Península Ibérica.
- Os xéneros literarios.
- A exposición oral.
- Vocabulario: a gastronomía e a hostelería.
- O substantivo.
- O acento diacrítico.
- A situación legal das linguas.
- O conto. A narración de contos.
- Vocabulario: os antropónimos.
- O adxectivo.
- As maiúsculas.
- A lusofonía.
- A novela.
- A cohesión textual.

2ª AVALIACIÓN

- **Vocabulario:** a comunicación.
- O pronome persoal.
- Punto, coma e punto e coma.
- O galego hoxe: Niveis de competencia.
- O narrador.
- O esquema.
- **Vocabulario:** a navegación.
- O verbo.
- Dous puntos, puntos suspensivos, comiñas e raias.
- A valoración social da lingua.
- Personaxes, espazo e tempo.
- O mapa conceptual.
- **Vocabulario:** Os medios de transporte.
- Verbos regulares e irregulares.
- O uso do b e do v.
- Normalización e normativización.
- A poesía lírica.
- O resumo.
- **Vocabulario:** os seres míticos.
- A oración.
- Uso do h.
- Os préstamos.
- As formas poéticas.

3ª AVALIACIÓN

- **Vocabulario:** a paisaxe mariña.
- O suxeito e o predicado.
- O uso do s e do x.
- Os estranxeirismos.
- A linguaxe poética: as metáforas.
- **Vocabulario:** a paisaxe de montaña.
- O s complementos.
- O uso do n e do ñ.
- Os castelanismos.

- O xénero dramático.
- **O vocabulario:** o teatro e outros espectáculos.
- Os complementos.
- O uso correcto das vogais.
- As variedades lingüísticas.
- A representación teatral. A dramatización.
- **Vocabulario:** o vestiario e os complementos.
- As modalidades oracionais.
- Os grupos cultos.
- As variedades xeográficas.
- Literatura, cine e música.
- Os acrósticos.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Lectura: lectura fluída e comprensiva de textos sinxelos. Lectura dos libros programados.

Expresión: elaborar textos orais e escritos axeitados ao seu nivel. Identificar as ideas principais e secundarias nos mesmos. Sintetizar o sentido global dun texto. Na expresión escrita, redactar correctamente textos procurando manter a coherencia e aplicando os conceptos básicos de lingua estudados.

Ortografía : emprego correcto das distintas grafías, signos de puntuación e acentos.

Gramática: identificar e empregar correctamente as distintas clases de palabras, centrándose no substantivo, adxectivo, pronome persoal e verbo. Identificar e conxugar os verbos regulares e os irregulares de uso frecuente.

Sociolingüística: coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España, fundamentalmente da lingua galega. Coñecer a historia e as razóns das iniciativas normalizadoras da lingua galega. Identificar e clasificar as variantes do galego.

Vocabulario: recoñecer e empregar correctamente palabras de uso común dos campos semánticos estudados durante o curso.

Literatura: comprender diferentes textos literarios tendo en conta o estudado: tipos de texto, estrutura, personaxes...

Fonética: Recoñecer a fonética da lingua galega e empregala correctamente nas mensaxes orais.

Sintaxe: Diferenciar enunciado, frase e oración. Identificar frase nominal e frase adxectiva. Identificar as funcións básica: suxeito, predicado e complementos máis comúns. Distinguir os distintos tipos de oración.

METODOLOXÍA

Os principios xerais da aprendizaxe significativa, e, en particular, a situación na que se atopa o noso idioma, condicionan a metodoloxía a aplicar nesta materia.

Para que a aprendizaxe da lingua sexa significativa debe existir unha acomodación entre a estrutura cognitiva do/a alumno/a e os valores, ideas, conceptos ou actitudes que ten que asimilar. Para isto hai que ter en conta os coñecementos ou actitudes previas dos/as alumnos/as como resultado de experiencias anteriores adquiridas dentro ou fóra da escola.

Cada vez que o/a profesor/a de lingua comeza o seu labor cun grupo de alumnos/as ten que partir dos preconceitos, ideas, valores ou coñecementos previos que teñen os escolares.

Os/as alumnos/as que chegan ao 2º curso de ESO, recibiron ensino en galego en anos anteriores; nestes cursos debemos, pois, ofrecerlles os contidos, as estratexias, as condicións e as motivacións necesarias para que perfeccionen o coñecemento e o uso da lingua galega.

O enfoque que se dará ao ensino-aprendizaxe desta lingua debe ser funcional e comunicativo, polo tanto partiremos de situacións reais de comunicación nas que os/as alumnos/as participen como emisores/as e como destinatarios/as para posteriormente analízalas e conceptualízalas.

O ensino-aprendizaxe na lingua oral debe promover intercambios de comunicación reais e observar a fala dos/as alumnos/as para que reflexionen sobre os enunciados e sobre os usos lingüísticos coa finalidade de que melloren a súa competencia comunicativa.

O/a profesor/a insistirá en que deben expresar as ideas de forma coherente, cun léxico axeitado e preciso (de acordo co nivel), cunha dicción clara, etc; con este fin podemos utilizar recursos tan axeitados como a recitación de poemas ou a dramatización.

O /a profesor/a fomentará, tamén, a creatividade a través de temas diverxentes, do remuíño de ideas e da utilización de textos libres.

Na práctica da comunicación escrita o/a profesor/a deberá pór en marcha estratexias que axuden a entender o significado do texto como: sintetizar o tema, enumerar as ideas esenciais, esquematizalo, recoñecer a estrutura propia do tipo de texto.

O/a profesor/a procurará situacións de aprendizaxe, é dicir, situacións concretas de lingua que o alumnado deberá analizar e comentar e que, ao mesmo tempo, lle poidan servir para reflexionar sobre os compoñentes de natureza lingüística e textual coa finalidade de aplicalos na comprensión e na elaboración de textos.

A reflexión sobre lingua debe partir do texto e rematar no texto, considerando este a unidade lingüística máis complexa dentro da cal se atopan as outras unidades. A combinación das técnicas de exposición e da indagación, así como a secuencia e o deseño de actividades motivadoras, permitirán aos/ás alumnos/as descubrir a estrutura desta unidade supraoracional que é o texto, e conseguir unha mellor competencia comunicativa tanto no que se refire á comprensión como á expresión.

A selección de textos (narrativos, descritivos, poéticos, dramáticos...) sobre os que se traballe debe adecuarse á bagaxe cultural dos/as alumnos/as, aos seus intereses e fomentar o seu espírito crítico; as proposicións e as indicacións do alumnado terán unha importancia especial á hora de facer esta selección de textos.

No referente ao estudo dos medios de comunicación (noticias), partiremos dos textos dos diferentes xornais que se reciben no Centro, para comentar as súas características e así fomentar o espírito crítico dos alumnos e das alumnas.

En conclusión, no proceso de ensino-aprendizaxe o/a profesor/a de lingua terá sempre presente que os coñecementos nunca se dan aillados senón formando sistemas coherentes entre si. A aprendizaxe non supón simplemente a modificación dun concepto descontextualizado (as obras dun/ha autor/a, as oracións gramaticais...), senón a reestruturación do esquema ou concepción previa noutra concepción diferente.

MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Proxecto ABALAR
- Libro de texto: *Lingua 2ª ESO* da editorial ANAYA. Libro dixital e actividades web de todos os temas.
- Cadernos, dicionarios, normas ortográficas e morfolóxicas...
- Medios audiovisuais: películas, documentais e gravacións.
- Fondos da biblioteca do centro. Revistas, xornais...
- Recursos na rede: *webs, blogs*, dicionarios, enciclopedias, correctores ortográficos, bibliotecas, actividades interactivas...

AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación coma un proceso continuo que non se pode cingir nunca a unha proba única polo que é necesario diversificar as ferramentas de avaliación na procura dunha aprendizaxe progresiva e construtiva.

Procedementos de avaliación

- Observación do alumno na aula: participación activa nas actividades de oralidade e traballo na aula de forma individual ou en equipo.
- Traballo realizado na casa (deberes).

- Caderno de traballo do alumno: orde e claridade na presentación.
- Interese do alumno por asistir a clase co material necesario.
- Interese por realizar as tarefas no prazo programado.

Instrumentos de avaliación

- Exposicións orais (correcta fonética e emprego do léxico).
- Exercicios escritos realizados polos alumnos.
- Lectura e expresión correcta.
- Dominio da ortografía.
- Exame e controis varios: un deles do libro programado, non podendo aprobar a avaliación sen telo lido.

Criterios de cualificación e promoción do alumnado

- 10% da nota : libro de lectura. O alumno que non supere o control do libro de lectura correspondente, suspenderá a avaliación. No caso de ser reiterativo, poderá suspender o curso e deberá superar a devandita proba na avaliación de setembro
- 20% da nota : caderno do alumno, deberes , participación na clase e presenza e coidado do material.
- 70% da nota: exames ou controis (orais ou escritos) dos contidos. Máximo, dous exames parciais por trimestre.

A avaliación será continua, pero para os que só suspendan a 3ª avaliación haberá un exame global.

ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

A materia de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo a adquisición e mellora da competencia comunicativa e, polo tanto, desenvólvese de maneira progresiva nas diferentes etapas do ensino. Deste xeito, os/as alumnos/as que aproben o curso actual terán tamén superada a materia do curso pendente.

De todos modos, coa finalidade de facilitar a recuperación da materia pendente, o profesorado recomenda a todos/as os/as alumnos/as realizar un traballo continuado durante o curso sobre dita materia.

Para isto, o alumnado terá **dúas** opcións:

- Realización de dous exames eliminatorios de toda a materia sobre os contidos mínimos.
 - Datados exames: 4ª semana de xaneiro e 4ª semana de abril (datas aproximativas).
 - Os exames terán lugar no horario normal de clases, de non ser posible, terán lugar pola tarde.
- Actividades de reforzo para realizar semanalmente na casa que serán corrixiadas polo/a profesor/a do curso actual e realización de 2 exames eliminatorios de toda a materia sobre os contidos mínimos.
 - Criterios de avaliación:
 - Actividades de reforzo: 30% da cualificación.
 - Exame: 70% da cualificación.

O/a profesor/a da materia dará toda a información necesaria, resolverá dúbidas, entregará modelos de exame coas posíbeis preguntas, recordará as datas dos exames e os criterios de cualificación.

A cada alumno/a pendente entregaráselle unha copia deste texto e outra dos contidos mínimos.

AVALIACIÓN INICIAL

A principios de curso, realizarase unha avaliación inicial a fin de determinar o nivel de competencia do alumnado. Mediante unha proba adaptada ao nivel requerido, valorase o seu nivel de comprensión e expresión oral e escrito, o que nos permitirá coñecer o nivel do que debemos partir e tomar as medidas pertinentes para tratar o caso do alumnado que presente carencias importantes. A proba consistirá nun texto sinxelo no que o alumno amosará os seus coñecementos previos a través de preguntas de comprensión e expresión oral e escrita sobre o texto. Isto permitiranos saber de que nivel hemos de partir e que alumnos deben reforzar as competencias básicas.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O/a profesor/a ten que ter presente que as diferenzas que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais e comúns, hai que considerar a necesidade de dispor de métodos de ensino alternativos, segundo a diversidade do alumnado e o ritmo de aprendizaxe.

Partindo do proxecto curricular, o profesorado realizará as adaptacións necesarias, tendo en conta os seguintes puntos:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.

- Propoñer actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexíbeis.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.
- Modificar a temporalización ou a orde dos contidos indicados nas unidades didácticas.

Ademais, neste curso **2018-19 está aprobado o desdobre de 4 grupos** de 2º de ESO, que implicará a existencia de clases cun número máis reducido de alumnos/as e posibilitará unha atención máis personalizada.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR (ELEMENTOS TRANSVERSAIS)

Lectura na aula 1 h semanal. Proposta de actividades:

- **Actividades “clásicas”:**

Nunha hora de clase, o/a profesor/a acompaña ao alumnado á Biblioteca, para que cada quen elixa un libro. Cada alumno/a poderá cambiar de libro, se non lle agrada, durante os dous días seguintes. Rematado ese prazo, terá que ter decidido cal é a obra que vai ler nun prazo máximo de quince días. Durante ese período de tempo, nas horas que se adiquen á lectura, o alumnado levará á aula o seu libro e realizará unha lectura individual. Ao finalizar o tempo pactado previamente, tamén na hora de clase, cada alumno/a cubrirá dúas fichas iguais: unha para el/ela, outra para o profesor/a. Na ficha poderían aparecer os seguintes datos:

- . TÍTULO:
- . AUTOR/A:
- . EDITORIAL:
- . DATA DE COMEZO DA LECTURA:
- . DATA DE REMATE DA LECTURA:
- . CONSEGUICHES LER A OBRA COMPLETA? SI NON
- . RESUME NUNHA FRASE DE QUE TRATA A OBRA: (Exemplo: *As aventuras dunha nena durante un verán / Os pensamentos que Artur ten cando os seus pais se separan*).
- . RECOMENDARÍAS ESTE LIBRO AOS TEUS COMPAÑEIROS/AS? SI NON
- . POR QUE?

Estas fichas serven para que tanto o alumno/a coma o profesor/a leven conta do progreso no hábito de lectura.

Despois de que o profesor/a presente varias opcións de lecturas na aula (o título, un breve resumo do argumento...), elíxese por maioría unha lectura común, á que se lle adicará un tempo. Será o profesor/a quen leve os exemplares da obra precisos á aula (un por cada dous alumnos/as). Durante as horas adicadas á lectura, lerase en alto esta obra, tentando que todos/as participen.

Cada certo tempo, pode ser o profesor/a o que lea en alto (preferiblemente un relato). Trátase de que, tanto polo contido do texto elixido como pola forma de lelo, a historia resulte engaiolante para o alumnado. Haberá quen desexe escoitar “máis historias desas”, ou quen pregunte o nome do/a autor/a e queira ler pola súa conta outras obras do/a mesmo/a.

Outra posibilidade é que un só libro rote pola aula. Comeza un a ler; cando decida, pásalle o libro a outro/a e así sucesivamente. O/A profesor/a tamén entra na rolda. Debemos tentar que todos/as entren nela.

- **Outras actividades posibles:**

1. Ler e comprender:

Despois de seleccionar con tento un relato, o/a profesor/a le en alto na aula, pedindo unha máxima concentración por parte do alumnado. Despois, de forma oral e entre todos/as, farase un comentario da lectura seguindo as pautas que marque o profesor/a. Exemplo: “Por que credes que o personaxe tal dixo isto?/ Que vos pareceu o final? Podería haber outro?”.

Igual que o anterior, mais desta vez, a segunda parte da actividade (comprensión do texto) realízase por escrito. Unha posibilidade é que sexa un cuestionario tipo test no que o/a profesor/a sinala tres respostas incorrectas e unha correcta, en cada pregunta. Exemplo: “Onde se desenvolve esta historia?: **A** nun país imaxinario; **B** nunha cidade de Galicia; etc.”.

Se o relato, poema, escena teatral... é breve, pódese tentar esta actividade: trala primeira lectura, o/a profesor/a advirte que vai volver ler o mesmo texto pero con 5 diferenzas con respecto á primeira lectura. Cada alumno/a anotarás no seu caderno as diferenzas detectadas. Despois exporase na aula. Este é un exercicio que fomenta a **atención e concentración**.

Semellante á actividade anterior, mais na segunda lectura, en vez de introducir 5 diferenzas, *borramos* certas palabras ou expresións, provocando espazos baleiros na lectura que o alumnado terá que encher no seu caderno. Malia que este exercicio, igual que o outro, podería realizarse con textos escritos, é interesante tamén que se leve a cabo de xeito oral: a maioría das clases baséanse na oralidade e un número importante de alumnos/as amosan dificultades de concentración, atención e entendemento ante o discurso oral.

2. Ler é divertido:

Neste apartado poderían incluírse un bo número de “xogos” que se relacionan entre si. Sinalamos unha mostra. É moi axeitado o texto teatral para este tipo de actividades, pero podemos empregar

calquera texto, mesmo o xornalístico ou o propio libro de texto. Trátase de convertérmonos nun personaxe cunhas características determinadas que se sinalan previamente. Ao principio, abonda cun trazo peculiar dese personaxe, que terá que ler de acordo coa peculiaridade sinalada:

- ✓ é moi vello/a e non ten dentes,
- ✓ pronuncia de xeito característico o son “s”,
- ✓ ten o costume de incorporar o son que faría o obxecto ou a acción que nomea (ten teima polas onomatopeas); exemplo: escoitou petar na porta (pum, pum, pum) / soou o teléfono (ring, ring, ring) / caeulle o libro ao chan (ploff) / botouse a rir (ge, ge, ge),
- ✓ cada vez que pronuncia unha palabra (por exemplo, “para”), espirra, poño por caso, ou tose, ou bocexa...,
- ✓ personaxe cantarín, que case converte o seu discurso nunha canción de “rap”,
- ✓ é un/ha neno/a mimoso/a, que arrastra as sílabas,
- ✓ ten a voz grave, gravísima,
- ✓ cada certo tempo introduce unha palabra ou unha expresión pola que sente predilección –retrouso- (por exemplo, “ou sexa”, “en fin”, “é dicir”, “sabes?”), é un extraterrestre ou un robot ou unha pantasma ou un político, ou mesmo, por ser estranxeiro, ten un aquel na fala...

ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC (ELEMENTOS TRANSVERSAIS)

O Proxecto ABALAR e o uso do libro dixital permiten ao alumno traballar con todo tipo de recursos dixitais nas distintas unidades, empregando as distintas tecnoloxías na búsqueda de información ademais de utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual.

OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS DURANTE O CURSO

- Educación moral e cívica.
- Educación viaria.
- Educación para a saúde.
- Educación para o consumo.
- Educación para a non-discriminación por razón de sexo.
- Educación sexual.
- Educación para a paz.

- Educación ambiental.
- Educación para a diversidade intercultural.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Realización de actividades ofertadas polo Concello de Ourense (visitas guiadas, MOTECES...).
- Asistencia a conferencias de autores/as lidos/as durante o curso.
- Conmemoración de diferentes datas ao longo do curso: 25 de novembro; Día da Muller Traballadora; Día do Libro; Semana das Letras Galegas...
- Participación no Concurso Literario do Centro que, dende hai anos, convoca o Departamento de Lingua Galega e Literatura con notable éxito.

MECANISMOS DE REVISIÓN , AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Estudaranse tras cada avaliación as porcentaxes de alumnos e alumnas que non alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe propostos, analizando as causas e propondo modificacións, se é o caso, na Programación ou reforzando as competencias básicas con novas actividades.

NIVEL: 2º ESO
<u>MATERIA:</u> OBRADOIRO DE COMUNICACIÓN ORAL
PROFESORES: Helena Alonso

1. Obxectivos

- Ler comprensivamente textos de distinta tipoloxía: literarios (poesía, relato, texto dramático), xornalísticos, expositivos, argumentativos, prescritivos...
- Saber comunicar o que se le ou escoita, despois de telo comprendido.
- Ler expresivamente coidando a dicción, entoación e ritmo. Decatarse de que o significado da mensaxe depende non só do seu contido, senón tamén da forma de ser expresada.
- Comprender textos orais de diferente índole percibindo o funcionamento da linguaxe oral, que dependerá da situación comunicativa concreta.
- Producir enunciados e discursos orais atendendo á intención comunicativa. Por exemplo, elaborar réplicas nos diálogos improvisados para diferentes situacións comunicativas, ou

planificar o discurso oral coidando de que a estrutura e organización se adecúen á súa finalidade.

- Relacionar a estrutura do discurso oral co texto escrito: división en parágrafos, organización dos enunciados que compoñen o parágrafo...
- Interese por mellorar a capacidade expresiva, tanto no que se refire á competencia lingüística como aos recursos non verbais.
- Interese por enriquecer o vocabulario habitual como un medio de mellorar a capacidade comunicativa.
- Interese por fomentar o grao de atención, observación e concentración, entendendo que, de o conseguir, obteranse máis recursos para comprender as mensaxes diversas.
- Interese por fomentar a capacidade memorística, sabendo da súa utilidade, e non só para o proceso de aprendizaxe.

2. Contidos conceptuais

Tendo en conta o sinalado na Introducción, o currículo será desenvolvido de forma práctica, non teórica e, polo tanto, os contidos conceptuais seguintes serán un referente, non un fin en si mesmos:

- Os elementos da comunicación.
- As funcións da linguaxe.
- Os rexistros lingüísticos.
- O monólogo.
- O diálogo.
- A poesía: ritmo e entoación.
- Novela, relato, conto: punto de vista, espazo, tempo e estrutura.
- Peculiaridades do texto dramático: entre a literatura e o espectáculo.
- Tipoloxía textual.
- Propiedades textuais.
- Análise textual: relación orde-significado.
- Campos semánticos: o corpo humano, a familia, a casa, a cidade, a paisaxe...
- Morfosintaxe: o substantivo, o adxectivo, os determinantes, os pronomes, o verbo regular, os adverbios, os conectores.

3. Contidos procedementais

- Actividades de presentación coas que trataremos de coñecernos a nós propios e coñecer os demais para formar “grupo” e conseguir un ambiente agradable na aula, indispensable para o desenvolvemento deste currículo. Despois da reflexión individual previa, expresaremos, empregando distintos xogos e instrumentos, as nosas reflexións sobre distintos temas, os nosos soños, as nosas inquedanzas...
- Lectura en voz alta de textos (literarios ou non).
- Actividades para medir o grao de comprensión dos diferentes textos.
- Actividades para medir o grao de atención, observación e concentración que posuímos como receptores das mensaxes orais.
- Exposicións e postas en común para explicarmos e comentar o lido, despois de comprendelo.
- Actividades para mellorar a nosa habilidade lectora e ampliar os recursos expresivos.
- Identificar distintos tipos de discurso oral (espontáneo e planificado) comprendendo o funcionamento da linguaxe oral en cada caso.
- Improvisar discursos orais dada unha situación comunicativa, na que se pretende conseguir unha finalidade concreta, previamente sinalada.
- Xogos de simulación nos que o alumno/a, converténdose nun personaxe cunhas características sociais, culturais, profesionais..., terá que adecuar o seu discurso ao perfil sinalado, empregando un determinado vocabulario e rexistro lingüístico.
- Contacontos: actividades diversas nas que o alumnado contará en público contos, anécdotas, lendas ou experiencias reais ou inventadas, empregando distintos puntos de vista e diferentes técnicas orais. Poderemos empregar, ao principio, modelos cos que contaremos, por exemplo, con posibles estruturas de presentación, desenvolvemento e desenlace.
- Recitado, dramatización e memorización de poesías breves de diferente temática: satírico-burlescas, sociais, intimistas... para axeitar a entoación e o ritmo aos diferentes contidos.
- Dramatización e memorización de textos teatrais breves.
- Improvisacións dramáticas que parten de: situacións, espazos, personaxes, obxectos, palabras... determinadas.
- Exposición de un ou varios discursos planificados cos que o alumnado ha de ter conta de que a súa estrutura e o seu desenvolvemento se axeiten á finalidade do mesmo: convencer, informar, criticar...
- Actividades de escrita, que se realizarán puntualmente tanto para trasladar o realizado oralmente e levar a cabo a análise comparativa, como para potenciar a escrita creativa.

4. Contidos actitudinais

- Interese por participar activamente na formación dun grupo e un ambiente agradable na aula.
- Interese por saber comunicar pensamentos, sentimentos, experiencias, e por escoitar con respecto aos demais.
- Interese por mellorar a habilidade e o hábito lectores: ser conscientes das nosas dificultades e querer solventalas.
- Interese por comprender todo tipo de discursos, orais ou escritos, entendendo que repercutirá favorablemente na nosa formación, tanto académica como persoal, e que nos servirá para estar máis e mellor comunicados.
- Procurar o pracer da lectura e a riqueza que conleva.
- Interese por ampliar os nosos recursos expresivos, tanto verbais como non verbais, para todo tipo de situacións comunicativas, que facilitará a relación positiva e eficaz, máis pracenteira, co noso contorno.
- Interese por desenvolver habilidades básicas: memoria, concentración, capacidade de síntese..., entendendo que isto repercutirá positivamente na aprendizaxe e na nosa formación integral.
- Ser consciente da importancia dunha presentación coidada nos traballos escritos, respectando as marxes e as sangrías, procurando unha letra clara e realizando unha boa estruturación por parágrafos.
- Interese por afastarse dos tópicos, procurando unha óptica propia, creativa, tanto nos traballos orais coma escritos.

5. Criterios de avaliación

- Para avaliar a lectura comprensiva de textos de distinta tipoloxía, despois de varias prácticas, fundamentalmente orais, realizarase unha proba: despois de ler en alto un texto, o alumnado contestará por escrito un cuestionario sobre as ideas principais do mesmo. Esta proba poderá consistir en determinar se son verdadeiras ou falsas as afirmacións, elixir entre varias opcións a verdadeira ou identificar a idea principal de cada parágrafo co fin de elaborar posteriormente un resumo.
- Para avaliar a capacidade de saber comunicar o lido ou escoitado, realizarase unha proba oral, na que o alumnado contestará unha serie de cuestións sobre o esencial do texto, ou exporá as ideas fundamentais do mesmo.
- Para avaliar a lectura expresiva, o alumnado deberá ler en alto, polo menos tres textos, a ser posible un poema, un conto ou relato curto e un breve texto dramático. Estes tres textos serán entregados o día antes da proba para que o alumnado poida preparalos.

- Para avaliar a capacidade de comprensión de textos orais de distinta tipoloxía, o alumnado deberá identificar as características básicas da linguaxe oral en cada tipo de discurso (planificado ou espontáneo) e identificar tamén a situación comunicativa.
- Para avaliar a produción de enunciados orais atendendo á intención comunicativa, o alumnado terá que elaborar réplicas nos diálogos improvisados ou planificar un discurso dada unha situación comunicativa concreta ou unha finalidade.
- Para avaliar a relación da estrutura do discurso oral co texto escrito, o alumnado deberá escribir algún dos discursos elaborados anteriormente coidando a presentación: marxes, sangría, división correcta en párrafos e orde dos mesmos.
- Para avaliar o interese por mellorar a capacidade expresiva, o profesorado terá que coñecer previamente a situación inicial de cada alumno/a e valorar a súa progresión tanto na expresión oral como na escrita, e mesmo na expresión non verbal. Será esta progresión e non unha proba concreta a que determine a cualificación neste apartado.
- Para avaliar o interese por enriquecer o vocabulario, o alumnado terá que empregar con corrección os novos termos que se vaian traballando na aula, relacionados cos distintos campos semánticos xa indicados. A este respecto, ao longo do curso, realizaranse probas concretas onde, dada unha situación comunicativa, o alumnado terá que improvisar un discurso incorporando un determinado número de palabras do campo traballado.
- Para avaliar o grao de atención, observación e concentración, realizaranse probas ao longo de todo o curso, que poden consistir en: identificar os cambios (nos diferentes elementos da comunicación, distinta intención comunicativa, estrutura, xénero...) nun discurso con respecto a outro anteriormente traballado; tamén se terá en conta a capacidade do alumnado, ao longo de todo o curso, para realizar o rol que lle corresponda nas diferentes situacións comunicativas: naturalidade, adecuación ao personaxe, respecto ás intervencións dos demais, capacidade de comunicar...
- Para avaliar o grao de memorización, realizaranse distintas probas ao longo do curso: recitado de poemas, exposición de discursos orais planificados, representación de escenas teatrais, etc.

6. Contidos mínimos esixibles

Mellorar nas destrezas básicas: falar, escoitar, ler expresiva e comprensivamente, e escribir.

➤ Falar

- Respetar a quenda.
- Defender a opinión sen agredir ao que pensa diferente.
- Empregar un léxico axeitado a cada situación comunicativa: evitar as palabras comodín, retrousos e palabras malsoantes.

- Estruturar cunha certa lóxica o discurso, segundo cada caso (primeiro pensar unha estrutura, e logo desenvolvela).
- Mellorar na fluidez expresiva.
 - **Escoitar**
 - Non interromper o discurso da outra persoa.
 - Evitar comentarios ferintes ou inapropiados, ou actitudes desprezativas, ante o discurso do/a outro/a.
 - Amosar atención e interese para intentar comprender o expresado polos demais.
 - **Ler**
 - Mellorar na dicción, entoación e ritmo.
 - Progresar na capacidade e rapidez de comprensión.
 - Mellorar no hábito de lectura.
 - **Escribir**
 - Concienciarse da importancia dunha boa presentación dos traballos escritos, respectando as marxes e a sangría, empregando unha letra clara, estruturando con corrección os parágrafos e facendo uso de distintos recursos para resaltar apartados, subapartados, etc.
 - Achegamento á escrita creativa: poemas, relatos, textos teatrais, noticias... empregando os recursos fundamentais propios de cada xénero, así como un correcto uso dos signos de puntuación básicos e os elementos esenciais da ortografía e a morfosintaxe.
- to dramático), xornalísticos, expositivos, argumentativos, prescritivos....
- Saber comunicar o que se le ou escoita, despois de telo comprendido.
- Ler expresivamente coidando a dicción, entoación e ritmo. Decatarse de que o significado da mensaxe depende non só do seu contido, senón tamén da forma de ser expresada.
- Comprender textos orais de diferente índole percibindo o funcionamento da linguaxe oral, que dependerá da situación comunicativa concreta.
- Producir enunciados e discursos orais atendendo á intención comunicativa. Por exemplo, elaborar réplicas nos diálogos improvisados para diferentes situacións comunicativas, ou planificar o discurso oral coidando de que a estrutura e organización se adecúen á súa finalidade.
- Relacionar a estrutura do discurso oral co texto escrito: división en parágrafos, organización dos enunciados que compoñen o parágrafo...
- Interese por mellorar a capacidade expresiva, tanto no que se refire á competencia lingüística como aos recursos non verbais.

- Interese por enriquecer o vocabulario habitual como un medio de mellorar a capacidade comunicativa.
- Interese por fomentar o grao de atención, observación e concentración, entendendo que, de o conseguir, obteranse máis recursos para comprender as mensaxes diversas.
- Interese por fomentar a capacidade memorística, sabendo da súa utilidade, e non só para o proceso de aprendizaxe.

PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO

MATERIA	Ámbito Lingüístico e social		
CURSO	1º Curso (2º ESO)		
PROFESOR/A(ES/AS)	Non impartido este curso		

INTRODUCCIÓN

A presente programación corresponde ao 1º curso do *Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento* para o Ámbito Lingüístico e Social, dirixido a alumnos que, por diversos motivos, presentan problemas de aprendizaxe con resultados académicos inferiores aos desexables e que, polo tanto, están expostos ao fracaso dentro da aula ordinaria.

O obxectivo fundamental deste programa é dar resposta ás necesidades educativas que estes alumnos teñen, cun seguimento e unha atención máis individualizada, e garantir que poidan acadar as competencias e os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria como o resto dos seus compañeiros, dotándoos dos instrumentos que lles permitan comprender os procesos sociais, opinar e intervir de forma crítica nos acontecementos da vida cotiá e gozar da cultura social.

O ámbito lingüístico e social abarca as materias de Lingua e Literatura Castelá, Lingua e Literatura Galega e Xeografía e Historia. Pero non se trata de proporcionar aos alumnos unha síntese apretada dos contidos das distintas materias senón de dotalos dunhas capacidades globais que lles permitan interpretar e resolver situacións e problemas mediante a súa participación e implicación. Empregaranse para tal fin metodoloxías activas e contextualizadas baseadas en estruturas de aprendizaxe cooperativa e todos aqueles métodos que poñan ao alumno no centro do proceso de ensinanza aprendizaxe como son os traballos en grupo ou o traballo.

CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

As distintas materias que compoñen o currículo do ámbito lingüístico e social contribúen á adquisición das seguintes competencias básicas

Contribución ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística en lingua galega e castelá

- A finalidade das materias de Lingua e Literatura galega e castelá é a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación, de comprensión da realidade, de coñecemento e de organización do pensamento.
- Comprender, saber analizar e elaborar textos orais e escritos de distinta índole relacionados co desenvolvemento da materia e cos contidos das diferentes materias do Ámbito:
 - Recoñecemento da tipoloxía dun texto: literario, científico...
 - Identificación do tema e das ideas principais.
 - División en parágrafos e organización das ideas dentro de cada parágrafo.
- Usar un vocabulario amplo e adecuado á situación comunicativa.
- Elaborar escritos relacionados cos contidos tratados durante o curso nas distintas materias, correctamente redactados e presentados.
- Evitar as incorreccións ortográficas e gramaticais usando adecuadamente as estruturas sintácticas e os signos de puntuación.
- Crear textos con intención estética, nos que se empreguen os coñecementos de teoría literaria aprendidos durante o curso.
- Realizar exposicións, coa axuda das TIC se fose pertinente, sobre noticias de actualidade, segundo un guión previamente elaborado.
- Desenvolver habilidades de escoita activa. Mostrar unha actitude de interese e de respecto ante as intervencións orais alleas.

- Ler textos de índole diversa (literarios ou non) en voz alta, cun grao aceptable de fluidez, procurando unha boa entoación e expresividade adecuada, respectando os signos de puntuación.

Contribución ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencias e tecnoloxías

- A materia de Ciencias Sociais contribúe ao desenvolvemento desta competencia xa que se fai necesario realizar operacións sinxelas, porcentaxes, uso de escalas numéricas e gráficas...

Contribución ao desenvolvemento da competencia dixital

- A búsqueda de información implica a utilización dunha serie de ferramentas: estritamente lingüísticas (dicionarios, correctores ortográficos...), literarias (bibliotecas, catálogos...) ou o uso de soportes electrónicos na composición de textos.
- Facer uso das TIC para ilustrar exposicións orais ou para a presentación de traballos escritos.
- En internet, coñecer enlaces de interese para obter todo tipo de información de carácter educativo (bibliotecas virtuais, portais educativos, periódicos).

Contribución ao desenvolvemento da competencia e actitudes para seguir aprendendo.

- A lingua galega e castelá, ademais de instrumentos de comunicación, son un medio de representación do mundo e están na base do pensamento e do coñecemento. O coñecemento das linguas proporciona o acceso ao saber e á construción do coñecemento e, a través de resumos, esquemas, mapas conceptuais... favorece o desenvolvemento de estratexias para pensar, organizar, memorizar e recuperar información.
- Saber facer uso dos distintos instrumentos de carácter educativo: dicionarios, enciclopedias, tradutores...
- Manter ordenado o caderno dedicado ao Ámbito Socio-Lingüístico: división en apartados segundo as materias, colocación das actividades no lugar correspondente e corrección diaria das mesmas.

- Elaborar esquemas e resumos que reflictan a comprensión das actividades realizadas e dos contidos tratados na aula.
- Traballar técnicas para mellorar a competencia lectora (tanto a velocidade e a fluidez como o grao de comprensión).
- A materia de Ciencias Sociais contribúe á adquisición de ferramentas que facilitan a aprendizaxe, ofrecendo posibilidades para buscar explicacións multicausais e predicir efectos dos fenómenos sociais.
- Revisar as anotacións e expor dúbidas sobre os contidos dados na aula, así como saber facer uso dos distintos instrumentos de carácter educativo: dicionarios, enciclopedias...

Contribución ao desenvolvemento das competencias interpersoais, interculturais e sociais da competencia cívica.

- A través das linguas adquirense habilidades que favorecen a comunicación e fan posible un maior entendemento entre as persoas.
- A formación lingüística constata a diversidade lingüística, a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e de representación.
- Desde as linguas galega e castelá, analízanse os modos en que a linguaxe transmite prexuízos e imaxes estereotipadas ao mundo, coa fin de contribuír á erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.
- As Ciencias Sociais, disciplinas que se encargan do coñecemento da evolución e organización das sociedades, permítenlle ao alumnado desenvolverse socialmente, entender a pluralidade das sociedades actuais e contribúe a crear actitudes que favorecerán a convivencia.
- Favorécese que o alumnado poida adquirir un maior grao de conciencia acerca da organización espacial das sociedades, das súas dimensións demográficas, económicas e sociais.
- Aprender a traballar en equipo, utilizar o diálogo para resolver conflitos, aprender a defender respectuosamente as opinións propias, evitar prexuízos e actitudes discriminatorias.
- Aproximarse á realidade social e económica de Galicia, de España e do mundo.

Contribución ao desenvolvemento da competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.

- Coñecer, coa axuda de mapas, as transformacións da organización territorial da Península Ibérica e analizar os movementos migratorios.
- Coñecer o mapa político de España: comunidades, provincias, capitais e illas.
- Explicar, a partir de pirámides, a poboación de España e das diferentes Comunidades Autónomas. Explicar as características da poboación europea.
- Localizar nun mapa os territorios onde se falan as linguas do mundo.
- Coñecer, coa axuda de mapas, os parques naturais de España e de Galicia, e situalos.
- A través de imaxes, coñecer as principais paisaxes humanizadas españolas.
- A través de esquemas e mapas situar as distintas etapas da Idade Media e os acontecementos máis significativos.

Contribución ao desenvolvemento da competencia de autonomía e iniciativa persoal.

- Identificar as propias capacidades e habilidades para sacar partido das mesmas.
- Expor opinións, aportar solucións, participar na resolución de conflitos, implicarse nas problemáticas que xurdan nos distintos ámbitos da vida.
- A materia de Ciencias Sociais favorece o desenvolvemento de procesos de toma de decisións, coa realización de debates e de traballos individuais e grupais.
- A lectura de obras literarias estimula a imaxinación e fomenta a creatividade, a participación en talleres de escritura, o uso progresivamente autónomo dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación e da biblioteca, para ir desenvolvendo unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas.
- Facer uso de estratexias persoais (de memorización, comprensión...) que poidan mellorar o proceso de aprendizaxe.
- Entender a autoavaliación como un instrumento para detectar os erros cometidos e así poder evitalos.

Contribución ao desenvolvemento da competencia cultural e artística.

As materias de Lingua e Literatura, a través da lectura, interpretación e valoración das obras literarias, proporcionan unha aproximación ao patrimonio artístico, literario e cultural.

- Proporcionan o coñecemento e a valoración da riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e a expresividade da fala popular.
- As Ciencias Sociais axudan a aprender a valorar o patrimonio cultural, a respectalo e a interesarse pola súa conservación.
- O estudo das distintas disciplinas do ámbito permite ao alumnado interesarse por aplicar nos propios textos as estruturas e os recursos que serven de modelo para fomentar a propia creatividade.

Obxectivos

- O obxectivo fundamental do *Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento* no Ámbito lingüístico e social é lograr que os alumnos desenvolvan as competencias lingüísticas básicas: escoitar, falar, ler e escribir, e que a partir delas sexan capaces de interpretar a realidade social de forma reflexiva e crítica, comunicándose e relacionándose cos demais, empregando correctamente os códigos da cultura social.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para adquirir novos coñecementos.
- Concebir o coñecemento científico e o humanístico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver e potenciar a confianza, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Valorar e respectar o patrimonio natural, cultural, lingüístico, artístico, histórico e social, asumindo as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora, apreciándoo como fonte de disfrute e utilizándoo como recurso para o desenvolvemento individual e colectivo.
- Realizar tarefas en grupo e participar en discusións e debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as súas opinións e

propostas e valorando a discrepancia e o diálogo como vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.

- Exercitar a autocrítica e fomentar a autoestima.
- Fortalecer as capacidades afectivas, desprezando a violencia e os prexuízos de calquera tipo e aprendendo a resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e do medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos (sempre no respecto a outras persoas), practicar a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, utilizar o diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e democrática.
- Obter e relacionar información verbal, icónica, estatística, cartográfica, etc. a partir de distintas fontes.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Comprender discursos orais e escritos nas dúas linguas, recoñecendo as súas diferentes finalidades e as situacións de comunicación en que se producen.
- Expresar, oralmente e por escrito, con coherencia e corrección lingüísticas, as propias ideas e opinións.
- Reflexionar sobre os elementos formais e os mecanismos da lingua nos seus planos fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual.
- Interpretar e producir textos literarios e de intención.
- Coñecer a organización política e territorial de Galicia e de España.
- Coñecer a información máis relevante relacionada coa poboación e a actividade económica en xeral. Recursos e actividades económicas en España e Galicia.
- Identificar e analizar as interaccións das sociedades co medio, e concienciarse das consecuencias económicas e medio-ambientais máis importantes.

Contidos

Comunicación (comprensión, expresión, creación):

Tipoloxía textual (texto oral / texto escrito). Textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos... Textos audiovisuais. Textos formais. Planificación do discurso.

Ortografía:

As convencións ortográficas en castelán e en galego. O alfabeto. Fonoloxía e ortografía. Sons e letras. A entoación. A sílaba. Acentuación. Acurtamentos, siglas, acrónimos, abreviaturas, símbolos. Uso das grafías. Os signos de puntuación.

Morfoloxía:

Tipos de palabras ou categorías gramaticais (substantivo, adxectivo ...).

Sintaxe:

O sintagma. Funcións oracionais. Clasificación das oracións.

Semántica (Léxico):

Formación de palabras: lexemas e morfemas. Clases de palabras segundo a súa estrutura (simples, compostas e derivadas). Relacións semánticas (monosemia, homonimia, sinonimia, antonimia). Cambios semánticos. Significado das palabras. Manexo do dicionario. Campo semántico e familia léxica. Vocabulario de distintos campos semánticos tanto do galego como do castelán.

Teoría e educación literaria:

Tª literaria.

Os xéneros literarios. Elementos narrativos. Lectura de textos narrativos, líricos e dramáticos da Literatura galega e castelá. Producción de textos con intención literaria. Análise dos temas, formas e recursos retóricos de obras lidas.

Sociolingüística

As linguas da Península Ibérica. A situación legal das linguas. A valoración social da lingua. As variedades lingüísticas. As variedades xeográficas. O proceso de normalización e normativización da lingua galega.

Xeografía e historia

A poboación europea, española e galega: características xerais. Os movementos migratorios. A acción humana sobre o territorio: os problemas medioambientais, a contaminación, o desenvolvemento sostible. As paisaxes naturais de España e de Galicia. A organización territorial A actividade económica. O proceso de urbanización. A Idade Media: subetapas e características xerais. A organización feudal. O proceso de conquista. A arte .O reino de Galicia.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓNS

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Comunicación oral en lingua galega e castelá

- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico.
- Realización de actividades (oralmente e por escrito) a partir dun texto lido pola profesora.
- Desenvolvemento de habilidades lingüísticas novas e enriquecemento do caudal de vocabulario, nas intervencións e exposicións breves nas que o alumnado ten que manifestar a súa opinión respecto a temas de actualidade.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita atenta en coloquios e debates que propicien a expresión libre de opinións, o interese, a cooperación e o respecto ante as intervencións orais dos demais.
- Realización de exercicios de exposición e participación en debates.

Comunicación escrita en lingua galega e castelá

- Realización de actividades a partir dun texto dado.
- Composición de textos narrativos e descritivos, ben presentados, nos que se respecten as normas ortográficas e gramaticais do galego e do castelán.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos sobre a organización política e territorial de Galicia.
- Comprensión de textos do ámbito académico: dicionarios, manuais...
- Utilización da axenda para anotar as tarefas diarias e elaborar un horario de traballo.

Coñecementos de Lingua galega e castelá

- **Comunicación (comprensión, expresión, creación):**

- Tipoloxía textual (texto oral / texto escrito).

- **Ortografía:**

- As convencións ortográficas en castelán e en galego.

- O alfabeto.

- Fonoloxía e ortografía. Sons e letras. A entoación.

- A sílaba.

- Acentuación.

- **Gramática:**

- *Morfoloxía*: Tipos de palabras ou categorías gramaticais (substantivo, adxectivo...)

- **Semántica (Léxico):**

- Formación de palabras: lexemas e morfemas.

- Clases de palabras segundo a súa estrutura (simples, compostas, derivadas...).

- **Teoría e educación literaria:**

- Características da literatura. Elementos narrativos. Os xéneros literarios.

- Lectura de textos narrativos da literatura galega e castelá.

- Producción de textos con intención literaria.

- Análise dos temas, formas e recursos retóricos das obras lidas.

Sociolingüística:

- As linguas da Península Ibérica. A situación legal das linguas. A valoración social da lingua.

Xeografía e historia

- As paisaxes naturais de España.

- A paisaxe natural galega.
- Estudo, distribución e evolución da poboación.
- Poboación española e galega.
- Os movementos migratorios.

SEGUNDA AVALIACIÓN

Comunicación oral en lingua galega e castelá

- Comprensión de textos lidos na aula, sobre temática relacionada coas materias do ámbito.
- Realización de exposicións breves, para pór en común as conclusións extraídas do traballo diario.
- Exposición sobre cuestións académicas e temas de actualidade con axuda das TIC.

Comunicación escrita en lingua galega e castelá

- Composición de textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos, ben presentados, nos que se respecten as normas ortográficas e gramaticais do galego e do castelán.
- Análise do contido mediante as técnicas de subliñado, localización do tema, resumo, esquema e mapa conceptual.
- Utilización da biblioteca e das TIC para obter información sobre os recursos, as actividades económicas en España e Galicia e elaborar textos escritos ben presentados e correctos.

Coñecemento da lingua galega e castelá

- **Comunicación (comprensión, expresión, creación):**
 - Tipos de modalidade discursiva: narración, descrición, diálogo.
 - Textos orais e estratexias para falar en público.
- **Ortografía:**
 - Normas ortográficas e gramaticais.
 - Uso das grafías.

- **Gramática:**

- *Morfoloxía*: Tipos de palabras ou categorías gramaticais (pronome, verbo...).
- *Sintaxe*: Os sintagmas. A oración.

- **Semántica (Léxico):**

- Relacións semánticas e cambios semánticos.
- Significado das palabras.
- Manexo do dicionario.
- Léxico castelán e galego.
- Campo semántico e familia léxica.

- **Teoría e educación literaria:**

- Redacción de textos de intención literaria, utilizando as convencións formais do xénero.
- Elementos narrativos.
- A poesía lírica. Métrica: o verso. Estrofas e poemas.

Xeografía:

- O espazo urbano e o proceso de urbanización en España e Galicia.
- O goberno das cidades.
- As cidades galegas.
- O poboamento rural e urbano en Galicia.

Sociolingüística:

- As variedades lingüísticas. As variedades xeográficas.

TERCEIRA AVALIACIÓN

Comunicación oral en lingua galega e castelá

- Participación en exposicións previamente planificadas, sobre temas de actualidade.
- Escoita atenta en coloquios e debates que propicien a expresión libre de opinións, o interese, a cooperación e o respecto ante as intervencións orais dos demais.

Comunicación escrita en lingua galega e castelá

- Composición de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións de comunicación.
- Creación de textos escritos e audiovisuais: narrativos, descritivos...
- Lectura, comprensión, produción e análise de textos escritos e audiovisuais de distinto tipo.

- **Ortografía:**

- Uso das grafías.
- Conectores textuais.
- Normas ortográficas e gramaticais.

- **Gramática:**

- *Morfoloxía*: Tipos de palabras ou categorías gramaticais (verbo, perífrases verbais, preposición, conxunción...).

- **Semántica (Léxico):**

- Léxico galego e castelán.

- **Teoría e educación literaria:**

- Lectura de textos da literatura galega e castelá.
- Produción de textos con intención literaria.
- A representación teatral.

- **Sociolingüística:**

- O proceso de normalización e normativización da lingua galega.

Historia

- Pobos bárbaros e reinos xermanos.
- A Europa feudal.
- A arte : románica e gótica.

METODOLOXÍA

Procúrase que os alumnos sexan protagonistas do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, estimulando a indagación persoal e o intercambio fluído de opinións.

Dado que a falta de hábito e técnicas de estudo e a desmotivación adoitan estar na orixe da problemática do alumnado que accede a este programa, búscase un clima de aprendizaxe afectiva e non excesivamente formalizada.

Preténdese que o proceso de aprendizaxe permita aos alumnos ir avanzando progresivamente, incrementando o seu saber e despertando a curiosidade intelectual e o sentido crítico.

Darase prioridade á comprensión dos contidos fronte á aprendizaxe mecánica. O alumno comprobará o interese e utilidade do aprendido mediante a resolución de casos prácticos.

Preténdese que a aprendizaxe sexa por descubrimento do propio alumnado, protagonista, desta forma, do seu propio proceso de adquisición de coñecementos.

Propónse unha metodoloxía activa que permita aos alumnos implicarse nas tarefas que realizan. Cómpre que os procedementos empregados sexan variados (evitar o aburrimiento, a rutina que distancia ou a monotonía do esperable) para procurar unha clase dinámica e áxil, compatible, porén, coa profundización nos diferentes temas e no traballo asumido con rigor.

O profesor explicará cando sexa preciso, para establecer un marco xeral, uns principios básicos que o alumnado debe coñecer ao traballar nun tema determinado, para informar daquilo que non se atope ao alcance do alumno, pero sobre todo o profesor deberá orientar e guiar (utilización da información, plantexamento e resolución de problemas).

Calquera metodoloxía empregada terá sentido sempre que sexa útil e adecuada, e isto só se poderá valorar na práctica, isto é a través da súa avaliación nos contextos prácticos da aula. Algúns principios que teremos en conta á hora de elixir os materiais para desenvolver as distintas unidades coa fin de reforzar a potencialidade didáctica das mesmas, son:

- Que teñan que ver cos intereses e preocupacións dos estudantes para conseguir a súa motivación e compromiso.
- Que permitan o papel activo do alumnado.
- Que impliquen ao alumnado coa realidade.
- Que estimulen ao alumnado a saber máis, a examinar máis, a buscar novas situacións e contextos, a empregar outros materiais.

- Que obriguen aos estudantes a repensar, revisar, perfeccionar os seus puntos de vista, opinar e tomar decisións.
- Que fagan reflexionar ao alumnado sobre outras miradas sobre o mundo, outras maneiras de ser, outras formas de facer...
- Que poidan ser empregados por estudantes con diversos niveis de capacidade e con intereses distintos.

MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

O formato de materiais empregados, será, seguindo estes criterios, flexible e esixirá un tratamento diferenciado en función das características do contexto de aplicación, sendo susceptible de ser modificado, ampliado...

A diversidade de materiais (textos escritos, prensa, mapas, música, fotografías, vídeos, dicionarios, planos...) ten relación coa diversidade de actividades (todo tipo de tarefas que se desenvolven na aula e fóra dela) encamiñadas a guiar e desenvolver o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Calquera das actividades propostas debe ter unha significación para o alumnado.

Para que a aprendizaxe sexa significativa e funcional son necesarias varias condicións: que os estudantes estean predispostos e interesados en aprender, que os novos contidos se adapten ás capacidades dos que aprenden, que as actividades que se realizan faciliten a comprensión dos novos contidos e, finalmente, que os suxeitos da aprendizaxe reelaboren ou reconstrúan as súas ideas iniciais en relación cos novos contidos. Tendo en conta isto, as actividades propostas deberán cumprir distintas funcións: motivación, avaliación inicial, información, comprensión, aplicación a novos contextos, avaliación das aprendizaxes, etc. Proporemos pois:

- Actividades de motivación.
- Actividades de achegamento de nova información, comprensión e aplicación.
- Actividades de síntese e revisión
- Actividades de autoavaliación.

A profesora deste Programa deberá estar moi atenta ás circunstancias e ao contexto que rodea ao alumnado para incorporar ou adecuar os contidos tanto conceptuais como procedementais e actitudinais ás necesidades puntuais que vaian xurdindo. Aproveitar os “imprevistos” do día a día.

- Manuais de Tipoloxía textual para Secundaria.
- Documentos e textos impresos: telegramas...

- Mapas mudos.
- Atlas (Xeografía e Historia).
- Vídeos.
- Libros de lectura (novela, poesía, teatro)
- Medios audiovisuais e das TIC, presentes no centro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os alumnos han de saber:

- Comprender os textos lidos en cada tema, indicar a súa tipoloxía, propiedades, modalidade discursiva; identificar partes e descubrir características aténdose aos valores lingüísticos e estéticos que presenta o fragmento.
- Expresarse con coherencia e corrección en galego e en castelán, adecuándose ás necesidades da situación comunicativa.
- Empregar adecuadamente as palabras aprendidas en cada unidade; resolver, coa axuda de dicionario, as cuestións propostas en cada tema.
- Construír textos en galego e en castelán, ortograficamente correctos.
- Producir textos escritos de diferentes tipos (narrativos, descritivos...) respectando a organización propia de cada xénero, os criterios de corrección e a acomodación á situación comunicativa.
- Coñecer os elementos formais do idioma: estruturas textuais, morfolóxicas e sintácticas.
- Expor oralmente un tema de forma ordenada e fluída adecuando a expresión á situación.
- Identificar e caracterizar as Comunidades Autónomas e cidades de España. Comprender a situación sociolingüística de Galicia.
- Coñecer os medios naturais, os recursos e as principais actividades económicas de España, de Galicia e de Europa, organizadas por sectores.
- Explicar conceptos básicos relacionados co estudo da poboación: poboación activa / inactiva...
- Coñecer o proceso de urbanización, en España e Europa, os seus pros e contras.

- Coñecer as características da Idade Media, as etapas que a configuran e os principais sucesos que nela ocorreron.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Mediante a observación do proceso de adquisición de coñecementos e de desenvolvemento de destrezas, así como a partir da análise das producións do estudante, o profesor leva a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno. A avaliación será continua e globalizadora: ademais das probas teranse en conta as actividades habituais do alumno na aula e a actitude ante a materia.

Análise e observación de:

- Exercicios sobre os contidos das unidades didácticas na clase e na casa (deberes).
- Interese e atención na clase.
- Participación.
- Presentación coidadosa de exercicios, exames e do caderno de traballo.
- Interese por asistir a clase co material necesario.
- Interese por realizar as tarefas no prazo sinalado.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Exercicios de lingua escrita feitos polos alumnos.
- Exposicións orais (propiedade e riqueza de léxico).
- Lectura e expresión correctas.
- Exames específicos para cada parte.
- Dominio da ortografía.

Tendo en conta as características especiais do *Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento*, cómpre contemplar:

- Avaliación do alumno.
- Avaliación do proceso de desenvolvemento do Programa.

A súa vez, a avaliación final terá que ser o resultado de:

- A autoavaliación do alumno.
- A avaliación do profesor.
- Avaliación externa.

A avaliación do alumno será continua, formativa e individual.

Tamén será indispensable valorar o progreso individual do alumnado e adaptar a ensinanza-aprendizaxe ás necesidades de cada uno dos alumnos para conseguir os obxectivos da etapa educativa.

Nos criterios de avaliación teranse en conta non só os contidos conceptuais senón tamén os contidos procedementais e actitudinais.

Teranse en conta e empregaranse tamén como instrumentos de avaliación:

- A participación do alumnado nas clases.
- O traballo realizado na aula de forma individual e grupal.
- Presencia do material necesario na aula.
- O traballo realizado na casa.
- O caderno do alumno coas correccións pertinentes.
- As probas orais e escritas.
- Os controis de lectura e o interese demostrado na adquisición dun hábito lector.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Valorarase:

- A) Cun 20 %:

- Exercicios sobre os contidos das unidades didácticas na clase e na casa (deberes).
- Interese e atención na clase.
- Participación.
- Presentación coidadosa de exercicios, exames.
- Interese por asistir a clase co material necesario.
- Interese por realizar as tarefas no prazo sinalado.
- Presentación ordenada e coidadosa do caderno.
- Estudo diario (chamadas de clase).

B) Co 20%:

- Exposicións orais.

C) Co 50 %:

- Contidos conceptuais correspondentes aos distintos bloques.

D) Co 10 %

- Lectura dunha selección de obras propostas, que teñen carácter obrigatorio.
- Ademais dos títulos de carácter obrigatorio, o profesor proporcionará unha lista de obras que os alumnos poderán ler de forma voluntaria, e de cuxa lectura e adecuada comprensión darán conta a través de exposicións orais. A adecuada defensa destas lecturas voluntarias poderá incrementar a nota de avaliación ata un máximo de 0,50 puntos.

Descontarase un 0,10 por erros ortográficos e un 0,15 por erros gramaticais nos textos escritos.

Para aprobar, o alumno terá que obter, como mínimo, un 1,75 no apartado “C” e ter superado o apartado “D”.

Despois de cada avaliación, ofrecerase a posibilidade de realizar un exame de recuperación dos contidos de Sociais. Ao final de curso haberá unha recuperación global dos contidos correspondentes ao apartado lingüístico e un exame das obras de lectura obrigatoria suspensas ao longo do curso.

A avaliación será continua, formativa e individual.

Será indispensable valorar o progreso individual, o interese do alumnado e o afán de superación demostrado polos alumnos.

A actitude positiva á hora de avaliar un alumno deste programa, subliñando os seus logros en cada momento, por pequenos que estes sexan, favorecerá a consecución dun dos obxectivos fundamentais deste Programa: a autoestima duns alumnos que, por teren fracasado a nivel escolar, non teñen seguridade nin confianza no traballo realizado, ni cren nas súas propias posibilidades.

PLAN DE SEGUIMIENTO E REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Os profesores farán, nas clases, actividades de repaso do curso anterior, o que servirá de posible recuperación para os alumnos coa materia pendente.

- Se un alumno aproba a materia do curso en que está matriculado, considerarase que supera a materia do curso pendente.
- Se un alumno non aproba a materia no curso en que está matriculado, pode, a xuízo do profesor correspondente, aprobar a do curso pendente.
- Se un alumno non aproba a materia no curso en que está matriculado, nin a xuízo do profesor pertinente, aproba a do curso anterior, terá un exame de recuperación da materia pendente no mes de maio e outro en setembro, como estipula a lexislación.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Asistencia a Representacións teatrais.
- Asistencia a Recitais poéticos.
- Participación en Actividades complementarias: Campaña de Animación á Lectura.

TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA

A creación e consolidación do hábito lector nos alumnos abordarase na área de lingua galega con diversidade de estratexias, medios e actividades:

- Lecturas en cada unidade que fomenten o pracer, desenvolvan a imaxinación, proporcionen información e creen sensibilidade estética.
- Orientación para lecturas dentro do Proxecto lector do Centro.
- Orientación para a lectura voluntaria de obras pertencentes ao patrimonio literario.
- Fomento do hábito de utilizar a biblioteca escolar e os seus recursos como apoio no proceso de aprendizaxe.
- Visitas frecuentes á biblioteca e uso dos seus recursos.
- Lecturas de obras completas adecuadas á idade.
- Orientación para lecturas de carácter voluntario.

TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC

Para conseguir a competencia dixital, os alumnos usarán as TIC para:

- Buscar información para a realización de actividades e pequenos traballos de investigación.
- Precisar e adquirir novos coñecementos.
- Realizar exercicios interactivos (especialmente na área de Ciencias Sociais).
- Elaborar e transmitir información tanto en papel como en soporte dixital.
- Desenvolver o hábito lector e o espírito crítico ante as diferentes mensaxes.
- Usar as TIC para coñecer as diferentes culturas e desenvolver actitudes tolerantes e solidarias.

PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO

MATERIA	Ámbito Lingüístico e social		
CURSO	2º Curso (3º ESO)		
PROFESOR/A(ES/AS)	Este curso non se imparte.		

INTRODUCCIÓN

A presente programación corresponde ao 2º curso do *Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento* para o Ámbito Lingüístico e Social, dirixido a alumnos que, por diversos motivos, presentan problemas de aprendizaxe con resultados académicos inferiores aos desexables e que, polo tanto, están expostos ao fracaso dentro da aula ordinaria.

O obxectivo fundamental deste programa é dar resposta ás necesidades educativas que estes alumnos teñen, cun seguimento e unha atención máis individualizada, e garantir que poidan acadar as competencias e os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria como o resto dos seus compañeiros, dotándoos dos instrumentos que lles permitan comprender os procesos sociais, opinar e intervir de forma crítica nos acontecementos da vida cotiá e gozar da cultura social.

O ámbito lingüístico e social abarca as materias de Lingua e Literatura Castelá, Lingua e Literatura Galega e Xeografía e Historia. Pero non se trata de proporcionar aos alumnos unha síntese apretada dos contidos das distintas materias senón de dotalos dunhas capacidades globais que lles permitan interpretar e resolver situacións e problemas mediante a súa participación e implicación. Empregaranse para tal fin metodoloxías activas e contextualizadas baseadas en estruturas de aprendizaxe cooperativa e todos aqueles métodos que poñan ao alumno no centro do proceso de ensinanza aprendizaxe como son os traballos en grupo ou o traballo.

CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

As distintas materias que compoñen o currículo do ámbito lingüístico e social contribúen á adquisición das seguintes competencias básicas

Contribución ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística en lingua galega e castelá

- A finalidade das materias de Lingua e Literatura galega e castelá é a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación, de comprensión da realidade, de coñecemento e de organización do pensamento.
- Comprender, saber analizar e elaborar textos orais e escritos de distinta índole relacionados co desenvolvemento da materia e cos contidos das diferentes materias do Ámbito:
 - Recoñecemento da tipoloxía dun texto: literario, científico...
 - Identificación do tema e das ideas principais.
 - División en parágrafos e organización das ideas dentro de cada parágrafo.
- Usar un vocabulario amplo e adecuado á situación comunicativa.
- Elaborar escritos relacionados cos contidos tratados durante o curso nas distintas materias, correctamente redactados e presentados.
- Evitar as incorreccións ortográficas e gramaticais usando adecuadamente as estruturas sintácticas e os signos de puntuación.
- Crear textos con intención estética, nos que se empreguen os coñecementos de teoría literaria aprendidos durante o curso.
- Realizar exposicións, coa axuda das TIC se fose pertinente, sobre noticias de actualidade, segundo un guión previamente elaborado.
- Desenvolver habilidades de escoita activa. Mostrar unha actitude de interese e de respecto ante as intervencións orais alleas.
- Ler textos de índole diversa (literarios ou non) en voz alta, cun grao aceptable de fluidez, procurando unha boa entoación e expresividade adecuada, respectando os signos de puntuación.

Contribución ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencias e tecnoloxías

- A materia de Ciencias Sociais contribúe ao desenvolvemento desta competencia xa que se fai necesario realizar operacións sinxelas, porcentaxes, uso de escalas numéricas e gráficas...

Contribución ao desenvolvemento da competencia dixital

- A búsqueda de información implica a utilización dunha serie de ferramentas: estritamente lingüísticas (dicionarios, correctores ortográficos...), literarias (bibliotecas, catálogos...) ou o uso de soportes electrónicos na composición de textos.
- Facer uso das TIC para ilustrar exposicións orais ou para a presentación de traballos escritos.
- En internet, coñecer enlaces de interese para obter todo tipo de información de carácter educativo (bibliotecas virtuais, portais educativos, periódicos).

Contribución ao desenvolvemento da competencia e actitudes para seguir aprendendo.

- A lingua galega e castelá, ademais de instrumentos de comunicación, son un medio de representación do mundo e están na base do pensamento e do coñecemento. O coñecemento das linguas proporciona o acceso ao saber e á construción do coñecemento e, a través de resumos, esquemas, mapas conceptuais... favorece o desenvolvemento de estratexias para pensar, organizar, memorizar e recuperar información.
- Saber facer uso dos distintos instrumentos de carácter educativo: dicionarios, enciclopedias, tradutores...
- Manter ordenado o caderno dedicado ao Ámbito Socio-Lingüístico: división en apartados segundo as materias, colocación das actividades no lugar correspondente e corrección diaria das mesmas.
- Elaborar esquemas e resumos que reflectan a comprensión das actividades realizadas e dos contidos tratados na aula.
- Traballar técnicas para mellorar a competencia lectora (tanto a velocidade e a fluidez como o grao de comprensión).

- A materia de Ciencias Sociais contribúe á adquisición de ferramentas que facilitan a aprendizaxe, ofrecendo posibilidades para buscar explicacións multicausais e predicir efectos dos fenómenos sociais.
- Revisar as anotacións e expor dúbidas sobre os contidos dados na aula, así como saber facer uso dos distintos instrumentos de carácter educativo: dicionarios, enciclopedias...

Contribución ao desenvolvemento das competencias interpersoais, interculturais e sociais da competencia cívica.

- A través das linguas adquirense habilidades que favorecen a comunicación e fan posible un maior entendemento entre as persoas.
- A formación lingüística constata a diversidade lingüística, a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e de representación.
- Desde as linguas galega e castelá, analízanse os modos en que a linguaxe transmite prexuízos e imaxes estereotipadas ao mundo, coa fin de contribuír á erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.
- As Ciencias Sociais, disciplinas que se encargan do coñecemento da evolución e organización das sociedades, permítenlle ao alumnado desenvolverse socialmente, entender a pluralidade das sociedades actuais e contribúe a crear actitudes que favorecerán a convivencia.
- Favorécese que o alumnado poida adquirir un maior grao de conciencia acerca da organización espacial das sociedades, das súas dimensións demográficas, económicas e sociais.
- Aprender a traballar en equipo, utilizar o diálogo para resolver conflitos, aprender a defender respectuosamente as opinións propias, evitar prexuízos e actitudes discriminatorias.
- Aproximarse á realidade social e económica de Galicia, de España e do mundo.

Contribución ao desenvolvemento da competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.

- Coñecer, coa axuda de mapas, as transformacións da organización territorial e analizar os movementos migratorios.
- Explicar, a través de gráficos, a evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.
- Definir “desenvolvemento sostible” e describir conceptos relacionados con el.
- Localizar nun mapa os territorios onde se falan as linguas do mundo.
- Explicar, a través de gráficos, a actividade económica ou a densidade demográfica de países ou áreas xeográficas.
- A través de esquemas e mapas situar as distintas etapas da Idade Moderna e os acontecementos máis significativos.

Contribución ao desenvolvemento da competencia de autonomía e iniciativa persoal.

- Identificar as propias capacidades e habilidades para sacar partido das mesmas.
- Expor opinións, aportar solucións, participar na resolución de conflitos, implicarse nas problemáticas que xurdan nos distintos ámbitos da vida.
- A materia de Ciencias Sociais favorece o desenvolvemento de procesos de toma de decisións, coa realización de debates e de traballos individuais e grupais.
- A lectura de obras literarias estimula a imaxinación e fomenta a creatividade, a participación en talleres de escritura, o uso progresivamente autónomo dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación e da biblioteca, para ir desenvolvendo unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas.
- Facer uso de estratexias persoais (de memorización, comprensión...) que poidan mellorar o proceso de aprendizaxe.
- Entender a autoavaliación como un instrumento para detectar os erros cometidos e así poder evitalos.

Contribución ao desenvolvemento da competencia cultural e artística.

As materias de Lingua e Literatura, a través da lectura, interpretación e valoración das obras literarias, proporcionan unha aproximación ao patrimonio artístico, literario e cultural.

- Proporcionan o coñecemento e a valoración da riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e a expresividade da fala popular.
- As Ciencias Sociais axudan a aprender a valorar o patrimonio cultural, a respectalo e a interesarse pola súa conservación.
- O estudo das distintas disciplinas do ámbito permite ao alumnado interesarse por aplicar nos propios textos as estruturas e os recursos que serven de modelo para fomentar a propia creatividade.

Obxectivos

- O obxectivo fundamental do *Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento no Ámbito lingüístico e social* é lograr que os alumnos desenvolvan as competencias lingüísticas básicas: escoitar, falar, ler e escribir, e que a partir delas sexan capaces de interpretar a realidade social de forma reflexiva e crítica, comunicándose e relacionándose cos demais, empregando correctamente os códigos da cultura social.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para adquirir novos coñecementos.
- Concebir o coñecemento científico e o humanístico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver e potenciar a confianza, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Valorar e respectar o patrimonio natural, cultural, lingüístico, artístico, histórico e social, asumindo as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora, apreciándoo como fonte de disfrute e utilizándoo como recurso para o desenvolvemento individual e colectivo.
- Realizar tarefas en grupo e participar en discusións e debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as súas opinións e

propostas e valorando a discrepancia e o diálogo como vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.

- Exercitar a autocrítica e fomentar a autoestima.
- Fortalecer as capacidades afectivas, desprezando a violencia e os prexuízos de calquera tipo e aprendendo a resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e do medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos (sempre no respecto a outras persoas), practicar a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, utilizar o diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e democrática.
- Obter e relacionar información verbal, icónica, estatística, cartográfica, etc. a partir de distintas fontes.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Comprender discursos orais e escritos nas dúas linguas, recoñecendo as súas diferentes finalidades e as situacións de comunicación en que se producen.
- Expresar, oralmente e por escrito, con coherencia e corrección lingüísticas, as propias ideas e opinións.
- Reflexionar sobre os elementos formais e os mecanismos da lingua nos seus planos fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual.
- Interpretar e producir textos literarios e de intención.
- Coñecer a información máis relevante relacionada coa poboación e a actividade económica en xeral. Recursos e actividades económicas en España e no mundo.
- Identificar e analizar as interaccións das sociedades co medio, e concienciarse das consecuencias económicas e medio-ambientais máis importantes á vez que as medidas para tratar de superar os desequilibrios creados.
- Situar cronoloxicamente a Idade Moderna para coñecer os acontecementos máis relevantes que nela tiveron lugar e as consecuencias que orixinaron.

Contidos

Comunicación (comprensión, expresión, creación):

Tipoloxía textual (texto oral / texto escrito). Textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos... Textos audiovisuais. Textos formais. Presentacións orais. Planificación do discurso oral. Propiedades dos textos.

Ortografía:

As convencións ortográficas en castelán e en galego.

Morfoloxía:

Tipos de palabras ou categorías gramaticais (substantivo, adxectivo ...).

Sintaxe:

As relacións gramaticais: grupo nominal, adxectivo, preposicional, verbal e adverbial. Oración simple: suxeito e predicado. Complementos verbais. Oracións impersoais. Oracións activas e pasivas.

Semántica (Léxico):

A palabra: o significado. Denotación e connotación. Relacións semánticas (monosemia, homonimia, sinonimia, antonimia). Cambios semánticos: causas e mecanismos. Metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos. Manexo do dicionario. Campo semántico e familia léxica. Vocabulario de distintos campos semánticos tanto do galego como do castelán.

Educación literaria

Introdución á literatura española do “Siglo de Oro”. Obras e autores máis representativos nos distintos xéneros. Aproximación a “O Lazarillo” e “O Quixote” a partir da lectura das obras. Introdución á literatura galega da Idade Media. Cantigas. O Rexurdimento: obras e autores máis representativos . Produción de textos con intención literaria. Análise dos temas, formas e recursos das obras lidas.

Sociolingüística

A realidade plurilingüe de España. Linguas e dialectos: distribución xeográfica, orixes e trazos diferenciais. Linguas en contacto: os prexuízos lingüísticos.

Xeografía e historia

A poboación mundial. Os movementos naturais, as migracións. A actividade económica. Os sistemas económicos. Os sectores económicos. Os espazos xeográficos segundo a súa actividade económica. A cidade e o proceso de urbanización. As desigualdades socioeconómicas no mundo.

A Idade Moderna (ata o século XVIII): os descubrimentos xeográficos, as monarquías modernas e as súas políticas. A arte nestes séculos.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓNS

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Comunicación oral en lingua galega e castelá

- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico.
- Realización de actividades (oralmente e por escrito) a partir dun texto lido pola profesora.
- Desenvolvemento de habilidades lingüísticas novas e enriquecemento do caudal de vocabulario, nas intervencións e exposicións breves nas que o alumnado ten que manifestar a súa opinión respecto a temas de actualidade.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita atenta en coloquios e debates que propicien a expresión libre de opinións, o interese, a cooperación e o respecto ante as intervencións orais dos demais.
- Realización de exercicios de exposición e participación en debates.

Comunicación escrita en lingua galega e castelá

- Realización de actividades a partir dun texto dado.
- Composición de textos narrativos e descritivos, ben presentados, nos que se respecten as normas ortográficas e gramaticais do galego e do castelán.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos sobre a organización política e territorial de Galicia.
- Comprensión de textos do ámbito académico: dicionarios, manuais...
- Utilización da axenda para anotar as tarefas diarias e elaborar un horario de traballo.

Coñecementos de Lingua galega e castelá

● Comunicación (comprensión, expresión, creación):

- Tipoloxía textual (texto oral / texto escrito).

- **Ortografía:**

- As convencións ortográficas en castelán e en galego.
- O alfabeto.
- Fonoloxía e ortografía. Sons e letras. A entoación.
- A sílaba.
- Acentuación.

- **Gramática:**

- *Morfoloxía*: Tipos de palabras ou categorías gramaticais (substantivo, adxectivo...)

- **Semántica (Léxico):**

- O significado: denotación e connotación.
- Relacións semánticas.
- Cambios semánticos: causas e mecanismos.
- Léxico de distintos campos semánticos.

- **Teoría e educación literaria:**

- Introducción á literatura española do “Siglo de Oro”: autores e obras máis representativos nos distintos xéneros. O Barroco. A literatura renacentista.
- Lectura, comprensión e valoración de “O Lazarillo”.
- Lectura e comprensión de textos dramáticos, líricos e narrativos deste período.
- Producción de textos con intención literaria.
- Análise dos temas, formas e recursos retóricos das obras lidas.

- **Sociolingüística:**

- A realidade plurilingüe de España. Linguas e dialectos: distribución xeográfica, orixes e trazos diferenciais.

Xeografía e historia

- A poboación mundial.
- Os movementos naturais: as migracións.
- As actividades económicas: áreas produtoras do mundo.
- Os sistemas económicos.

SEGUNDA AVALIACIÓN

Comunicación oral en lingua galega e castelá

- Comprensión de textos lidos na aula, sobre temática relacionada coas materias do ámbito.
- Realización de exposicións breves, para pór en común as conclusións extraídas do traballo diario.
- Exposición sobre cuestións académicas e temas de actualidade con axuda das TIC.

Comunicación escrita en lingua galega e castelá

- Composición de textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos, ben presentados, nos que se respecten as normas ortográficas e gramaticais do galego e do castelán.
- Análise do contido mediante as técnicas de subliñado, localización do tema, resumo, esquema e mapa conceptual.
- Utilización da biblioteca e das TIC para obter información sobre os recursos, as actividades económicas en España e Galicia e elaborar textos escritos ben presentados e correctos.

Coñecemento da lingua galega e castelá

- **Comunicación (comprensión, expresión, creación):**
 - Tipos de modalidade discursiva: narración, descrición, diálogo.
 - Textos orais e estratexias para falar en público.
- **Ortografía:**
 - Normas ortográficas e gramaticais.
 - Uso das grafías.
- **Gramática:**
 - *Morfoloxía*: Tipos de palabras ou categorías gramaticais (pronome, verbo...).
 - *Sintaxe*: grupo nominal, adxectivo, preposicional, verbal e adverbial. Oración simple. Oracións impersoais. Oracións activas e pasivas.
- **Semántica (Léxico):**
 - Metáfora, metonimia, palabra tabú e eufemismos.
 - Manexo do dicionario.
 - Léxico.
 - Campo semántico e familia léxica.

- **Teoría e educación literaria:**

- Lectura, comprensión e valoración de “O Quixote”.
- Redacción de textos de intención literaria, utilizando as convencións formais do xénero.
- Introducción á literatura galega da Idade Media.
- As Cantigas: xéneros.

Xeografía:

- Os sectores económicos: sector primario, secundario e terciario. Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvemento sostible.
- A cidade e o proceso de urbanización.
- A Idade Moderna: o Renacemento e o Humanismo.
- Os descubrimentos xeográficos: conquista e colonización de América.

TERCEIRA AVALIACIÓN

Comunicación oral en lingua galega e castelá

- Participación en exposicións previamente planificadas, sobre temas de actualidade.
- escoita atenta en coloquios e debates que propicien a expresión libre de opinións, o interese, a cooperación e o respecto ante as intervencións orais dos demais.

Comunicación escrita en lingua galega e castelá

- Composición de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións de comunicación.
- Creación de textos escritos e audiovisuais: narrativos, descritivos... seguindo as propiedades textuais do texto.
- Lectura, comprensión, produción e análise de textos escritos e audiovisuais de distinto tipo.

- **Ortografía:**

- Uso das grafías.
- Conectores textuais.
- Normas ortográficas e gramaticais.

- **Gramática:**

- *Morfoloxía*: Tipos de palabras ou categorías gramaticais (verbo, perífrases verbais, preposición, conxunción...).

- **Semántica (Léxico):**

— Voces patrimoniais, semicultismos e cultismos.

● **Teoría e educación literaria:**

— O Rexurdimento: Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal.

— Lectura e análise dos temas, formas e recursos dos poemas lidos.

— Produción de textos con intención literaria.

Historia

— Os Austrias e as súas políticas: Carlos V e Felipe II.

— O século XVII en Europa : as monarquías autoritarias.

— Os Austrias e as súas políticas: Felipe III, Felipe IV e Carlos II.

— A arte barroca: principais manifestacións culturais do XVI e XVII.

METODOLOXÍA

Procúrase que os alumnos sexan protagonistas do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, estimulando a indagación persoal e o intercambio fluído de opinións.

Dado que a falta de hábito e técnicas de estudo e a desmotivación adoitan estar na orixe da problemática do alumnado que accede a este programa, búscase un clima de aprendizaxe afectiva e non excesivamente formalizada.

Preténdese que o proceso de aprendizaxe permita aos alumnos ir avanzando progresivamente, incrementando o seu saber e despertando a curiosidade intelectual e o sentido crítico.

Darase prioridade á comprensión dos contidos fronte á aprendizaxe mecánica. O alumno comprobará o interese e utilidade do aprendido mediante a resolución de casos prácticos.

Preténdese que a aprendizaxe sexa por descubrimento do propio alumnado, protagonista, desta forma, do seu propio proceso de adquisición de coñecementos.

Propónse unha metodoloxía activa que permita aos alumnos implicarse nas tarefas que realizan. Cómpre que os procedementos empregados sexan variados (evitar o aburrimiento, a rutina que distancia ou a monotonía do esperable) para procurar unha clase dinámica e áxil, compatible, porén, coa profundización nos diferentes temas e no traballo asumido con rigor.

O profesor explicará cando sexa preciso, para establecer un marco xeral, uns principios básicos que o alumnado debe coñecer ao traballar nun tema determinado, para informar daquilo que non se atope

ao alcance do alumno, pero sobre todo o profesor deberá orientar e guiar (utilización da información, plantexamento e resolución de problemas).

Calquera metodoloxía empregada terá sentido sempre que sexa útil e adecuada, e isto só se poderá valorar na práctica, isto é a través da súa avaliación nos contextos prácticos da aula. Algúns principios que teremos en conta á hora de elixir os materiais para desenvolver as distintas unidades coa fin de reforzar a potencialidade didáctica das mesmas, son:

- Que teñan que ver cos intereses e preocupacións dos estudantes para conseguir a súa motivación e compromiso.
- Que permitan o papel activo do alumnado.
- Que impliquen ao alumnado coa realidade.
- Que estimulen ao alumnado a saber máis, a examinar máis, a buscar novas situacións e contextos, a empregar outros materiais.
- Que obriguen aos estudantes a repensar, revisar, perfeccionar os seus puntos de vista, opinar e tomar decisións.
- Que fagan reflexionar ao alumnado sobre outras miradas sobre o mundo, outras maneiras de ser, outras formas de facer...
- Que poidan ser empregados por estudantes con diversos niveis de capacidade e con intereses distintos.

MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

O formato de materiais empregados, será, seguindo estes criterios, flexible e esixirá un tratamento diferenciado en función das características do contexto de aplicación, sendo susceptible de ser modificado, ampliado...

A diversidade de materiais (textos escritos, prensa, mapas, música, fotografías, vídeos, dicionarios, planos...) ten relación coa diversidade de actividades (todo tipo de tarefas que se desenvolven na aula e fóra dela) encamiñadas a guiar e desenvolver o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Calquera das actividades propostas debe ter unha significación para o alumnado.

Para que a aprendizaxe sexa significativa e funcional son necesarias varias condicións: que os estudantes estean predispostos e interesados en aprender, que os novos contidos se adapten ás capacidades dos que aprenden, que as actividades que se realizan faciliten a comprensión dos novos contidos e, finalmente, que os suxeitos da aprendizaxe reelaboren ou reconstrúan as súas ideas iniciais en relación cos novos contidos. Tendo en conta isto, as actividades propostas deberán cumprir

distintas funcións: motivación, avaliación inicial, información, comprensión, aplicación a novos contextos, avaliación das aprendizaxes, etc. Proporemos pois:

- Actividades de motivación.
- Actividades de achegamento de nova información, comprensión e aplicación.
- Actividades de síntese e revisión
- Actividades de autoavaliación.

A profesora deste Programa deberá estar moi atenta ás circunstancias e ao contexto que rodea ao alumnado para incorporar ou adecuar os contidos tanto conceptuais como procedementais e actitudinais ás necesidades puntuais que vaian xurdindo. Aproveitar os “imprevistos” do día a día.

- Manuais de Tipoloxía textual para Secundaria.
- Documentos e textos impresos: telegramas...
- Mapas mudos.
- Atlas (Xeografía e Historia).
- Vídeos.
- Libros de lectura (novela, poesía, teatro)
- Medios audiovisuais e das TIC, presentes no centro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os alumnos han de saber:

- Comprender os textos lidos en cada tema, indicar a súa tipoloxía, propiedades, modalidade discursiva; identificar partes e descubrir características aténdose aos valores lingüísticos e estéticos que presenta o fragmento.
- Expresarse con coherencia e corrección en galego e en castelán, adecuándose ás necesidades da situación comunicativa.
- Empregar adecuadamente as palabras aprendidas en cada unidade; resolver, coa axuda de dicionario, as cuestións propostas en cada tema.
- Construír textos en galego e en castelán, ortograficamente correctos.
- Producir textos escritos de diferentes tipos (narrativos, descritivos...) respectando a organización propia de cada xénero, os criterios de corrección e a acomodación á situación comunicativa.
- Coñecer os elementos formais do idioma: estruturas textuais, morfolóxicas e sintácticas.
- Expor oralmente un tema de forma ordenada e fluída adecuando a expresión á situación.

- Localizar nun mapa os continentes e as áreas máis poboadas explicando a súa posición económica e o país ao que pertencen.
- Localizar no mapa mundial os recursos agrarios e naturais.
- Caracterizar os distintos sectores económicos e o seu impacto na economía dun país.
- Localizar e identificar nun mapa as grandes áreas industriais do mundo.
- Explicar conceptos básicos como “desenvolvemento sostible”, “ enerxías alternativas” . ou “deslocalización industrial”.
- Identificar o papel das grandes cidades do mundo.
- Coñecer as características da Idade Moderna (ata o século XVII), as etapas que a configuran, o papel das distintas monarquías , os principais sucesos que nela ocorreron e as distintas manifestacións culturais.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Mediante a observación do proceso de adquisición de coñecementos e de desenvolvemento de destrezas, así como a partir da análise das producións do estudante, o profesor leva a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno. A avaliación será continua e globalizadora: ademais das probas teranse en conta as actividades habituais do alumno na aula e a actitude ante a materia.

Análise e observación de:

- Exercicios sobre os contidos das unidades didácticas na clase e na casa (deberes).
- Interese e atención na clase.
- Participación.
- Presentación coidadosa de exercicios, exames e do caderno de traballo.
- Interese por asistir a clase co material necesario.
- Interese por realizar as tarefas no prazo sinalado.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Exercicios de lingua escrita feitos polos alumnos.
- Exposicións orais (propiedade e riqueza de léxico).
- Lectura e expresión correctas.

- Exames específicos para cada parte.
- Dominio da ortografía.

Tendo en conta as características especiais do *Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento*, cómpre contemplar:

- Avaliación do alumno.
- Avaliación do proceso de desenvolvemento do Programa.

A súa vez, a avaliación final terá que ser o resultado de:

- A autoavaliación do alumno.
- A avaliación do profesor.
- Avaliación externa.

A avaliación do alumno será continua, formativa e individual.

Tamén será indispensable valorar o progreso individual do alumnado e adaptar a ensinanza-aprendizaxe ás necesidades de cada uno dos alumnos para conseguir os obxectivos da etapa educativa.

Nos criterios de avaliación teranse en conta non só os contidos conceptuais senón tamén os contidos procedementais e actitudinais.

Teranse en conta e empregaranse tamén como instrumentos de avaliación:

- A participación do alumnado nas clases.
- O traballo realizado na aula de forma individual e grupal.
- Presencia do material necesario na aula.
- O traballo realizado na casa.
- O caderno do alumno coas correccións pertinentes.
- As probas orais e escritas.
- Os controis de lectura e o interese demostrado na adquisición dun hábito lector.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Valorarase:

A) Cun 20 %:

- Exercicios sobre os contidos das unidades didácticas na clase e na casa (deberes).
- Interese e atención na clase.
- Participación.
- Presentación coidadosa de exercicios, exames.
- Interese por asistir a clase co material necesario.
- Interese por realizar as tarefas no prazo sinalado.
- Presentación ordenada e coidadosa do caderno.
- Estudo diario (chamadas de clase).

B) Co 20%:

- Exposicións orais.

C) Co 50 %:

- Contidos conceptuais correspondentes aos distintos bloques.

D) Co 10 %

- Lectura dunha selección de obras propostas, que teñen carácter obrigatorio.
- Ademais dos títulos de carácter obrigatorio, o profesor proporcionará unha lista de obras que os alumnos poderán ler de forma voluntaria, e de cuxa lectura e adecuada comprensión darán conta a través de exposicións orais. A adecuada defensa destas lecturas voluntarias poderá incrementar a nota de avaliación ata un máximo de 0,50 puntos.

Descontarase un 0,10 por erros ortográficos e un 0,15 por erros gramaticais nos textos escritos.

Para aprobar, o alumno terá que obter, como mínimo, un 1,75 no apartado "C" e ter superado o apartado "D".

Despois de cada avaliación, ofrecerase a posibilidade de realizar un exame de recuperación dos contidos de Sociais. Ao final de curso haberá unha recuperación global dos contidos correspondentes ao apartado lingüístico e un exame das obras de lectura obrigatoria suspensas ao longo do curso.

A avaliación será continua, formativa e individual.

Será indispensable valorar o progreso individual, o interese do alumnado e o afán de superación demostrado polos alumnos.

A actitude positiva á hora de avaliar un alumno deste programa, subliñando os seus logros en cada momento, por pequenos que estes sexan, favorecerá a consecución dun dos obxectivos fundamentais deste Programa: a autoestima duns alumnos que, por teren fracasado a nivel escolar, non teñen seguridade nin confianza no traballo realizado, ni cren nas súas propias posibilidades.

PLAN DE SEGUIMIENTO E REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Os profesores farán, nas clases, actividades de repaso do curso anterior, o que servirá de posible recuperación para os alumnos coa materia pendente.

- Se un alumno aproba a materia do curso en que está matriculado, considerárase que supera a materia do curso pendente.
- Se un alumno non aproba a materia no curso en que está matriculado, pode, a xuízo do profesor correspondente, aprobar a do curso pendente.
- Se un alumno non aproba a materia no curso en que está matriculado, nin a xuízo do profesor pertinente, aproba a do curso anterior, terá un exame de recuperación da materia pendente no mes de maio e outro en setembro, como estipula a lexislación.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Asistencia a Representacións teatrais.
- Asistencia a Recitais poéticos.
- Participación en Actividades complementarias: Campaña de Animación á Lectura.

TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA

A creación e consolidación do hábito lector nos alumnos abordarase na área de lingua galega con diversidade de estratexias, medios e actividades:

- Lecturas en cada unidade que fomenten o pracer, desenvolvan a imaxinación, proporcionen información e creen sensibilidade estética.
- Orientación para lecturas dentro do Proxecto lector do Centro.
- Orientación para a lectura voluntaria de obras pertencentes ao patrimonio literario.
- Fomento do hábito de utilizar a biblioteca escolar e os seus recursos como apoio no proceso de aprendizaxe.
- Visitas frecuentes á biblioteca e uso dos seus recursos.
- Lecturas de obras completas adecuadas á idade.
- Orientación para lecturas de carácter voluntario.

TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC

Para conseguir a competencia dixital, os alumnos usarán as TIC para:

- Buscar información para a realización de actividades e pequenos traballos de investigación.
- Precisar e adquirir novos coñecementos.
- Realizar exercicios interactivos (especialmente na área de Ciencias Sociais).
- Elaborar e transmitir información tanto en papel como en soporte dixital.
- Desenvolver o hábito lector e o espírito crítico ante as diferentes mensaxes.

Usar as TIC para coñecer as diferentes culturas e desenvolver actitudes tolerantes e solidarias

NIVEL: 3º ESO
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
PROFESORAS: Olga Quintana Devesa

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

OBXECTIVOS XERAIS PARA O CURSO

- 1- Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
- 2- escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual.
- 3- escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais cunha fonética galega correcta.
- 4- Participar activamente en situacións propias do ámbito académico, manifestando a súa opinión e mostrando respecto cara á dos demais.
- 5- Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.
- 6- Producir discursos breves e comprensibles, adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados, sobre temas da vida cotiá ou académica.
- 7- Realizar exposicións orais planificadas con axuda das TIC.
- 8- Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
- 9- Ler en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego e rexeitando calquera tipo de prexuízo.
- 10- Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
- 11- Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
- 12- Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
- 13- Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.
- 14- Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
- 15- Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención a posibles interferencias.
- 16- Identificar os conectores e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
- 17- Identificar os conectores e outros mecanismos que lles dan cohesión aos textos.
- 18- Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos propios de acordo con eses parámetros.

- 19- Coñecer e aplicar as regras ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.
- 20- Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
- 21- Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
- 22- Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia , coñecer as principais iniciativas normalizadoras da lingua e identificar os prexuízos.
- 23- Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
- 24- Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
- 25- Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante.
- 26- Identificar as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
- 27- Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
- 28- Elaborar traballos, coa axuda das TIC, relacionados coas distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
- 29- Crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados na clase.

CONTIDOS E OBXECTIVOS

Comprensión lectora: lectura expresiva e comprensiva de textos literarios e non literarios de diferente tipoloxía textual. **Obxectivos:** 8, 9, 13, 27,29.

Expresión oral: pedir información persoal. Expresar alegría e tristeza. Expresar contrariedade e desculparse. Narrar unha historia. Describir unha historia. Contraargumentar. Mostrar acordo e desacordo. Expresar unha opinión e aconsellar. Pedir información. Pedir favores e servizos. Chamar a atención do interlocutor. Conversar ao teléfono. **Obxectivos:** 1, 3,4 ,5, 6,7, 12, 15.

Comunicación escrita: funcións da linguaxe. Tipoloxía textual. Texto literario: biografía, retrato. Texto xornalístico: debate, entrevista, crónica e reportaxe. Texto científico: relatorio, conferencia, teleconferencia e mesa redonda. Texto administrativo: acta e solicitude. Texto publicitario: anuncio. Texto electrónico: conversas gráficas. **Obxectivos:** 8, 10 ,11, 12, 13.

Sociolingüística: historia da lingua: orixes. Situación do galego na Idade Media. Linguas en contacto: interferencia e alternancia de código. Conflito lingüístico, bilingüismo e diglosia; normalización e substitución lingüística. A lingua galega nos Séculos Escuros e na Ilustración. A lingua galega do XIX

ata 1916. Lingua estándar e desvíos. Variedades lingüísticas. Lusofonía. O galego e as leis. Lingua inicial e usos lingüísticos. Preconceitos lingüísticos. **Obxectivos:** 20, 21,22, 23, 24, 25.

Léxico: Campo semántico. Familia léxica. Palabras patrimoniais, cultas e semicultas. Abreviatura e símbolos. Enriquecemento do léxico: derivación, composición, sigla, acrónimo, amálgama, préstamo, estranxeirismo, onomatopea, palabra tabú e eufemismo. Cultismo e latinismo. Campos semánticos referidos á hixiene e coidado persoal, aos sentimentos e estados de ánimo, á hospedaxe, arquitectura, artes plásticas, cinema, música e baile, radio e televisión, ecoloxía, seres míticos e deporte. **Obxectivos:** 10, 12, 13.

Ortografía: regras xerais de acentuación. Acentuación diacrítica. Ditongos, tritongos e hiatos; diérese. Maiúsculas e minúsculas. Puntuación: punto, vírgula, punto e vírgula; sinais de interrogación e de exclamación, dous puntos e aspas; parénteses, trazo medio, curto e longo, barra oblicua e apóstrofo. Uso de b/v, de h e dalgunhas vogais. Uso doutras consoantes. Grupos consonánticos, Palabras homónimas e parónimas. Xuntos ou separados. **Obxectivos:** 19.

Gramática: a lingua e a súa organización. Nome substantivo e nome adxectivo. Pronome: artigo, demostrativo e posesivo; identificador, cuantificador, numeral, relativo, interrogativo e exclamativo. Pronome persoal. Verbo. Adverbio, preposición e conxunción. **Obxectivos:** 14, 17.

Sintaxe: frase. Funcións sintácticas da cláusula. Cláusula e oración. **Obxectivos:** 16.

Literatura: xéneros literarios. Literatura medieval. Lírica profana. Cantigas de amor, cantigas de amigo, cantigas de escarnio. Cantigas de Santa María. Prosa medieval. Literatura da Idade Moderna. Literatura do Prerrexurdimento e do Rexurdimento. Rosalía de Castro. Manuel Curros Enríquez. Eduardo Pondal. Narrativa e teatro do Rexurdimento. Literatura popular. **Obxectivos:** 18, 23,26, 27,28, 29.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

a/ Comprensión lectora

1- Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, respectando os patróns fonéticos do galego.

2- Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.

3- Comprender, interpretar e sintetizar textos de diversa tipoloxía pertencentes a distintos ámbitos (vida cotiá, medios de comunicación...).

b/ Expresión oral

1- Comprender, interpretar e valorar textos orais de distinta tipoloxía.

2- Producir discursos breves e comprensibles, en distintos rexistros, sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.

3- Producir textos orais, adecuados á situación comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

4- Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e mostrar unha actitude crítica antes os prexuízos que se poidan asociar a ela.

5- Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, tanto en contextos formais como informais, individualmente ou en grupo.

c/ Comunicación escrita

1- Interpretar a intención comunicativa dunha mensaxe e a función da linguaxe predominante.

2- Recoñecer e aplicar os trazos que caracterizan a biografía e o retrato.

3- Diferenciar os distintos xéneros xornalísticos: debate, entrevista, crónica e reportaxe. Diferenciar entre información e opinión.

4- Comprender e analizar de xeito crítico distintos textos xornalísticos producíndoos en soporte papel ou dixital.

5- Comprender e interpretar textos científicos: relatorio, conferencia, teleconferencia e mesa redonda.

6- Comprender, interpretar e elaborar textos da vida cotiá e das relacións sociais como a acta e solicitude.

7- Interpretar e analizar de xeito crítico textos publicitarios, detectando, se é o caso, prexuízos e discriminacións.

8- Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais e escritas planificadas.

9- Planificar, producir e revisar textos diversos con adecuación, coherencia e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

10- Comprender e interpretar textos da vida cotiá, das relacións sociais e dos medios de comunicación.

11- Identificar a estrutura dun texto, as ideas principais e as secundarias, sintetizar o contido.

d/Sociolingüística

1- Coñecer as orixes da lingua galega e os estratos lingüísticos que a conforman.

- 2- Describir a situación do galego na Idade Media.
- 3- Comprender e analizar as interferencias e alternancia de código que se dan nas linguas en contacto.
- 4- Distinguir e analizar os conceptos básicos de sociolingüística: conflito lingüístico, bilingüismo e diglosia, normalización e substitución lingüística.
- 5- Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua dende a Idade Media ata 1916.
- 6- Recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e detectar os desvíos.
- 7- Coñecer as variantes diastráticas do galego.
- 8- Recoñecer os trazos que emparentan galego e portugués e tamén os que lle serven de contraste.
- 9- Coñecer esquematicamente o marco legal da lingua galega.
- 10- Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

e/Léxico

- 1- Recoñecer e elaborar o campo semántico e a familia léxica dunha palabra dada.
- 2- Coñecer as principais diferencias entre palabras patrimoniais, cultas e semicultas.
- 3- Formar e analizar palabras derivadas, compostas e parasintéticas.
- 4- Comprender e identificar os distintos procedementos de abreviación: abreviaturas, símbolos, siglas e acrónimos.
- 5- Recoñecer e explicar os distintos procedementos de formación do léxico: préstamo, estranxeirismo, onomatopea, palabra tabú e eufemismo.
- 6- Diferenciar cultismo de latinismo.
- 7- Dominar o vocabulario básico dos seguintes campos semánticos: hixiene e coidado persoal, sentimentos e estados de ánimo, hospedaxe, arquitectura, artes plásticas, cinema, música e baile; radio e televisión, ecoloxía e deporte.

f/Ortografía

- 1- Aplicar as regras xerais de acentuación e as de acentuación diacrítica.
- 2- Nunha palabra diferenciar os ditongos, tritongos e hiatos. Utilizar a diérese cando sexa necesario.
- 3- Usar correctamente as maiúsculas e minúsculas.
- 4- Aplicar os diferentes signos de puntuación.
- 5- Usar correctamente as grafías b/v; h, ademais doutras vogais e consoantes. Distinguir palabras que se escriben xuntas das que se escriben separadas.

g/Gramática

- 1- Recoñecer e aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais.
- 2- Aplicar e usar con corrección as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- 3- Producir textos orais e escritos con adecuación, coherencia e cohesión.

h/Sintaxe:

- 1- Recoñecer, usar e explicar as funcións sintácticas das oracións e as unidades que a desempeñan.

i/Literatura

- 1- Describir as características principais da literatura galega medieval tendo en conta o contexto histórico - cultural.
- 2- Comentar os trazos básicos dunha cantiga de amigo, amor e escarnio.
- 3- Identificar os eixes temáticos das cantigas de Santa María.
- 4- Comentar as principais características da prosa medieval.
- 5- Coñecer o contexto histórico-literario dos Séculos Escuros.
- 6- Comentar a situación da literatura galega no século XIX e coñecer os precursores do Rexurdimento.
- 7- Comprender o contexto histórico-literario do século XIX e distinguir as características fundamentais do Rexurdimento.
- 8- Coñecer e valorar a obra de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal a partir dos poemas máis significativos.
- 9- Valorar a incorporación da muller á literatura no século XIX.
- 10- Recoñecer os trazos máis relevantes da narrativa e do teatro do Rexurdimento en textos concretos.
- 11- Valorar a importancia da literatura oral e popular.

k/ Fonética

- 1- Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

a/ Comprensión lectora

1- Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

Competencias clave: CL.

2-Aplica as técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.

Competencias clave: CL.

3- Comprende, interpreta e sintetiza textos de diversa tipoloxía pertencentes a distintos ámbitos (académico, vida cotiá, medios de comunicación...). **Competencias clave:** CL, AA.

b/ Expresión oral

1- Identifica as ideas principais e secundarias dun texto recoñecendo a intención comunicativa do mesmo e dando a súa opinión ou contraargumentando se é o caso. **Competencias clave:** CL, AA.

2- Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá como pedir información ou utilizar as fórmulas de tratamento e de cortesía cando sexa mester. **Competencias clave:** CL, CSC, CEC, SIEE.

3- Produce textos orais adecuados á situación e intención comunicativa , con coherencia , cohesión e corrección, empregando un léxico rico e variado. **Competencias clave:** CL.

4- Valora a emisión dunha pronuncia correcta rexeitando os prexuízos e optando pola variante dialectal de seu. **Competencias clave:** CL, AA, CEC.

5- Participa nas intervencións orais respectando as regras morfosintácticas e usando un léxico rico e variado. Adecúa ademais a súa pronuncia á finalidade da práctica oral. **Competencias clave:**CL, AA.

c/ Comunicación escrita

1- Identifica a intención comunicativa das mensaxes distinguindo as funcións da linguaxe (representativa, expresiva, apelativa, fática, poética e metalingüística). **Competencias clave:** CL, AA, SIEP.

2- Aplica os trazos da biografía e do retrato para elaborar biografías e retratos sinxelos. **Competencias clave:**CL, CSC.

3- Coñece as diferencias entre os distintos xéneros xornalísticos e discrimina entre información e opinión. **Competencias clave:** CL, CSC, AA,CEC.

4- Comprende e interpreta textos xornalísticos e prodúceos en soporte dixital ou papel. **Competencias clave:** CL, CSC, CD.

5- Identifica os textos científicos máis comúns e os seus trazos máis definitorios. **Competencias claves:** CL, AA.

6- Comprende, interpreta e elabora en soporte papel ou dixital textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: acta e solicitude. **Competencias clave:** CL, CSC, AA, CD.

- 7- Interpreta e analiza de xeito crítico e reflexivo textos publicitarios, detectando prexuízos ou discriminacións. **Competencias claves:** CL, CSC, CEC, AA.
- 8- Aplica as TIC para obter, organizar e seleccionar información. Tamén para mellorar a presentación e corrixir as producións escritas. **Competencias clave:** CD, AA.
- 9- Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e cohesionados. **Competencias claves:** CL, SIEE, CSC.
- 10- Identifica os trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución dos espazos, escollas léxicas) coa tipoloxía textual.**Competencias claves:** CL.
- 11- Identifica e analiza a estrutura dun texto, distinguindo as ideas principais das ideas secundarias e sintetiza o sentido global do texto.**Competencias claves:** CL, AA.

d/ Sociolingüística

- 1- Reflexiona sobre a orixe da lingua e a súa evolución.**Competencias clave:** CL.
 - 2- Coñece a situación do galego na Idade Media. **Competencias clave:** CL.
 - 3- Analiza e diferencia os casos de interferencia dos de alternancia de código. **Competencias clave:** CL, CSC.
 - 4- Identifica os conceptos básicos de sociolingüística.**Competencias clave:** CL, CSC.
 - 5- Recoñece os acontecementos relevantes da historia social do galego desde os seus inicios ata 1916 identificando as súas causas. Tamén interpreta gráficos, táboas e textos e información dos medios e das TIC relacionados con eles. **Competencias clave:** CL, CSC, CD.
 - 6- Recoñece os trazos da variedade estándar valorándoa como variante unificadora. **Competencias clave:** CL, CSC.
 - 7- Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego, utilizando os trazos propios da súa zona e rexeitando os prexuízos sobre ela. **Competencias clave:** CL, CSC.
 - 8- Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a súa importancia na vida social e económica galega. **Competencias clave:** CL, CSC.
- Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa . **Competencias clave:** CL, CSC, CD.
- 9- Coñece esquematicamente a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción. **Competencias clave:** CL, CSC.
 - 10- Sabe o que é un prexuízo, detéctaos e analiza a súa presenza na práctica lingüística. **Competencias clave:** CL, CSC.

e/Léxico

- 1- Elabora a familia léxica e o campo semántico dunha palabra dada. **Competencias clave:** CL.

2- Coñece as principais diferencias entre palabras patrimoniais, cultas e semicultas máis frecuentes.

Competencias clave: CL.

3- Forma e analiza palabras derivadas, compostas e parasintéticas. **Competencias clave:** CL.

4/5- Recoñece e explica os procedementos de formación de palabras. **Competencias clave:** CL, CCA.

Crea palabras novas utilizando os procedementos de formación. **Competencias clave:** CL, CCA.

6- Distingue un cultismo dun latinismo. **Competencias clave:** CL.

7- Emprega na escrita e na oral o vocabulario básico estudado nas distintas unidades. **Competencias clave:** CL.

f/Ortografía

1- Aplica correctamene as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica. **Competencias clave:** CL, CSC, CEC.

2- Nunha palabra identifica ditongos, tritongos e hiatos. Utiliza correctamente a diérese. **Competencias clave:** Cl.

3- Aplica as normas de uso das maiúsculas e minúsculas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. **Competencias clave:** CL, CSC, CEC.

4- Aplica correctamente as normas ortográficas referidas aos signos de puntuación. **Competencias clave:** CL, CSC, CEC.

5- Usa correctamente as grafías estudadas nas palabras de uso máis común. Distingue cando as palabras se escriben xuntas e cando separadas. **Competencias clave:** CL.

g/Gramática

1- Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun uso correcto das distintas categorías gramaticais. **Competencias clave:** CL, AA.

2- Identifica e explica os usos e valores das distintas categorías gramaticais relacionándoas coa tipoloxía textual e intención comunicativa. **Competencias clave:** Cl, AA.

3- Produce textos orais e escritos cumprindo as propiedades textuais e respetando as normas gramaticais. **Competencias clave:** Cl, AA.

h/Sintaxe

1-Nunha oración identifica as funcións sintácticas básicas e as unidades que as desempeñan. **Competencias clave:** CL.

i/Literatura

1-Analiza as características principais da literatura galega na Idade Media. **Competencias clave:** CL.

2-Comenta os principais trazos dunha cantiga de amigo, amor e escarnio. **Competencias clave:** CL.

- 3-Identifica os dous eixes temáticos dalgunhas cantigas de Santa María. **Competencias clave:** CL.
- 4-Describe as principais características da prosa medieval. **Competencias clave:** CL.
- 5- Comprende e explica o contexto histórico- literario dos Séculos Escuros. **Competencias clave:** CL.
- 6- Comenta a situación da literatura galega no século XIX e coñece os precursores do Rexurdimento. **Competencias clave:** CL.
- 7- Comprende e describe o contexto histórico- literario do século XIX e distingue as características fundamentais do Rexurdimento. **Competencias clave:** CL.
- 8- Coñece e valora a obra de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal. **Competencias claves:**CL, CEC.
- Le e comenta de xeito guiado algúns dos seus poemas sinalando os trazos máis definitorios . **Competencias claves:** CL.
- Reflexiona sobre a contribución de Rosalía de Castro á vida cultural e literaria galega. **Competencias clave:** CL, CEC.
- 9- Analiza e valora a incorporación da muller á literatura. **Competencias clave:** CL, AA, CEC.
- 10- Recoñece os trazos máis relevantes da narrativa e do teatro do Rexurdimento en textos concretos. **Competencias clave:**CL.
- 11- Valora a importancia da literatura oral e popular a partir de textos concretos. **Competencias clave:** CL.

k/ Fonética

- 1- Recoñece e usa adecuadamente a fonética galega. **Competencias clave:** CL.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓNS

1ª AVALIACIÓN

Expresión oral: pedir información persoal. Expresar alegría e tristeza. Expresar contrariedade e desculparse. Narrar unha historia.

Comunicación escrita: funcións da linguaxe. Tipoloxía textual. Texto literario: biografía.

Léxico: O campo semántico. A familia léxica. As palabras patrimoniais, cultas e semicultas. Os campos semánticos da hixiene e coidado persoal , dos sentimentos e estados de ánimo , da hospedaxe e do comercio.

Gramática: a lingua e a súa organización. O substantivo. O adxectivo. Os adxectivos determinativos.

Ortografía: acentuación. Ditongos, tritongos e hiatos. Acentuación diacrítica. Maiúsculas e minúsculas.

Sociolingüística: historia da lingua galega dende a súa orixe ata a Idade Media. Linguas en contacto.

Literatura: xéneros literarios. Literatura medieval. Lírica profana. Cantigas de amigo e cantigas de amor.

2ª AVALIACIÓN

Expresión oral: describir unha historia. Contraargumentar. Mostrar acordo e desacordo. Expresar unha opinión e aconsellar.

Comunicación escrita: texto literario: retrato. Texto xornalístico: debate, entrevista, crónica e reportaxe.

Léxico: Abreviación. Derivación. Composición. Sigla, acrónimo e amálgama. Campos semánticos referidos ás artes plásticas, ao cinema, á música e ao baile.

Gramática: o pronome persoal. O verbo. O adverbio, preposición e conxunción.

Ortografía: os signos de puntuación. Uso de b/v, de h e dalgunhas vocais.

Sociolingüística: a lingua galega nos Séculos Escuros e na Ilustración. A lingua galega do XIX ata 1916. Lingua estándar e desvíos. Variedades lingüísticas.

Literatura: cantigas de escarnio e maldicir. Cantigas de Santa María. Prosa medieval. Literatura galega da Idade Moderna, do Prerrexurdimento e do Rexurdimento. Rosalía de Castro.

3ª AVALIACIÓN

Expresión oral: pedir información. Pedir favores e servizos. Chamar a atención do/da interlocutor/a. Conversar ao teléfono.

Comunicación escrita: Texto científico. Texto administrativo. Texto publicitario. Texto electrónico.

Léxico: préstamo e estranxeirismo. Onomatopea. Palabra tabú e eufemismo. Cultismo e latinismo. Campos semánticos referidos á radio e televisión, ecoloxía, seres míticos e ritos máxicos e ao deporte.

Sintaxe: a frase. As funcións sintácticas da cláusula. Cláusula e oración.

Ortografía: uso doutras consoantes. Grupos consonánticos. Palabras homónimas e parónimas. Xuntos ou separados?.

Sociolingüística: lusofonía. O galego e as leis. Lingua inicial e usos lingüísticos. Preconceitos lingüísticos.

Literatura: Eduardo Pondal. Manuel Curros Enríquez. Narrativa e teatro do Rexurdimento. Literatura popular.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Lectura: lectura fluída e comprensiva dun texto e comentario do mesmo seguindo as pautas dadas. Lectura das obras programadas.

Expresión: elaborar textos orais e escritos axeitados ao seu nivel. Sintetizar en resumos e esquemas a información esencial dun texto discriminando as ideas principais e as secundarias.

Ortografía: emprego correcto das distintas grafías, signos de puntuación e acentos.

Gramática: identificar e empregar correctamente as distintas clases de palabras. Conxugar os verbos regulares e irregulares de uso frecuente.

Sociolingüística: coñecer a historia da lingua galega dende as orixes ata a actualidade. Identificar os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística do galego. Coñecer a proximidade entre galego e portugués.

Sintaxe: distinguir entre frase, cláusula e oración. Coñecer as principais funcións sintácticas.

Vocabulario: recoñecer e elaborar o campo semántico e a familia léxica dunha palabra dada. Coñecer os distintos procedementos de formación e enriquecemento do léxico. Dominar o vocabulario mínimo dos distintos campos semánticos estudados. Distinguir entre palabras patrimoniais, cultas e semicultas.

Literatura: Coñecer os trazos xerais da lírica medieval identificando as cantigas de amigo, amor e escarnio. Amosar nocións básicas do contexto histórico-literario dos Séculos Escuros e do Rexurdimento. Coñecer e valorar a obra de Rosalía de Castro, Curros Enriquez e Eduardo Pondal dentro da historia da literatura galega e universal.

Fonética: recoñecer a fonética galega.

METODOLOXÍA

Cada Unidade Didáctica contará cunha **información introdutoria** do/a profesor/a na que se marcarán as liñas temáticas a desenvolver na unidade así como os procedementos que se empregarán para conseguir os obxectivos sinalados. Cando o alumnado posúa a información pertinente respecto aos contidos conceptuais, serán o esquema, o resumo e/ou o mapa conceptual as técnicas que deberá coñecer e usar como instrumento non só para memorizar o aprendido senón tamén como medio para lograr un esquema mental das principais características e peculiaridades dun período da historia literaria, dun movemento ou dun/ha autor/a, tentando que ao final de curso, o alumnado posúa un

coñecemento claro da historia literaria galega e a relación entre a produción literaria dunha época coas circunstancias políticas, sociais, culturais e mesmo económicas da mesma.

O **comentario de texto** e o coñecemento das técnicas de análise de textos de diferentes xéneros literarios, serán o instrumento axeitado para o achegamento ás características específicas dunha obra literaria e a relación co contexto da súa produción. Despois da información facilitada polo/a profesor/a a este respecto, que guiará previamente os comentarios, serán os/as alumnos/as os/as que, de forma individual e/ou en grupo practiquen ao longo do curso e en todas e cada unha das unidades didácticas, o comentario ou análise de texto con fin de que adquiran fluidez e habilidade no uso desta técnica.

As **exposicións orais** individuais, en parellas ou en pequeno grupo serán outro dos recursos empregados ao longo do curso, de xeito que todos e cada un dos/as alumnos/as realicen nalgún momento unha exposición oral sobre un tema e/ou esquema do mesmo, dun comentario de texto ou dun traballo de investigación no que desenvolva máis amplamente algún apartado relacionado con algunha das Unidades Didácticas, ou sobre a análise en xeral ou de algún aspecto particular das obras de lectura obrigatoria marcadas para este curso. Deste xeito, o/a alumno/a enfrontarase ao papel de orador/a tendo que, non só planificar a súa exposición e usar dos recursos para poder realizala, senón coidar a súa fonética, gramática, sintaxe e léxico, procurando así mesmo a coherencia e a claridade.

Os **traballos de investigación** serán preferentemente traballos individuais, cando non sexan tarefas a realizar dentro da aula, para evitar os desequilibrios, tan habituais, no grao de implicación dos membros dun mesmo grupo. O traballo de investigación, que será exposto en clase ou entregado por escrito, servirá, dependendo do tipo de traballo, para coñecer o manexo do/a alumno/a de distintas fontes documentais, orais ou TICS, o grao de capacidade dedutiva e creativa, así como para valorar a planificación, estruturación, coherencia, claridade e corrección do traballo e o dominio lingüístico a nivel escrito do/a alumno/a. Evitarase dentro do posible, que a “investigación” non se reduza á copia exacta da información que se pode atopar nunha enciclopedia ou libro de consulta. O manexo de varias fontes e a implicación activa do alumno/a que terá que pór en práctica os seus coñecementos e os seus recursos para deducir e concluír, son os obxectivos desta actividade.

Neste curso, especialmente, deberemos potenciar a **produción de textos**, eminentemente literarios, textos de diferentes xéneros para empregar as estruturas e recursos específicos de cada un e así poñer en práctica o aprendido. Tamén poderán, despois de estudadas e analizadas as características da obra dun autor/a e do seu estilo, tentar imitalo/la coa produción propia, como un xeito lúdico e eficaz de comprender o uso, a función ou o sentido de determinados recursos e técnicas. Por outra banda, o cambio de xénero (transformar un poema en relato, ou un relato en texto dramático...), permitirá que o/a alumno/a coñeza e domine as claves de cada xénero literario.

A lectura e análise de textos literarios de diferentes autores, así como das obras de lectura obrigatoria, permitirán o **repaso de cuestións gramaticais e lingüísticas** estudadas en cursos anteriores. Será o alumnado o que terá que ir do concreto ao xeral, isto é, despois de analizar nun texto concreto algún aspecto de morfosintaxe, por exemplo, os pronomes persoais átonos, lembrar o uso dos mesmos e a súa colocación na oración. A profesora ou profesor guiará, corraxirá, se procede, despois de seren expostas oralmente as dúbidas e os comentarios pertinentes sobre a cuestión. Repaso de contidos gramaticais e lingüísticos, pois, a través dos textos literarios lidos e analizados ou escritos polo propio alumnado.

Conclusión: a lectura, o resumo, o esquema, o comentario de textos, a exposición oral, o traballo de investigación, a produción literaria propia, serán pois os eixes fundamentais do desenvolvemento das Unidades Didácticas que conforman este curso de 3º de ESO. Así mesmo, a orde e temporalización das unidades didácticas e dos contidos traballados en cada unha poderán sufrir modificacións en función das características do grupo de alumnos/as.

MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto: *Lingua 3º ESO* de CONSORCIO editorial GALEGO.
- Libros de lectura obrigatoria sinalados trimestralmente.
- Libros de consulta: dicionarios, normas ortográficas e morfolóxicas...
- Medios audiovisuais: películas, documentais e gravacións.
- Fondos da biblioteca do centro. Revistas, xornais...
- Recursos na rede: *webs, blogs*, dicionarios, enciclopedias, correctores ortográficos, bibliotecas, actividades interactivas...

AVALIACIÓN

A avaliación concíbese coma un proceso continuo que non se pode basear só nun exame ou proba senón que ha de ter en conta todos aqueles factores que interveñan na aprendizaxe progresiva do alumno.

Procedemento de avaliación

Análise e observación de:

- Traballo na aula, de forma individual ou en equipo, sobre os contidos explicados en clase.
- Participación activa do alumno na clase.
- Traballo realizado na casa (deberes).
- Caderno de traballo do alumno: orde e claridade na presentación.
- Interese do alumno por asistir a clase co material didáctico esixido.
- Interese por realizar as tarefas no prazo sinalado.

Instrumentos de avaliación

- Exposicións orais (correcta fonética e emprego do léxico).
- Exercicios escritos realizados polos alumnos.
- Lectura e expresión correcta.
- Dominio da ortografía.
- Exame e controis varios: un deles do libro de lectura programado, non podendo aprobar a avaliación sen telo lido.

Criterios de cualificación e promoción do alumnado

- 80%: exames ou controis (orais ou escritos) dos contidos. Máximo, dous exames parciais por trimestre.
- 10%: exame de lectura obrigatoria das obras literarias marcadas trimestralmente. O alumno que non supere o control do libro de lectura correspondente, suspenderá a avaliación. No caso de ser reiterativo, poderá suspender o curso e deberá superar a devandita proba na avaliación de setembro.
- 10%: caderno, participación na aula, deberes, entrega das tarefas no tempo indicado e presenza do material axeitado na clase.

Descontarase ata un máximo de 1 punto por faltas, baixando cada falta 0,025

Despois de cada avaliación poderá ofertarse, se o/a profesor/a o considera oportuno, un **exame de recuperación**. Ao final de curso, o profesorado que imparte a materia valorará a conveniencia de

sinalar ou non un exame de **recuperación final** (de toda a materia, se o alumnado ten suspensas as tres avaliacións; de parte da materia se o alumnado ten suspensas unha ou dúas avaliacións).

ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE.

A materia de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo a adquisición e mellora da competencia comunicativa e, polo tanto, desenvólvese de maneira progresiva nas diferentes etapas do ensino. Deste xeito, os/as alumnos/as que aproben o curso actual terán tamén superada a materia do curso pendente.

De todos modos, coa finalidade de facilitar a recuperación da materia pendente, o profesorado recomenda a todos/as os/as alumnos/as realizar un traballo continuado durante o curso sobre dita materia.

Para isto, o alumnado terá **dúas** opcións:

- Realización de dous exames eliminatorios de toda a materia sobre os contidos mínimos.
 - Datas dos exames: 4ª semana de xaneiro e 4ª semana de abril (datas aproximativas).
 - Os exames terán lugar no horario normal de clases e en casos de non ser posible, pola tarde.
 - Actividades de reforzo para realizar semanalmente na casa que serán corrixidas polo/a profesor/a do curso actual e realización de 2 exames eliminatorios de toda a materia sobre os contidos mínimos.
 - Criterios de avaliación:
 - Actividades de reforzo: 30% da cualificación.
 - Exame: 70% da cualificación.
- O/a profesor/a da materia dará toda a información necesaria, resolverá dúbidas, entregará modelos de exame coas posíbeis preguntas, recordará as datas dos exames e os criterios de cualificación.
- A cada alumno/a pendente entregaráselle unha copia deste texto e outra dos contidos mínimos.

AVALIACIÓN INICIAL

A principios de curso, realizarase unha avaliación inicial a fin de determinar o nivel de competencia do alumnado. Mediante unha proba adaptada ao nivel requerido, valorarse o seu nivel de comprensión e expresión oral e escrito, o que nos permitirá coñecer o nivel do que debemos partir e tomar as medidas pertinentes para tratar o caso do alumnado que presente carencias importantes. A

proba escrita consistirá nun texto sinxelo no que o alumno amosará os seus coñecementos previos a través de preguntas de comprensión e expresión sobre o texto. Isto permitiranos saber de que nivel hemos de partir e que alumnos deben reforzar as competencias básicas.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O feito diferencial, que caracteriza á especie humana, é unha realidade insalvable que condiciona todo o proceso de ensino-aprendizaxe. En efecto, os alumnos e as alumnas son diferentes no seu ritmo de traballo, estilo e capacidades. O/a profesor/a ten que ter presente que as diferenzas que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais e comúns, hai que considerar a necesidade de dispor de métodos de ensino alternativos, segundo a diversidade do alumnado e o ritmo de aprendizaxe. Así pois o profesorado realizará as adaptacións necesarias, tendo en conta os seguintes puntos:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propoñer actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexíbeis.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.
- Modificar a temporalización ou a orde dos contidos indicados nas unidades didácticas.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR (ELEMENTOS TRANSVERSAIS)

Creación e consolidación do hábito lector a través de estratexias e actividades varias, tal e como sinalamos para 1º e 2º de ESO. Ademais das **Actividades clásicas**, outras como **Ler e comprender** ou **Ler é divertido**.

- Lecturas en cada unidade que permitan adquirir coñecementos e construír mundos con significados propios desenvolvendo a imaxinación e creando sensibilidade estética.
- Lectura de obras completas adecuadas á idade dos rapaces.
- Lectura de obras que motiven a atención do alumno cara ao patrimonio cultural que posúe, fonte de riqueza e orgullo.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DAS TIC (ELEMENTOS TRANSVERSAIS)

Implicando o uso seguro e crítico das tecnoloxías da información e da comunicación no traballo de aula.

- Amosar suficiente grao de habilidade (tempo empregado e eficacia na selección das fontes) para procurar a información tanto na documentación escrita en soporte de papel, como nas TIC.
- Facer uso das TIC para presentar diferentes traballos escritos ou ilustrar as exposicións orais (procesador de textos, Power-Point...).
- Coñecer en Internet enlaces de interese pola información que achega de carácter educativo, cultural, social... (bibliotecas virtuais, portais educativos, xornais electrónicos, blogs de persoeiros da cultura, organismos e institucións oficiais tanto estatais como autonómicas, tanto provinciais como locais...).
- Ter capacidade para rexeitar aquela información que resulte inadecuada, sobre todo, por discriminatoria ou prexuzosa.

OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS DURANTE O CURSO

- Educación moral e cívica.
- Educación viaria.
- Educación para a saúde.
- Educación para o consumo.
- Educación para a non-discriminación por razón de sexo.
- Educación sexual.
- Educación para a paz.
- Educación ambiental.
- Educación para a diversidade intercultural.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Realización de actividades ofertadas polo Concello de Ourense (visitas guiadas, MOTECES...)

- Asistencia a conferencias de autores/as lidos/as durante o curso.
- Conmemoración de diferentes datas ao longo do curso: 25 de novembro, Día da Muller Traballadora, Día do Libro, Semana das Letras Galegas...
- Participación na Revista Literaria do Centro *Rañolas*.
- Participación no Concurso Literario do Centro que, dende hai anos, convoca o Departamento de Lingua Galega e Literatura con notable éxito.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Estudaranse tras cada avaliación as porcentaxes de alumnos e alumnas que non alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe propostos, analizando as causas e propondo modificacións, se é o caso, na programación ou reforzando competencias básicas se é necesario.

NIVEL: 4º ESO
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
PROFESORAS: Concepción Fernández, Constantino Pazos

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

OBXECTIVOS XERAIS PARA O CURSO

- 1- Comprender e interpretar textos propios da comunicación audiovisual, con especial atención aos de carácter argumentativo e publicitario.
- 2- Comprender e interpretar textos orais de distinta natureza, con especial atención aos de carácter expositivo e argumentativo do ámbito educativo.
- 3- escoitar e producir textos orais cunha actitude crítica cara aos prexuízos e aplicando os coñecementos gramaticais para unha mellor expresión.
- 4- Producir textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa, utilizando as estratexias necesarias para falar en público así como as TIC.
- 5- Participar activamente en debates propostos sobre temas de interese e valorar a lingua oral como instrumento de relación social.
- 6- Utilizar técnicas e estratexias que faciliten a lectura comprensiva e crítica de textos.
- 7- Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá, relacionados co ámbito laboral, administrativo, comercial e educativo.
- 8- Comprender, interpretar e redactar (en papel ou en formato dixital) textos argumentativos, xornalísticos e publicitarios.
- 9- Ler de maneira reflexiva e crítica para identificar usos lingüísticos discriminatorios.
- 10- Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.
- 11- Utilizar técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e cohesionados e valorar a escritura como fonte de enriquecemento persoal.
- 12- Utilizar as TIC para mellorar a presentación dos escritos , difundir textos propios , coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
- 13- Producir textos propios, en soporte impreso ou dixital, tanto da vida cotiá como de carácter xornalístico (cartas ao director ou columnas de opinión).
- 14- Utilizar un léxico amplo e adecuado, e identificar as relacións semánticas entre as palabras.
- 15- Recoñecer e utilizar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais.
- 16- Recoñecer e usar a fonética do galego.
- 17- Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego, e utilizar manuais de consulta de maneira eficaz.

- 18- Identificar a oración como un tipo de enunciado e analizar as relacións sintácticas entre os elementos que constitúen o predicado.
- 19- Recoñecer en textos propios e alleos a estrutura dun texto , así como a súa adecuación e os conectores que permiten cohesionar ideas e parágrafos.
- 20- Identificar os trazos que definen diferentes tipoloxías textuais, especialmente os textos argumentativos.
- 21- Desenvolver unha competencia lingüística integrada, utilizando os coñecementos dunha lingua para mellorar no uso doutras e participando en proxectos onde se usen distintas linguas.
- 22- Valorar as linguas como sinal de identidade dos pobos, apreciar o plurilingüismo e coñecer o ámbito da lusofonía.
- 23- Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer o proceso de normalización e evitar os prexuízos.
- 24- Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.
- 25- Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
- 26- Recoñecer e valorar as variedades da lingua, identificar a estándar como variante unificadora.
- 27- Identificar os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
- 28- Ler de xeito comprensivo, expresivo ou dramatizado textos de distintos xéneros da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
- 29- Elaborar traballos individuais ou en grupo, coa axuda das TIC, relacionados coa literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
- 30- Crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados na clase.

CONTIDOS E OBXECTIVOS

Análise e comentario de textos narrativos, poéticos, teatrais, prescritivos, argumentativos e xornalísticos. **Obxectivos:** 1, 2, 6,8, 9, 13, 19, 20, 28.

Léxico: Formas de ser. O tempo meteorolóxico. Medos e arrepiños. Arquitectura e urbanismo. O tempo cronolóxico. Viaxes e turismo. A xustiza e as leis. Tempo de lecer. O cine. A radio e a televisión. As novas tecnoloxías. As relacións e os cambios semánticos. **Obxectivos:** 10,14.

Sociolingüística: O galego no primeiro terzo do XIX. As variedades da lingua: variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas. A lingua galega na posguerra. A lingua galega a partir de 1975. A lingua hoxe. O galego nos medios, en internet e en distintos ámbitos. A lusofonía. Os prexuízos lingüísticos. **Obxectivos:** 3, 9, 22, 23, 24, 25, 26.

Gramática: Fonética: vocalismo e consonantismo. A frase. A oración: suxeito, predicado e complementos do verbo. A oración composta. As oracións subordinadas substantivas, adxectivas e adverbiais. Repaso: a acentuación. O xénero. O número. O pronome persoal. O uso do *b* e *v*, o uso do *h*. O verbo. Uso do infinitivo conxugado. As perífrases verbais.

Adverbios e preposicións. Algunhas terminacións. Grupos consonánticos. **Obxectivos:** 3, 15, 16, 17, 18, 19, 21.

Literatura: A literatura no tempo das Irmandades. O grupo Nós. Castelao. Literatura de vangarda. A literatura do exilio. A narrativa de posguerra. A poesía de posguerra. A narrativa actual. Poesía e teatro actuais. Literatura dixital. **Obxectivos:** 27, 28, 29, 30.

Obradorio de expresión: O traballo monográfico. O comentario crítico. Os microrrelatos. Os caligramas. O currículo. O blog. A instancia. O folleto. O guión audiovisual. A presenza multimedia. A fotonovela. **Obxectivos:** 2, 4, 6,7,11, 13,30.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

a/ Análise e comentario de textos:

- 1- Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.
- 2- Comprender, interpretar e producir textos argumentativos; recoñecer os conectores máis frecuentes e empregarlos correctamente nas producións propias.
- 3- Comprender e interpretar textos xornalísticos.
- 4- Comprender e interpretar as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.
- 5- Comentar textos literarios de distintos xéneros atendendo á situación no contexto histórico- cultural, á comprensión temática e á estrutura e recursos formais.
- 6- Utilizar adecuadamente distintos medios e soportes electrónicos para procesar e xestionar información.

b/Léxico:

- 1- Utilizar de forma apropiada o vocabulario aprendido nas distintas unidades e lecturas.
- 2- Utilizar un léxico variado e adecuado e identificar as relacións semánticas entre as palabras.

c/Sociolingüística:

- 1- Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega e sinalar as distintas etapas desde 1916 ata a actualidade.
- 2- Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas do galego e da función da lingua estándar.
- 3- Describir e analizar a situación sociolingüística do galego nos distintos ámbitos e medios.
- 4- Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a nosa situación persoal con respecto a eles.
- 5- Coñecer os territorios que forman parte da lusofonía e describir o seu papel na nosa lingua.

- 6- Utilizar adecuadamente distintos medios e soportes electrónico para procesar e xestionar información.

d/Gramática:

- 1- Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.
- 2- Recoñecer a frase e a oración como unidades morfosintácticas e distinguir os diferentes tipos de frases.
- 3- Clasificar e analizar as oracións simples e compostas e recoñecer as oracións substantivas, adxectivas e adverbiais.
- 4- Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbo.
- 5- Distinguir e utilizar con propiedade as diferentes clases de palabras como substantivo, adxectivo, pronome persoal, verbo (perífrases verbais e infinitivos conxugados) , adverbios e preposicións.
- 6- Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas na produción de textos tanto orais como escritos.
- 7- Identificar, explicar e usar os nexos textuais así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.
- 8- Empregar correctamente os grupos consonánticos.

e/Literatura:

- 1- Coñecer basicamente as principais etapas da Literatura Galega do século XX: contexto histórico, características esenciais e autores e obras máis salientables.
- 2- Comentar textos literarios de distintos xéneros tendo en conta : o contexto histórico-cultural, a temática e a estrutura e recursos formais.
- 3- Ler expresivamente e comprensivamente, textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da Literatura Galega de 1916 ata a actualidade.

f/Obradoiro de expresión:

- 1- Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo ou comercial como o currículo, a instancia , o folleto ou a carta de presentación.
- 2- Realizar exposicións orais claras e planificadas de traballos e de información de actualidade coa axuda das TIC.
- 3- Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados, e valorar a escritura como fonte de enriquecemento persoal.
- 4- Producir textos propios adecuados á situación comunicativa, en soporte impreso ou dixital.
- 5- Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, tanto en contextos formais como informais, individualmente ou en grupo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

a/ Análise e comentario de textos:

- 1- Emprega estratexias como resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais e aplica os coñecementos gramaticais e léxicos ademais de dicionarios e outras fontes de documentación para solucionar os problemas de comprensión. Elabora esquemas e deduce información gobar do texto a partir de contidos explícitos e implícitos. **Competencias clave:** CL,AA.
- 2- Nos textos argumentativos, identifica o tema e a intención comunicativa ademais de elaborar a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados no texto. Nun debate, desenvolve argumentos comprensibles e convincentes respectando as opinións alleas. **Competencias clave:** CL,CSC, AA.
- 3- Diferenza os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión. **Competencias clave:** CL,CSC.
- 4- Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios, reflexionando sobre eles e sobre os seus usos lingüísticos, e adoptando unha postura crítica. **Competencias clave:** CL,CSC.
- 5- Comenta textos literarios de distintos xéneros atendendo á situación no contexto histórico-cultural, á comprensión temática e á estrutura e recursos formais. **Competencias clave:** CL,AA, CEC.
- 6- Utiliza de xeito adecuado distintos medios e soportes electrónicos para procesar e xestionar a información. **Competencias clave:** CD,CMCT,AA.

b/Léxico:

- 1- Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso aprendido nas distintas unidades e lecturas.
- 2- Recoñece as distintas relacións semánticas (polisemia, homonimia, sinonimia ...) e comprende as causas dos cambios semánticos e os principais recursos de substitución. **Competencias clave:** CL, AA, CEC.

c/Sociolingüística:

- 1- Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade e identifica as causas e consecuencias destes feitos. **Competencias clave:** CL, CEC.
- 2- Valora como símbolo de riqueza cultural e identifica os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas do galego. Recoñece os trazos da variedade estándar. **Competencias clave:** CL,CSC.
- 3- Describe e analiza a situación sociolingüística da lingua galega nos distintos ámbitos e medios. **Competencias clave:** CL, CD.
- 4- Identifica os prexuízos lingüísticos e analiza a súa propia práctica lingüística. **Competencias clave:** CL, CSC.
- 5- Identifica os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe explicar a súa importancia na historia da nosa lingua. **Competencias clave:** CL, CSC.

- 6- Utiliza adecuadamente distintas fontes de consulta tanto en papel como en soporte electrónico para procesar e xestionar a información. **Competencias clave:** CL,CD.

d/ Gramática:

- 1- Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao –n velar. **Competencias clave:** CL, AA.
- 2- Recoñece a frase e a oración como unidades morfosintácticas e distingue diferentes tipos de frase. **Competencias clave :** CL.
- 3- Diferencia unha oración simple dunha composta. Recoñece a estrutura interna dunha oración, identificando o verbo e os seus complementos. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado. Identifica unha oración composta e distingue entre oración substantiva, adxectiva e adverbial. **Competencias clave:** CL.
- 4- Diferencia entre enunciado e oración identificando a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente. **Competencia clave:** CL.
- 5- Identifica as distintas clases de palabras e úsaas adecuadamente aplicando as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua. Con respecto ao verbo, emprega correctamente as formas verbais e as perífrases ademais de conxugar o infinitivo. **Competencias clave:** CL.
- 6- Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas na produción de textos orais e escritos. **Competencias clave:** CL, AA.
- 7- Explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna. **Competencias clave:** CL,AA.
- 8- Escribe correctamente os grupos consonánticos –ct e –cc- e as palabras rematadas en –nte e –mento, -za/-cia,-zo/-cio,-zón/-ción. **Competencias clave:** CL.

e/Literatura:

- 1- Identifica os distintos períodos e xeracións da Literatura Galega de 1916 ata a actualidade sinalando os principais trazos do contexto histórico- cultural , autores e obras. **Competencias clave:** CL.
- 2- Comenta de forma guiada textos literarios de distintos xéneros e autores tendo en conta o contexto histórico-cultural, a temática , a estrutura e os recursos formais. **Competencias clave:** CL.
- 3- Le expresivamente e comprensivamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da Literatura Galega de 1916 ata a actualidade. **Competencias clave:** CL.

f/Obradoiro de expresión:

- 1- Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral ,administrativo ou comercial (currículo, instancia, folleto, carta de presentación...) **Competencias clave:** CL,CSC.
- 2- Fai exposicións orais claras e planificadas de traballos e de información de actualidade empregando os recursos da rede.**Competencias clave:** CL,CD.

- 3- Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o discurso, ademais do rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo. Valora a escritura como fonte de enriquecemento persoal. **Competencias clave:** CL,CEC.
- 4- Produce textos propios adecuados á situación comunicativa, en soporte impreso ou dixital. **Competencias clave:** CL,CD.
- 5- Para falar en público aplica técnicas e estratexias nas que demostra a súa competencia oral tanto cunha prosodia e fonética correcta como no uso correcto das normas e dun léxico amplo. **Competencias clave:** CL,AA.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓNS

1ª AVALIACIÓN

Lectura comprensiva e comentario de textos narrativos.

Léxico: Formas de ser. O tempo cronolóxico. Medos e arrepíos. Arquitectura e urbanismo.

Gramática: Fonética: vocalismo e consonantismo. A frase. A oración: suxeito e predicado.

Repaso: A acentuación. O xénero. O número. O uso correcto de *b* e *v*.

Sociolingüística: O galego no primeiro terzo do XIX. Variedades da lingua: variedades xeográficas, variedades diastráticas e variedades diafásicas.

Literatura: A literatura no tempo das Irmandades. O Grupo Nós. Castelao. A literatura de vangarda.

Obradorio de expresión: o traballo monográfico. O comentario crítico. O microrrelato. Os caligramas.

2ª AVALIACIÓN

Lectura comprensiva e comentario de textos prescritivos, xornalísticos, argumentativos e narrativos.

Léxico: O tempo metereolóxico. Viaxes e turismo. A xustiza e as leis. Tempo de lecer.

Gramática: Os complementos do verbo. As oracións compostas. As oracións subordinadas substantivas. **Repaso:** o pronome persoal. O uso do *h*. O verbo. Algunhas terminacións.

Sociolingüística: O galego na posguerra. A lingua galega a partir de 1975. A lusofonía. Os prexuízos lingüísticos.

Literatura: A literatura do exilio. A narrativa de posguerra. A poesía de posguerra.

Obradoiro de expresión: O currículo. O blog. A instancia. O folleto.

3ª AVALIACIÓN

Léxico: O cine. A radio e a televisión. As novas tecnoloxías. En rede. As relacións semánticas. Os cambios semánticos.

Sociolingüística: A lingua galega hoxe. O galego nos medios. O galego en Internet. O galego en distintos ámbitos.

Literatura: A poesía de posguerra. A narrativa actual. A poesía e teatro actuais. Literatura dixital.

Gramática: As oracións subordinadas adxectivas. As oracións subordinadas adverbiais.

Obradoiro de expresión: Os haikus. O guiión audiovisual. A presentación multimedia. A fotonovela.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Análise e comentario de textos:

- Lectura fluída e comprensiva de textos de distinta tipoloxía (prescritivos, argumentativos, xornalísticos e literarios) e análise dos mesmos seguindo as pautas dadas na clase. Lectura das obras programadas .
- Elaborar textos orais e escritos axeitados ao nivel requerido. Sintetizar en resumos e esquemas a información esencial dun texto discriminando as ideas principais e as secundarias.
- Empregar os distintos medios e soportes electrónicos para procesar e xestionar a información.

Literatura:

- Coñecer basicamente as principais etapas da literatura galega do século XX: contexto histórico, características esenciais e autores e obras máis salientables.
- Comentar textos literarios de distintos xéneros atendendo ao contexto histórico-social, á comprensión temática e á estrutura e recursos formais.

Sociolingüística:

- Coñecer a historia social da lingua galega dende 1916 ata a actualidade.
- Describir e analizar a situación sociolingüística do galego nos distintos ámbitos e medios de comunicación.
- Coñecer as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas do galego e o que se entende por lingua estándar.
- Saber o que son os prexuízos lingüísticos, detectalos e analízalos.
- Explicar o concepto de lusofonía.

Léxico:

- Coñecer e utilizar o vocabulario aprendido nas distintas unidades e lecturas.
- Distinguir entre polisemia, homonimia, sinonimia, antonimia, hiponimia, hiperonimia e cohiponimia. Coñecer o que é un cambio semántico, as súas causas e os principais recursos de substitución (metáfora, metonimia e sinécdoque).

Gramática:

- Distinguir as distintas clases de palabras e usalas adecuadamente. Con respecto ao verbo, ademais de empregar correctamente as formas verbais, recoñecer as perífrases verbais e conxugar o infinitivo.
- Empregar correctamente as distintas grafías, signos de puntuación e acentos
- Dominar os fundamentos básicos da sintaxe: Distinguir entre frase, oración e enunciado. Recoñecer e analizar todo tipo de frases. Identificar a unidade

morfosintáctica da oración e as frases que a compoñen. Recoñecer a distinción entre oración simple e oración composta e diferenciar os tipos de oración composta.

- Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega.
- Producir textos orais e escritos de distintos tipos aplicando correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.

Obradorio de expresión:

- Comprender e elaborar un currículo, unha instancia e unha carta de presentación.
- Producir textos propios adecuados á situación comunicativa.
- Coñecer e aplicar distintas técnicas e estratexias nas exposicións orais que demostren a competencia integrada do alumno.

METODOLOXÍA

Cada Unidade Didáctica contará cunha **información introdutoria** do/a profesor/a na que se marcarán as liñas temáticas a desenvolver na unidade así como os procedementos que se empregarán para conseguir os obxectivos sinalados. Cando o alumnado posúa a información pertinente respecto aos contidos conceptuais, serán o esquema, o resumo e/ou o mapa conceptual as técnicas que deberá coñecer e usar como instrumento non só para memorizar o aprendido senón tamén como medio para lograr un esquema mental das principais características e peculiaridades dun período da historia literaria, dun movemento ou dun/ha autor/a, tentando que ao final de curso, o alumnado posúa un coñecemento claro da historia literaria galega e a relación entre a produción literaria dunha época coas circunstancias políticas, sociais, culturais e mesmo económicas da mesma.

O comentario de texto e o coñecemento das técnicas de análise de textos de diferentes xéneros literarios, serán o instrumento axeitado para o achegamento ás características específicas dunha obra literaria e a relación co contexto da súa produción. Despois da información facilitada polo/a profesor/a a este respecto, que guiará previamente os comentarios, serán os/as alumnos/as os/as que, de forma individual e/ou en grupo practiquen ao longo do curso e en todas e cada unha das unidades didácticas, o comentario ou análise de texto con fin de que adquiren fluidez e habilidade no uso desta técnica.

As exposicións orais individuais, en parellas ou en pequeno grupo serán outro dos recursos empregados ao longo do curso, de xeito que todos e cada un dos/as alumnos/as realicen nalgún momento unha exposición oral sobre un tema e/ou esquema do mesmo, dun comentario de texto ou dun traballo de investigación no que desenvolva máis amplamente

algún apartado relacionado con algunha das Unidades Didácticas, ou sobre a análise en xeral ou de algún aspecto particular das obras de lectura obrigatoria marcadas para este curso. Deste xeito, o/a alumno/a enfrontarase ao papel de orador/a tendo que, non só planificar a súa exposición e usar dos recursos para poder realizala, senón coidar a súa fonética, gramática, sintaxe e léxico, procurando así mesmo a coherencia e a claridade.

Os traballos de investigación serán preferentemente traballos individuais, cando non sexan tarefas a realizar dentro da aula, para evitar os desequilibrios, tan habituais, no grao de implicación dos membros dun mesmo grupo. O traballo de investigación, que será exposto en clase ou entregado por escrito, servirá, dependendo do tipo de traballo, para coñecer o manexo do/a alumno/a de distintas fontes documentais, orais ou TICs, o grao de capacidade dedutiva e creativa, así como para valorar a planificación, estruturación, coherencia, claridade e corrección do traballo e o dominio lingüístico a nivel escrito do/a alumno/a. Evitarase dentro do posible, que a “investigación” non se reduza á copia exacta da información que se pode atopar nunha enciclopedia ou libro de consulta. O manexo de varias fontes e a implicación activa do alumno/a que terá que pór en práctica os seus coñecementos e os seus recursos para deducir e concluír, son os obxectivos desta actividade.

Neste curso, especialmente, deberemos potenciar a **producción de textos**, eminentemente literarios, textos de diferentes xéneros para empregar as estruturas e recursos específicos de cada un e así poñer en práctica o aprendido. Tamén poderán, despois de estudadas e analizadas as características da obra dun autor/a e do seu estilo, tentar imitalo/la coa produción propia, como un xeito lúdico e eficaz de comprender o uso, a función ou o sentido de determinados recursos e técnicas. Por outra banda, o cambio de xénero (transformar un poema en relato, ou un relato en texto dramático...), permitirá que o/a alumno/a coñeza e domine as claves de cada xénero literario.

A lectura e análise de textos literarios de diferentes autores, así como das obras de lectura obrigatoria, permitirán o **repaso de cuestións gramaticais e lingüísticas** estudadas en cursos anteriores. Será o alumnado o que terá que ir do concreto ao xeral, isto é, despois de analizar nun texto concreto algún aspecto de morfosintaxe, por exemplo, os pronomes persoais átonos, lembrar o uso dos mesmos e a súa colocación na oración. A profesora ou profesor guiará, corrixirá, se procede, despois de seren expostas oralmente as dúbidas e os comentarios pertinentes sobre a cuestión. Repaso de contidos gramaticais e lingüísticos, pois, a través dos textos literarios lidos e analizados ou escritos polo propio alumnado.

Conclusión: a lectura, o resumo, o esquema, o comentario de textos, a exposición oral, o traballo de investigación, a produción literaria propia, serán pois os eixes fundamentais do desenvolvemento das Unidades Didácticas que conforman este curso de 4º de ESO. Así mesmo, a orde e temporalización das unidades didácticas e dos contidos traballados en cada unha poderán sufrir modificacións en función das características do grupo de alumnos/as.

MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto: Lingua 4º ESO Editorial ANAYA.
- Libros de lectura obrigatoria sinalados trimestralmente.
- Libros de consulta: dicionarios, normas ortográficas e morfolóxicas...
- Medios audiovisuais: películas, documentais e gravacións.
- Fondos da biblioteca do centro. Revistas, xornais...
- Recursos na rede: webs, blogs, dicionarios, enciclopedias, correctores ortográficos, bibliotecas, actividades interactivas...

AVALIACIÓN

A avaliación concíbese coma un proceso continuo que non se pode basear só nun exame ou proba senón que ha de ter en conta todos aqueles factores que interveñan na aprendizaxe progresiva do alumno.

Procedemento de avaliación

Análise e observación de:

- Traballo na aula, de forma individual ou en equipo, sobre os contidos explicados en clase.
- Participación activa do alumno na clase.
- Traballo realizado na casa (deberes).
- Caderno de traballo do alumno: orde e claridade na presentación.
- Interese do alumno por asistir a clase co material didáctico esixido.
- Interese por realizar as tarefas no prazo sinalado.

Instrumentos de avaliación

- Exposicións orais (correcta fonética e emprego do léxico).
- Exercicios escritos realizados polos alumnos.
- Lectura e expresión correcta.
- Dominio da ortografía.
- Exame e controis varios: un deles do libro de lectura programado, non podendo aprobar a avaliación sen telo lido.

Crterios de cualificación e promoción do alumnado

- 80%: exames ou controis (orais ou escritos) dos contidos. Máximo, dous exames parciais por trimestre.
- 10%: exame de lectura obrigatoria das obras literarias marcadas trimestralmente. O alumno que non supere o control do libro de lectura correspondente, suspenderá a avaliación. No caso de ser reiterativo, poderá suspender o curso e deberá superar a devandita proba na avaliación de setembro.
- 10%: caderno, participación na aula, deberes, entrega das tarefas no tempo indicado e presenza do material axeitado na clase.

Descontarase ata un máximo de 1 punto por faltas, baixando cada falta 0,025

Despois de cada avaliación poderá ofertarse, se o/a profesor/a o considera oportuno, un **exame de recuperación**. Ao final de curso, o profesorado que imparte a materia valorará a conveniencia de sinalar ou non un exame de recuperación final (de toda a materia, se o alumnado ten suspensas as tres avaliacións; de parte da materia se o alumnado ten suspensas unha ou dúas avaliacións).

ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

A materia de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo a adquisición e mellora da competencia comunicativa e, polo tanto, desenvólvese de maneira progresiva nas diferentes etapas do ensino. Deste xeito, os/as alumnos/as que aproben o curso actual terán tamén superada a materia do curso pendente.

De todos modos, coa finalidade de facilitar a recuperación da materia pendente, o profesorado recomenda a todos/as os/as alumnos/as realizar un traballo continuado durante o curso sobre dita materia.

Para isto, o alumnado terá dúas opcións:

Realización de dous exames eliminatorios de toda a materia sobre os contidos mínimos.

Datas dos exames: 4ª semana de xaneiro e 4ª semana de abril (datas aproximativas).

Os exames terán lugar no horario normal de clases e en casos de non ser posible, pola tarde.

Actividades de reforzo para realizar semanalmente na casa que serán corrixidas polo/a profesor/a do curso actual e realización de 2 exames eliminatorios de toda a materia sobre os contidos mínimos.

Criterios de avaliación:

Actividades de reforzo: 30% da cualificación.

Exame: 70% da cualificación.

O/a profesor/a da materia dará toda a información necesaria, resolverá dúbidas, entregará modelos de exame coas posíbeis preguntas, recordará as datas dos exames e os criterios de cualificación.

A cada alumno/a pendente entregaráselle unha copia deste texto e outra dos contidos mínimos.

AVALIACIÓN INICIAL

A principios de curso, realizarase unha avaliación inicial a fin de determinar o nivel de competencia do alumnado. Mediante unha proba adaptada ao nivel requerido, valorase o seu nivel de comprensión e expresión oral e escrito, o que nos permitirá coñecer o nivel do que debemos partir e tomar as medidas pertinentes para tratar o caso do alumnado que presente carencias importantes. A proba escrita consistirá nun texto no que o alumno amosará os seus coñecementos previos a través de preguntas de comprensión e expresión sobre o texto. Isto permitiranos saber de que nivel hemos de partir e que alumnos deben reforzar as competencias básicas.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O feito diferencial, que caracteriza á especie humana, é unha realidade insalvable que condiciona todo o proceso de ensino-aprendizaxe. En efecto, os alumnos e as alumnas son diferentes no seu ritmo de traballo, estilo e capacidades. O /a profesor/a ten que ter presente que as diferenzas que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais e comúns, hai que considerar a necesidade de dispor de métodos de ensino alternativos, segundo a diversidade do alumnado e o ritmo de aprendizaxe. Así pois o profesorado realizará as adaptacións necesarias, tendo en conta os seguintes puntos:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propoñer actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexíbeis.

- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.
- Modificar a temporalización ou a orde dos contidos indicados nas unidades didácticas.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR (ELEMENTOS TRANSVERSAIS)

- Consolidación do hábito lector a través de estratexias e actividades varias, tal e como sinalamos para os cursos anteriores.
- Lecturas en cada unidade que permitan adquirir coñecementos e construír mundos con significados propios desenvolvendo a imaxinación e creando sensibilidade estética.
- Lectura de obras completas adecuadas á idade dos rapaces.
- Lectura de obras que motiven a atención do alumno cara ao patrimonio cultural que posúe, fonte de riqueza e orgullo.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DAS TIC (ELEMENTOS TRANSVERSAIS)

- Implicando o uso seguro e crítico das tecnoloxías da información e da comunicación no traballo de aula.
- Amosar suficiente grao de habilidade (tempo empregado e eficacia na selección das fontes) para procurar a información tanto na documentación escrita en soporte de papel, como nas TIC.
- Facer uso das TIC para presentar diferentes traballos escritos ou ilustrar as exposicións orais (procesador de textos, Power-Point...).
- Coñecer en Internet enlaces de interese pola información que achega de carácter educativo, cultural, social... (bibliotecas virtuais, portais educativos, xornais electrónicos, blogs de persoeiros da cultura, organismos e institucións oficiais tanto estatais como autonómicas, tanto provinciais como locais...).
- Ter capacidade para rexeitar aquela información que resulte inadecuada, sobre todo, por discriminatoria ou prexuzosa.

OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS DURANTE O CURSO

- Educación moral e cívica.
- Educación viaria.

- Educación para a saúde.
- Educación para o consumo.
- Educación para a non-discriminación por razón de sexo.
- Educación sexual.
- Educación para a paz.
- Educación ambiental.
- Educación para a diversidade intercultural.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Realización de actividades ofertadas polo Concello de Ourense (visitas guiadas, MOTECES...)
- Asistencia a conferencias de autores/as lidos/as durante o curso.
- Conmemoración de diferentes datas ao longo do curso: 25 de novembro, Día da Muller Traballadora, Día do Libro, Semana das Letras Galegas...
- Participación na Revista Literaria do Centro Rañolas.
- Participación no Concurso Literario do Centro que, dende hai anos, convoca o Departamento de Lingua Galega e Literatura con notable éxito.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Estudaranse tras cada avaliación as porcentaxes de alumnos e alumnas que non alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe propostos, analizando as causas e propondo modificacións, se é o caso, na programación ou reforzando competencias básicas se é necesario.

NIVEL: ESA III
MATERIA: <i>Ámbito de Comunicación</i>
PROFESORES/AS: <i>impartido este curso polo departamento de Lingua Española</i>

NIVEL: ESA IV
MATERIA: <i>Ámbito de Comunicación</i>
PROFESORES/AS: <i>impartido este curso polo departamento de Lingua Española</i>

NIVEL: 1º BACHARELATO
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
PROFESORES/AS: Jaime Blanco, Concepción Fernández , Constantino Pazos, Pilar Prieto

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

Na etapa do ensino posobrigatorio, a área de lingua e literatura galega ten como obxectivo fundamental o enriquecemento da capacidade comunicativa do alumnado, competencia que xa se vén traballando dende a ESO. Neste sentido non se produce un salto cualitativo considerable entre ambas as dúas etapas por canto que o obxectivo fundamental vén ser o mesmo: a adquisición e mellora da competencia comunicativa, entendida esta coma unha competencia ampla que abrangue saberes lingüísticos, sociolingüísticos e discursivos e que lle debe reportar ao alumnado a capacidade para usar a lingua (tanto a nivel receptivo, coma produtivo e interaccional) nas diversas esferas da actividade social e individual.

A diferenza deste currículo con respecto ao da etapa anterior radica fundamentalmente na maior sistematización de coñecementos lingüísticos e literarios e na abordaxe de situacións comunicativas e textos (nomeadamente dos ámbitos científico, académico e dos medios de comunicación) cada vez máis complexos e acordes coa idade e a madurez intelectual do noso alumnado, que ha de entender esta etapa coma unha continuación dos seus estudos obrigatorios que os axudará a prepararse para retos futuros, estean estes no mundo laboral ou no mundo académico.

Daquela existe unha filosofía pedagóxica e didáctica común aos dous currículos se ben é evidente que no de bacharelato debe haber unha progresión de contidos con respecto ao da ESO, co fin de non convertelo en algo meramente repetitivo. O criterio que se segue polo tanto é o de atender a aqueles aspectos que na etapa de ensino obrigatorio puideran ter un menor tratamento e, ao tempo, afondar noutros contidos que (por idade e madurez intelectual dos/das alumnos/as) se visen dun xeito máis superficial daquela.

O nivel de coñecementos de lingua e literatura galega que se adquire ao rematar o bacharelato corresponde ao dunha persoa capaz de comprender unha ampla variedade de textos orais e escritos extensos e con certo nivel de dificultade, expresarse de forma fluída e espontánea en distintos contextos comunicativos, producir textos ben estruturados sobre diferentes temas e mostrar un uso correcto da norma ortográfica e morfosintáctica.

Segundo a lexislación vixente, **os obxectivos fundamentais** do ensino da materia de lingua galega e literatura son o desenvolvemento das seguintes actividades e competencias comunicativas:

- 1.- Comprender o contido global e particular, así como a intención e propósito dos discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural, nomeadamente: dos ámbitos público, educativo, profesional e dos medios de comunicación.
- 2.- Expressar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas (especialmente ás do ámbito académico) e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
- 3.- Desenvolver as principais técnicas de comunicación e aprendizaxe relativas á comprensión e á produción que se empregan durante a interacción oral, para lograr os fins pretendidos e atendendo aos distintos contextos.
- 4.- Identificar os diversos tipos de textos orais, escritos e audiovisuais e reflexionar sobre a súa estrutura así como recoñecer o seu tema e a organización da información.
- 5.- Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos e utilizar con autonomía e espírito crítico as novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- 6.- Planificar, realizar e corrixir as propias producións de xeito que a persoa usuaria da lingua sexa un axente social no seu ámbito, contribuíndo a consolidar as distintas funcións sociais da lingua (de identidade, familiar, laboral, local, institucional, cultural e internacional).
- 7.- Coñecer a realidade multilingüe do mundo, de Europa e do estado español, valorando positivamente a riqueza que representa e fomentar o desenvolvemento da competencia pluricultural e, en especial, o da plurilingüe.
- 8.- Coñecer, analizar e reflexionar sobre a situación social da nosa lingua e factores e procesos que ao longo da súa historia a levaron á situación actual.
- 9.- Analizar os diferentes usos sociais da lingua, valorar as súas variedades, superar estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos, en especial os referidos ás mulleres, para evitalos.
- 10.- Recoñecer e analizar as distintas unidades da lingua e o seu funcionamento a partir dos distintos tipos de textos que se producen en contextos diferentes e cun achegamento analítico que observe a lingua partindo da globalidade para chegar ás partes mínimas.
- 11.- Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como unha condición para que a comunicación funcione de maneira óptima.
- 12.- Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa, almacenable a longo prazo, de fácil acceso e formalmente correcto.

- 13.- Coñecer as características das principais etapas da literatura galega así como as correntes, xéneros, autoras e autores e obras máis representativos utilizando fontes bibliográficas axeitadas para o seu estudo.
- 14.- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos representativos das diferentes épocas da literatura galega en tanto que expresión de determinadas circunstancias sociohistóricas.
- 15.- Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

CONTIDOS E OBXECTIVOS

En Lingua e Literatura de 1º de Bacharelato os contidos divídense nos seguintes bloques.

➤ **Lingua e texto**

- Reflexión e comprensión dos principais conceptos de lingüística xeral que teñen que ver coa comunicación e a linguaxe. **Obxec:** 1,5.
- Reflexión sobre o concepto de rexistro lingüístico, os seus tipos e as súas manifestacións lingüísticas. Aplicación ás producións propias dos coñecementos adquiridos. Análise do rexistro en producións alleas. **Obxec:** 1,2, 5,6, 9, 11.
- Presentación e corrección ortográfica en todo tipo de textos. Repaso de casos de ortografía dubidosa. **Obxec:** 2, 6.
- Texto descritivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Substantivo e adxectivo: xénero e número, o grao do adxectivo, as conxuncións comparativas. **Obxec:** 2, 4, 5, 10.
- Texto expositivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Outras palabras adnominais (artigo, demostrativo, posesivo, cuantificadores e identificadores). Caracterización e tipoloxía. **Obxec:** 2, 4,5, 10.
- Texto narrativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. O verbo: a conxugación verbal regular e irregular. As perífrases verbais. O infinitivo conxugado. Descrición e usos. **Obxec:** 2, 4, 5, 10.
- Texto argumentativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Os conectores: preposicións e conxuncións. Caracterización e tipoloxía. As locucións prepositivas. O adverbio: caracterización e tipoloxía. As locucións adverbiais. **Obxec:** 2, 4, 5, 10.

- Texto dialogado: intención comunicativa, estrutura formal e de contido; características lingüísticas. Os pronomes: caracterización e tipos. Funcións e usos. **Obxec:** 2, 3, 4, 10.

➤ Sociolingüística

- A formación da lingua galega: substrato e superestrato. O estrato latino: principais evolucións fonéticas do latín ao galego. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Familias léxicas irregulares. **Obxec:** 8, 12
- A lingua galega na Idade Media: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística. **Obxec:** 9, 13, 14.
- A lingua galega nos Séculos Escuros: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística. **Obxec:** 9, 13, 14.
- A lingua galega no Rexurdimento: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística **Obxec:** 9, 13, 14.
- A diversidade lingüística no mundo e en Europa: unidade e diversidade lingüística. Multilingüismo e plurilingüismo. **Obxec:** 7,8, 9.
- A diversidade lingüística na Península Ibérica: linguas faladas na península Ibérica. Territorios, usos e situación legal. O caso galego. **Obxec:** 7, 8, 9.

➤ Literatura

- A literatura e o texto literario. Xéneros e recursos formais. Introducción á cronoloxía xeral da historia da literatura galega. **Obxec:** 13,14,15.
- A literatura medieval: a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), os xéneros menores e a lírica relixiosa (as cantigas de Santa María). Caracterización, lectura e comentario. A prosa medieval. **Obxec:** 13, 14, 15.
- A literatura nos Séculos Escuros e na Ilustración: literatura popular e culta. Caracterización, lectura e comentario. Marco histórico e cultural. **Obxec:** 13, 14, 15.
- A literatura no século XIX: o Prerrexurdimento. O Rexurdimento. Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Outros autores coetáneos. Interpretación e análise da obra. **Obxec:** 13, 14, 15.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN

1º TRIMESTRE

➤ **Unidade 1: A comunicación e o signo lingüístico.**

- A comunicación.
- Elementos da comunicación.
- O signo lingüístico.
- Comunicación animal-linguaxe humana.
- Funcións da linguaxe.

➤ **Unidade 2: A diversidade lingüística no mundo e en Europa.**

- Introducción.
- A diversidade lingüística no mundo.
- A diversidade lingüística e cultural de Europa.
- A romanización.

➤ **Unidade 3: A diversidade lingüística na Península Ibérica.**

- As linguas da península ibérica.
- O castelán ou español.
- O catalán e o valenciano.
- O éuscaro ou vasco.
- O galego

A LITERATURA GALEGA NA HISTORIA. ETAPAS.

- Introducción
- A Idade Media.
- Séculos Escuros.
- Idade contemporánea.

➤ **Unidade 4: Historia da Lingua I: Idade Media.**

- Do latín ao galego.
- Principais cambios que caracterizan a evolución do latín ao galego.
- Palabras patrimoniais, cultas e semicultas.
- O galego na Idade Media.

➤ **Unidade 5: Os nomes: substantivo e artigo.**

- O substantivo.
- O artigo.

➤ **Unidade 6: Os nomes: o adxectivo.**

- Definición.
- Clases.
- Xénero e número.
- Os graos.

➤ **Unidade 7: O texto descritivo.**

- Definición.
- Clases.
- Estrutura.
- Procedementos lingüísticos.

➤ **Unidade 8: O texto expositivo.**

- Definición.
- Estrutura.
- Tipos.
- Procedementos.
- Características lingüísticas.
- O ensaio.

➤ **Unidade 18: O texto dialogado.**

- Definición.
- Estrutura.
- Clasificación.
- Características lingüísticas.

2º TRIMESTRE

➤ **Unidade 4: Idade Media. Marco histórico e cultural. Lírica medieval.**

- Ámbito xeográfico.
- Ámbito social.
- Ámbito temporal.
- Os textos conservados.

➤ **Unidade 5: Cantigas de amor.**

- Caracterización.
- Temática.
- Os protagonistas.
- Clasificación.

➤ **Unidade 6: Cantigas de amigo.**

- Caracterización.
 - A forma. O paralelismo.
 - Clasificación e variedades.
 - Paisaxe.
- **Unidade 7: Cantigas de escarnio e maldicir.**
- Caracterización.
 - Temática.
 - Outros xéneros. Xéneros dialogados.
- **Unidade 8: Os pronomes.**
- Definición.
 - Os pronomes persoais.
 - Os pronomes demostrativos.
 - Os pronomes posesivos.
 - Lírica relixiosa.
 - Características.
 - Clasificación e estrutura.
 - Fontes e códices.
 - Métrica e lingua.
 - Afonso X e as Cantigas.
- **Unidade 9: Prosa medieval.**
- Caracterización, ámbito xeográfico e cronoloxía.
 - A narrativa. Os ciclos bretón e clásico.
 - Historiografía.
 - Outros textos.
- **Unidade 10: Os séculos escuros. Marco histórico e cultural.**
- Introducción.
 - A decadencia da lírica trobadoresca.
 - As causas da decadencia.
 - Literatura popular e tradicional.
 - A literatura culta nos séculos XVI e XVII.
- **Unidade 11: A ilustración.**
- Introducción.
 - A ilustración galega.
 - O cura de Fruíme.
 - Martín Sarmiento.

- Cornide Saavedra.
- **Unidade 12: A literatura de tradición oral.**
 - Definición e características.
 - Literatura popular galega: da Idade Media ao século XX.
- **Unidade 13: O texto narrativo.**
 - Definición.
 - Clases de textos narrativos.
 - Textos narrativos literarios.
 - Textos narrativos non literarios.
 - Características lingüísticas.

3º TRIMESTRE

- **Unidade 10: Os verbos regulares.**
 - Definición.
 - A conxugación verbal.
 - Clasificación formal.
 - Elementos morfolóxicos.
 - Os tempos verbais.
- **Unidade 11: Os verbos semirregulares e irregulares.**
 - Verbos semirregulares.
 - Verbos irregulares.
- **Unidade 12: Formas nominais e perífrases verbais.**
 - Formas nominais.
 - Perífrases verbais.
- **Unidade 13: Marco histórico e cultural do Rexurdimento.**
 - Introducción.
 - A sociedade galega do século XIX.
 - O galeguismo.
- **Unidade 14: Autores da primeira metade do XIX.**
 - Un novo tempo.
 - Da guerra da independencia ao provincialismo (1808-1845).
 - Do provincialismo a *Cantares gallegos* (1846-1863).
- **Unidade 15: Adverbios, preposicións e conxuncións.**
 - Adverbios.

- Preposicións.
- Conxuncións.
- Rosalía de Castro.
- Vida.
- *Cantares gallegos* (1863).
- *Follas novas* (1880).

➤ **Unidade 16: O texto argumentativo.**

- Definición.
- Clases.
- Estrutura.
- Tipos.
- Características lingüísticas.
- Manuel Curros Enríquez
 - Introducción.
 - A vida.
 - Poesía costumista.
 - Poesía cívica.
 - Poesía satírica.
 - Poesía lírica.

➤ **Unidade 17: As variedades lingüísticas.**

- A variedade estándar e a estandarización da lingua.
- Variantes e variedades e os seus tipos.
- Variedades dependentes da identidade do falante: sociolectos.
- Variedades dependentes da situación comunicativa: estilos.
- Variedades do galego.
- Variedades diacrónicas ou históricas. Períodos históricos do galego.
- Variedades dialectais do galego: bloques e áreas lingüísticas.
- Eduardo Pondal
 - A vida.
 - A obra.
 - Celtismo.
 - Helenismo.
 - Os Eoas.
 - A lingua.

➤ **Unidade 18: Outros autores. A prosa e o teatro do XIX.**

- Valentín Lamas Carvajal (1849-1906).
- Manuel Leiras Pulpeiro (1854-1912)
- A narrativa.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR UNIDADES.

➤ **Unidade 1. A comunicación e o signo lingüístico.**

- Distinguir entre lingua e linguaxe.
- Comprender as características da comunicación humana.
- Distinguir os distintos tipos de comunicación.
- Identificar dos elementos básicos de transmisión de información.
- Identificar as funcións da linguaxe.

➤ **Unidade 2. A diversidade lingüística no mundo e en Europa.As orixes da literatura.**

- Recoñecer as linguas románicas e da familia indoeuropea.
- Reflexionar sobre a diversidade e a desigualdade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.
- Analizar a situación sociolingüística galega, europea e mundial.
- Recoñecer e analizar as actitudes psicosociais e sociolingüísticas en situacións de comunicación concretas.
- Describir a historia da lingua do latín ao galego e distinguir os elementos constitutivos deste.

➤ **Unidade 3. A diversidade lingüística na Península Ibérica. A literatura galega na historia.**

- Analizar e comprender a complexidade da situación lingüística galega.
- Coñecer a situación sociolingüística na Península Ibérica.
- Estudar e recoñecer a pluralidade de actitudes sociolingüísticas nas diferentes situacións comunicativas.
- Coñecer os diferentes períodos da literatura galega e contextualizalos.

➤ **Unidade 4. Historia da Lingua: Idade Media.**

- Reflexionar sobre a evolución da lingua galega desde o seu nacemento ata o Rexurdimento.
- Sinalar os principais cambios que caracterizan a evolución do latín ao galego.
- Recoñecer os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e citar exemplos.
- Distinguir as familias léxicas irregulares e utilízalas correctamente.

- Recoñecer e valorar o legado cultural medieval na lingua e na literatura galega.
 - Identificar os trazos máis característicos da nosa lírica medieval.
 - Recoñecer as formas métricas propias da Idade Media.
 - Ler e comentar cantigas medievais relacionándoas co contexto sociohistórico e o xénero ao que pertencen.
- **Unidade 5. Os nomes : substantivos e artigo. Cantiga de amor.**
- Identificación, clasificación e descrición morfolóxica das seguintes categorías gramaticais : substantivo e artigo.
 - Identificar os trazos máis característicos da cantiga de amor.
 - Comentar unha cantigas de amor (características temáticas e formais) relacionándoa co contexto sociohistórico e sociolingüístico.
- **Unidade 6. Os nomes : o adxectivo. Cantigas de amigo**
- Recoñecer e identificar os trazos característicos dos adxectivos, explicar o seu uso e valores nos textos.
 - Identificar os trazos máis característicos da cantiga de amigo.
 - Comentar unha contiga de amigo (características temáticas e formais) relacionándoa co contexto sociohistórico e sociolingüístico.
- **Unidade 7. O texto descritivo. Cantigas de escarno e maldicir. Xéneros menores.**
- Analizar a tipoloxía, as estruturas e as propiedades do texto descritivo e produci-lo, tanto a nivel oral como escrito, nos distintos ámbitos de uso.
 - Recoñecer as características deste tipo de cantigas e comentalas nun poema previa contextualización.
- **Unidade 8. Os pronomes. A lírica relixiosa.**
- Identificar, clasificar e describir morfoloxicamente as seguintes categorías gramaticais: pronomes persoais, demostrativos e posesivos.
 - Describir as características da lírica relixiosa e identificalas nun poema.
- **Unidade 9. O texto expositivo. A prosa medieval.**
- Caracterizar, identificar e producir textos expositivos, orais e escritos, pertencentes a distintos ámbitos de uso.
 - Ler distintos textos narrativos medievais, identificando e analizando as súas características temáticas e formais e pondoos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.
- **Unidade 10. Os verbos regulares. Os Séculos Escuros.**
- Identificar, clasificar, conxugar e describir morfoloxicamente os verbos regulares. Explicar os seus usos e valores nos textos.

- Coñecer, analizar e reflexionar sobre as causas da decadencia que nos levaron aos Séculos Escuros.
 - Ler textos da literatura popular e tradicional, identificando os seus principais trazos formais, estruturais e temáticos. Historiar a súa vitalidade ata a época actual.
- **Unidade 11. Os verbos semirregulares e irregulares. A Ilustración.**
- Identificar, clasificar, conxugar e describir morfoloxicamente os verbos semirregulares e irregulares. Explicar os seus usos e valores no texto.
 - Analizar o contexto socio-político e ler textos dos principais autores da época.
- **Unidade 12. Formas nominais e perífrases verbais. A literatura de tradición oral.**
- Recoñecer, clasificar e describir morfoloxicamente o infinitivo conxugado e as perífrases verbais. Explicar os seus usos e valores no texto.
 - Definir o termo de literatura de tradición oral e ler e comentar as súas principais manifestacións.
- **Unidade 13. O texto narrativo. Marco histórico e cultural do Rexurdimento.**
- Caracterizar, identificar e producir textos narrativos, orais e escritos, pertencentes a distintos ámbitos de uso.
 - Reflexionar sobre o marco histórico e cultural do Rexurdimento.
- **Unidade 14. Autores da primeira metade do XIX.**
- Reflexionar de xeito crítico sobre a evolución da lingua galega desde a Idade Media ata o século XIX.
 - Ler e comentar textos dos principais precursores e analizar a súa importancia na recuperación do galego como lingua literaria.
 - Coñecer o contexto histórico-social e os principais feitos históricos deste período.
 - Reflexionar de xeito crítico sobre a evolución da lingua galega desde o seu nacemento ate o Rexurdimento.
- **Unidade 15. Adverbios, preposicións e conxuncións. Rosalía de Castro.**
- Identificar, clasificar e describir morfoloxicamente as devanditas categorías gramaticais. Analizar a importancia dos conectores na produción coherente e cohesionado dun texto e empregalos na práctica lingüística.
 - Analizar a importancia da figura de Rosalía de Castro na historia da literatura galega e universal. Ler e comentar os seus poemas.
- **Unidade 16. O texto argumentativo. Manuel Curros Enríquez.**
- Analizar a tipoloxía, estrutura e propiedades textuais do texto argumentativo e producilos tanto na escrita como na oral.

- Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.
 - Coñecer e analizar a obra de Manuel Curros Enríquez e comentar algúns dos seus poemas.
- **Unidade 17. As variedades lingüísticas . Eduardo Pondal.**
- Coñecer e analizar a obra de Eduardo Pondal e comentar algúns dos seus poemas.
 - Identificar as propiedades formais da lingua falada e da lingua escrita.
 - Coñecer o rexistro de información proveniente de fontes escritas e orais.
 - Recoñecer e identificar os diferentes rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais e valorar a importancia de usar o rexistro axeitado a cada momento.
 - Identificar as variedades lingüísticas.
- **Unidade 18. Outros autores . A prosa e o teatro do XIX.**
- Achegamento á prosa e ao teatro do século XIX, a través dos autores máis significativos .
 - Ler e comentar textos narrativos representativos do Rexurdimento, identificando as súas características temáticas e formais e relacionándoas co contexto histórico-social.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN COMÚNS A TODAS AS UNIDADES

- 1- Expoñer oralmente un tema con rigor e claridade aplicando os coñecementos gramaticais e utilizando unha fonética e prosodia correcta.
- 2- Producir textos orais, adecuados á situación e intención comunicativa, con coherencia , cohesión e corrección.
- 3- Usar adecuadamente o léxico común e específico da nosa lingua.
- 4- Aplicar os conceptos de gramaticalidade, corrección e coherencia na elaboración oral e escrita de textos para os diversos ámbitos de uso.
- 5- Utilizar as distintas técnicas auxiliares e de procedementos de documentación para comprender e producir ou interpretar textos propios, usuais na vida académica e alleos.
- 6- Obter información a partir de distintas fontes e aplicación das novas tecnoloxías.
- 7- Identificar o sentido literal e aproximado da información implícita.
- 8- Utilizar adecuada e correctamente a normativa referida á ortografía, á morfoloxía e ao léxico.
- 9- Aplicar conceptos e métodos básicos de semántica (sinonimia, antonimia) á produción, interpretación e análise de textos.

10- Elaborar textos atendendo ao medio de transmisión (oral, escrito e audiovisual), á tipoloxía textual (narrativa, expositiva, argumentativa, etc.) e ao tipo de discursos (científico, técnico, administrativo, publicitario, cultural, etc.).

11- Interpretar textos de distinto tipo (científicos, técnicos, culturais, medios de comunicación...) e emitir xuízos persoais fundamentados.

12- Identificar a idea principal e as ideas secundarias dun texto e esquematizar e sintetizar o sentido global.

13- Establecer relacións adecuadas entre texto, obra literaria e o marco sociocultural e estético no que se produciu e conectar o seu contido ideolóxico cos valores da sociedade actual.

14- Crear textos literarios dos distintos xéneros nos que predomine a calidade expresiva, estética, lúdica ou imaxinativa.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Unidade 1. A comunicación e o signo lingüístico.

- Discrimina lingua e linguaxe, lingua e fala.
- Comprende e explica as características da linguaxe.
- Nun acto comunicativo identifica os elementos da comunicación.
- Identifica a intención comunicativa das mensaxes distinguindo as funcións da linguaxe.

Competencias clave: CL, AA,CEC,CMCT.

Unidade 2. A diversidade lingüística no mundo e en Europa. As orixes da literatura.

- Identifica e contextualiza as linguas románicas e da familia europea.
- Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica
- Describe a situación sociolingüística galega, europea e mundial.
- Distingue as funcións sociais da lingua e determina a situación do galego respecto a ela.

Competencias clave: CL, CSC, CCEC.

- Describe a romanización e o nacemento das linguas romances. **Competencias clave:** CL.
- Identifica e describe os diferentes elementos constitutivos do galego ao longo da historia (substrato, estrato e superestrato). **Competencias clave:** CL, CSC.

Unidade 3. A diversidade lingüística na Península Ibérica . A literatura galega na historia.

- Diferencia e explica os conceptos básicos da sociolingüística (lingua minorizada, conflito lingüístico, diglosia...) aplicándoos á realidade da lingua galega.
- Describe a situación sociolingüística na Península Ibérica.

- Nas diferentes situacións comunicativas analiza e recoñece a pluralidade de actitudes sociolingüísticas.

Competencias clave: CL, CSC, CCEC.

- Coñece e sitúa cronoloxicamente as distintas etapas da literatura galega.

Competencias clave: CL.

Unidade 4: Historia da Lingua: Idade Media.

- Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego Antigo, Medio e Moderno.

Competencias clave: CL

- Identifica os principais cambios evolutivos do latín ao galego. **Competencias clave:** CL.

- Recoñece os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e cita algún exemplo.

Competencias clave: CL.

- Recoñece e valora o legado cultural medieval tanto na lingua coma na literatura galega:

Competencias clave: CEC.

- Identifica os trazos máis característicos da lírica medieval.

- Recoñece nun texto as formas métricas máis comúns da lírica medieval.

- Le e comenta cantigas medievais relacionándoas co contexto sociohistórico e o xénero ao que pertencen.

Competencias clave: CL, CSC, CEC.

Unidade 5. Os nomes: substantivos e artigo. Cantiga de amor.

- Identifica e explica os usos e valores do substantivo e artigo nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual e con outros compoñentes da situación comunicativa. **Competencias clave:** CL, AA.

- Identifica os trazos máis característicos da cantiga de amor.

- Le e comenta unha cantiga de amor describindo as súas características temáticas, formais e estruturais e relaciónaa co contexto sociohistórico e sociolingüístico.

Competencias clave: CL.

Unidade 6. Os nomes : o adxectivo. Cantigas de amigo.

- Identifica e explica os usos e valores do adxectivo nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual e con outros compoñentes da situación comunicativa.

Competencias clave: CL, AA.

- Identifica os trazos máis característicos da cantiga de amigo.

- Le e comenta unha cantiga de amigo describindo as súas características temáticas, formais e estruturais e relaciónaa co contexto sociohistórico e sociolingüístico.

Competencias clave: CL.

Unidade 7. O texto descritivo. Cantigas de escarnio e maldicir. Xéneros menores.

- Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal , de contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e produce outros textos similares.

Competencias clave: CL.

- Le e recoñece as características dunha cantiga de escarnio e dun xénero menor, comentando a súa estrutura temática e formal dentro do contexto histórico-cultural ao que pertence.

Competencias clave: CL.

Unidade 8. Os pronomes. A lírica relixiosa.

- Identifica e explica os usos e valores dos pronomes relacionándoos coa intención comunicativa e a tipoloxía textual. **Competencias clave:** CL, AA.

- Le poemas pertencentes á lírica relixiosa, identifica as súas principais características e relaciónaos co contexto histórico-cultural. **Competencias clave:** CL, AA.

Unidade 9. O texto expositivo. A prosa medieval.

- Produce textos expositivos, orais e escritos, en distintos ámbitos de uso, identificando os trazos que os caracterizan. **Competencias clave:** CL.

- Le distintos textos da narrativa medieval e coméntaos, pondoos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. **Competencias clave:** CL.

Unidade 10. Os verbos regulares. Os Séculos Escuros.

- Identifica, clasifica, conxuga e describe morfoloxicamente os verbos regulares, explicando os seus usos e valores nun texto. **Competencia clave:** CL, AA.

- Describe o contexto sociohistórico e sociolingüístico dos Séculos Escuros e analiza as causas que levaron a esta situación. **Competencias clave:** CL, CSC, CEC.

- Le e comenta textos dos diferentes xéneros da literatura popular e tradicional e identifica os seus principais trazos formais, estruturais e temáticos. **Competencias clave:** CL:

Unidade 11. Os verbos semirregulares e irregulares. A Ilustración.

- Identifica, clasifica, conxuga e describe morfoloxicamente os verbos semirregulares e irregulares, explicando os seus usos e valores nun texto. **Competencia clave:** CL, AA.

- Analiza e describe o contexto socio-político da Ilustración e le e comenta textos dos autores máis representativos. **Competencias clave:** CL, CEC, AA.

Unidade 12. Formas nominais e perífrases verbais. A literatura de tradición oral.

- Identifica e explica os usos das formas nominais do verbo e das perífrases relacionando a súa presenza coa intención comunicativa e tipoloxía textual, como con outros compoñentes.

Competencias clave: CL, AA.

- Define Literatura de Tradición Oral e identifica os trazos máis salientables deste xénero.

Competencias clave: CL.

Unidade 13. O texto narrativo. Marco histórico e cultural do Rexurdimento.

- Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos. **Competencias clave:** CL.

- Describe e analiza o contexto histórico da 1ª metade do XIX, identificando os feitos históricos e culturais máis importantes. **Competencias clave:** CL, AA.

Unidades 14. Autores da primeira metade do XIX.

- Analiza e describe a evolución da lingua galega dende a Idade Media ata o XIX. **Competencias clave:** CL, AA.

- Le e comenta textos dos principais precursores e analiza a súa importancia na recuperación do galego como lingua de cultura. **Competencias clave:** CL.

Unidade 15. Adverbios, preposicións e conxuncións. Rosalía de Castro.

- Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e úsaos nos textos. Emprega correctamente os conectores na elaboración de textos, orais e escritos, de distintos ámbitos.

Competencias claves: CL.

- Le e comenta poemas de Rosalía de Castro e valora a súa importancia na historia da literatura galega e universal. **Competencias claves:** CL, AA, CEC.

Unidade 16. O texto argumentativo. Manuel Curos Enríquez.

- Comprende, interpreta e sintetiza un texto argumentativo identificando os elementos que o definen e produce textos deste tipo. **Competencias clave:** CL.

- Participa en debates orais sobre temas de actualidade nos que expresa a súa opinión, planificando e consultando fontes de información, e respectando as quendas e opinións alleas.

Competencias clave: CL, CSC, CD, AA.

- Le e comenta poemas de Manuel Curros Enríquez e valora a súa importancia na historia da literatura galega. **Competencia clave:** CL, AA, CEC.

Unidade 17. As variedades lingüísticas. Eduardo Pondal.

- Le e comenta poemas de Eduardo Pondal e valora a importancia da súa obra na historia da literatura galega. **Competencia clave:** CL, AA, CEC.
 - Identifica as propiedades formais da lingua falada e da lingua escrita.
 - Recoñece o rexistro de información proveniente de fontes escritas e orais.
 - Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro e utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa.
- Competencias clave:** CL, SC.

Unidade 18. Outros autores. A prosa e o teatro do XIX.

- Le e comenta algúns dos textos máis significativos da prosa e do teatro do XIX, caracterizándoos formal, estrutural e tematicamente e pondoos en relación co contexto socio-cultural. **Competencias clave:** CL.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVES COMÚNS A TODAS AS UNIDADES

- 1-Desenvolve oralmente un tema con rigor e claridade, aplica os coñecementos gramaticais aprendidos e utiliza unha fonética e prosodia adecuada. **Competencias clave:** CL, CSC.
- 2- Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. **Competencias clave:** CL.
- 3- Emprega un léxico variado e axeitado ao tema tratado e á situación comunicativa. **Competencia clave:** CL.
- 4-Produce textos orais e escritos pertencentes a distintos ámbitos de uso aplicando os conceptos de gramaticalidade, corrección e coherencias. **Competencias clave:** CL.
- 5-6. Emprega, ademais doutras fontes, as TIC para documentarse bibliograficamente e revisar gramaticalmente o texto. **Competencias clave:** CL, CD, AA.
- 7- Identifica o sentido literal e aproximado da información implícita. **Competencias claves:** CL, AA.
- 8- Coñece e usa correctamente na súa práctica lingüística as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. **Competencias clave:** CL.
- 9- Recoñece as principais relacións semánticas (sinonimia, polisemia...) nun discurso e aplícaas na produción e interpretación de textos. **Competencias clave:** CL.
- 10- Produce textos orais e escritos atendendo aos medios de transmisión (oral, escrito e audiovisual), á tipoloxía textual e ao tipo de discurso (científico administrativo, publicitario, etc.). **Competencias clave:** CL, CD, AA, CEC.
- 11- Comenta e interpreta textos de distinta tipoloxía e emite xuízos persoais fundamentados. **Competencia clave:** CL, AA.

12- Identifica a idea principal e as ideas secundarias dun texto e esquematiza e sintetiza o seu sentido global. **Competencias clave:** CL.

13-Relaciona adecuadamente texto, obra e marco sociocultural e estético no que se produce e conecta o seu contido ideolóxico cos valores da sociedade actual. **Competencias clave:** CI, CEC.

14- Produce textos literarios de distintos xéneros con calidade expresiva, estética e imaxinativa. **Competencias clave:** CL, CRC.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

- Lectura comprensiva, análise e comentario de diferentes textos (argumentativos, expositivos...).
- Producción de textos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica.
- Identificar, clasificar e empregar correctamente as distintas clases de palabras.
- Dominar o léxico básico nas distintas situacións comunicativas.
- A formación da lingua galega: substrato e superestrato. O estrato latino: principais evolucións fonéticas do latín ao galego. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Familias léxicas regulares.
- A realidade plurilingüe e pluricultural de España.
- A literatura medieval. Identificación, temas e aspectos formais básicos das cantigas de amigo, amor, satíricas, xéneros menores e relixiosas.
- Os Séculos Escuros. Análise do contexto e características xerais.
- O século XIX. Rosalía, Pondal e Curros. Comentario, núcleos temáticos e principais características formais.
- Lectura dos libros marcados para o curso.
- Demostrar unha competencia básica de expresión oral, a través da exposición de traballos ou outras actividades propostas polo/a profesor/a.

METODOLOXÍA

Cada Unidade Didáctica contará cunha **información introdutoria** do profesor/a na que se marcarán as liñas temáticas a desenvolver na unidade así como os procedementos que se empregarán para conseguir os obxectivos sinalados.

O **comentario de texto** e o coñecemento das técnicas de análise de textos, serán o instrumento axeitado para o achegamento ás características específicas dunha obra literaria e a relación co

contexto da súa produción. Despois da información facilitada polo profesor a este respecto, que guiará previamente os comentarios, serán os alumnos/as os que, de forma individual e en grupo practiquen ao longo do curso o comentario ou análise de texto coa fin de que adquiran fluidez e habilidade no uso desta técnica.

As **exposicións orais individuais**, en parellas ou en grupo, serán outro dos recursos empregados ao longo do curso, de xeito que todo o alumnado realice nalgún momento unha exposición oral sobre un tema. Deste xeito, o alumno/a enfrontarase ao papel de orador/a tendo que, non só planificar a súa exposición e usar dos recursos para poder realizala, senón coidar a súa fonética, gramática, sintaxe e léxico, procurando asemade a coherencia e a claridade.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de texto: Lingua 1º Bacharelato de CONSORCIO. No caso dos estudos nocturnos será o profesor o que indique o emprego do libro de texto correspondente ou de fotocopias.

Libros de lectura obrigatoria sinalados trimestralmente.

Libros de consulta: dicionarios, normas ortográficas e morfolóxicas...

Medios audiovisuais: presentacións e actividades multimedia, películas, audios e documentais .

Fondos da biblioteca do centro. Revistas, xornais...

Recursos na rede: webs, blogs, dicionarios, enciclopedias, correctores ortográficos, bibliotecas, actividades interactivas...

AVALIACIÓN

A avaliación concíbese coma un proceso continuo que non se pode basear só nun exame ou proba senón que ha de ter en conta todos aqueles factores que interveñan na aprendizaxe progresiva do alumno sendo necesario diversificar as ferramentas de avaliación.

Procedementos de avaliación

Análise e observación de:

- Traballo na aula, de forma individual ou en grupo, sobre os contidos explicados en clase.
- Participación activa do alumno na clase.
- Traballo realizado na casa (deberes).
- Interese do alumno por asistir a clase co material didáctico esixido.

- Interese por realizar as tarefas no prazo sinalado.

Instrumentos de avaliación

- Exposicións orais (planificación, fonética, dominio da gramática, riqueza de léxico e coherencia e claridade).
- Exercicios escritos realizados polos alumnos.
- Lectura e expresión correcta.
- Dominio da ortografía.
- Exame e controis varios.
- Estudo diario (chamadas de clase)

Criterios de cualificación e promoción do alumnado

- 80 %: exames ou controis (orais ou escritos) dos contidos conceptuais.
- 10%: exame de lectura obrigatoria das obras literarias marcadas trimestralmente. O alumno que non supere o control do libro de lectura correspondente, suspenderá a avaliación. No caso de ser reiterativo, poderá suspender o curso e deberá superar a devandita proba na avaliación de setembro.
- 10 %: realización de traballos extraescolares :revista “Rañolas”, certames literarios, tertulias literarias, exposicións orais e todas aquelas actividades sinaladas polo profesor na clase.

Realizarase un exame ou dous por avaliación, coa súa correspondente recuperación.

Na nota do exame, seguindo o criterio da ABAU , aplicarase o seguinte desconto ata un máximo de 1,50.

- **Descontaranse 0,10 puntos> Moi graves:** Aquelas solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono, formación do número, formación do xénero, castelanismos...)
- **Descontarase 0,05 puntos> Graves:** Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y...), acentuación diacrítica...
- **Descontarase 0,02 puntos. Leves:** Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica, faltas, uso incorrecto das maiúsculas...

ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

A materia de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo a adquisición e mellora da competencia comunicativa e, polo tanto, desenvólvese de maneira progresiva nas diferentes etapas do ensino. No caso dos alumnos que teñan a materia de 1º Bacharelato pendente, realizaranse dous exames. No primeiro, que terá lugar no mes de xaneiro, entrarán os seguintes temas : a literatura medieval (teoría e comentario), os Séculos Escuros, os determinantes, o substantivo, o adxectivo, os pronomes e o texto argumentativo. No segundo exame, que terá lugar en abril ou principios de maio, entrarán: O Rexurdimento, Rosalía, Curros e Pondal (texto e comentario), repaso de morfoloxía dos temas anteriores, os verbos regulares e irregulares, o infinitivo conxugado, as perífrases verbais , o adverbio , a conxunción e as preposicións.

A recuperación poderá facerse só do parcial que estea suspenso ou de toda a materia.

Os exames terán lugar no horario normal de clases e en caso de non ser posible, pola tarde.

O/a profesor/a da materia dará toda a información necesaria, resolverá dúbidas, entregará modelos de exame coas posíbeis preguntas, recordará as datas dos exames e os criterios de cualificación.

No taboeiro do departamento de Lingua e literatura galega figurarán os contidos mínimos e as datas dos distintos exames.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O feito diferencial, que caracteriza á especie humana, é unha realidade insalvable que condiciona todo o proceso de ensino-aprendizaxe. En efecto, os alumnos e as alumnas son diferentes no seu ritmo de traballo, estilo e capacidades.

O/a profesor/a ten que ter presente que as diferenzas que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais e comúns, hai que considerar a necesidade de dispor de métodos de ensino alternativos, segundo a diversidade do alumnado e o ritmo de aprendizaxe.

Así pois profesorado realizará as “adaptacións” necesarias (non esquezamos que estamos nun ensino postobligatorio), tendo en conta os seguintes puntos:

- “Adaptar” o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propoñer actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexíbeis.

- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.
- Modificar a temporalización ou a orde dos contidos indicados nas unidades didácticas.

TEMAS TRANSVERSAIS TRABALLADOS NO CURSO

- Educación Moral e Cívica
- Educación para a Paz
- Educación para a Saúde e a Calidade de Vida
- Educación para a Igualdade entre os Sexos
- Educación Ambiental
- Educación Sexual
- Educación do Consumidor
- Educación para o Lecer
- Educación Viaria
- Educación na tecnoloxía da información.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Realización de actividades ofertadas polo Concello de Ourense (visitas guiadas, MOTECES...)

Asistencia a conferencias de autores/as lidos/as durante o curso.

Commemoración de diferentes datas ao longo do curso: 25 de novembro, Día da Muller Traballadora, Día do Libro, Semana das Letras Galegas...

Participación na Revista Literaria do Centro Rañolas.

Participación no Concurso Literario do Centro que, dende hai anos, convoca o Departamento de Lingua Galega e Literatura con notable éxito.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Estudaranse tras cada avaliación as porcentaxes de alumnos e alumnas que non alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe propostos, analizando as causas e propondo modificacións, se é o caso, na programación ou reforzando competencias se é necesario.

NIVEL: 2º BACHARELATO
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
PROFESORES/AS: Helena Alonso, Jaime Blanco, Fina Matanza , Constantino Pazos

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

Comunicación oral: escoitar e falar

- Adquirir habilidades para comunicar con precisión ideas propias. 1
- Realizar discursos elaborados e adecuados á situación comunicativa con coherencia, cohesión e corrección. 2
- Comprender, interpretar e valorar textos orais de distinta tipoloxía e temática. 3
- Participar activa e argumentalmente en debates sobre temas diversos expresando opinións acerca do mesmo. 4
- escoitar aos demais e interpretar correctamente as súas ideas. 5
- Nos discursos orais empregar unha fonética e prosodia correcta, rexeitando os prexuízos que se poidan asociar a ela. 6

Comunicación escrita: ler e escribir

- Aplicar estratexias de lectura para achegarse a textos con diferentes graos de complexidade. 7
- Entender textos de diversos xéneros. 8
- Recoñecer as ideas explícitas e implícitas dos textos. 9
- Desenvolver o pensamento crítico e creativo. 10
- Seguir un método estruturado no traballo escrito: planificación, creación de borradores, revisión e redacción. 11
- Escribir textos coherentes e adecuados. 12
- Utilizar fontes de información diversas (fontes bibliográficas, dixitais, TIC)ao longo de todo o proceso de escritura. 13

Coñecemento da lingua

- Utilizar os mecanismos lingüísticos como base para un uso correcto da lingua. 14
- Interiorizar e usar adecuadamente as regras ortográficas e gramaticais. 15
- Reflexionar sobre as palabras, o seu uso e os seus valores significativos e expresivos dentro dun discurso, dun texto e dunha oración. 16
- Recoñecer as relación gramaticais entre as palabras e os grupos de palabras dentro do texto. 17

- Afondar nas relacións textuais que fundamentan o discurso. 18
- Reflexionar sobre as variedades lingüísticas da lingua. 19
- Reflexionar sobre o proceso de construción da variante estándar. 20
- Recoñecer as interferencias lingüísticas elaborando un discurso libre destes elementos. 21
- Coñecer de xeito esquemático e claro as diferentes etapas da historia de lingua galega e as súas principais características. 22
- Reflexionar sobre a evolución da conciencia lingüística. 23
- Desenvolver a competencia comunicativa para poder interactuar en todos os ámbitos da vida. 24

Educación literaria

- Formarse como lectores cultos e competentes. 25
- Ler, comprender e interpretar os textos literarios máis representativos da literatura galega do século XX ata a actualidade . 26
- Achegarse aos distintos xéneros literarios. 27
- Establecer as relacións entre o contexto sociocultural e a obra literaria. 28
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras da literatura galega e universal. 29
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras en xeral e de obras da literatura galega e universal de todos os tempos. 30
- A partir da lectura crítica das obras literarias, interpretar e valorar o mundo e formar opinións propias. 31

CONTIDOS E OBXECTIVOS

Fonética e morfoloxía : Sons, fonemas e letras. Os fonemas vocálicos. Os fonemas consonánticos. A sílaba, o acento e a entoación. Os constituíntes da palabra. Estrutura e clases de palabras. Formación de palabras. Familias léxicas. As categorías gramaticais. Repaso da morfoloxía. **Obxectivos:** 2, 3, 4, 5, 6, 14, 15, 16, 17, 20.

Sintaxe: As relacións sintácticas. Unidades e funcións sintácticas: a frase e a oración. **Obxectivos:** 16, 17, 18.

Semántica: Os campos semánticos. As relacións semánticas. Os cambios semánticos. **Obxectivos:** 16, 21.

Literatura: *A literatura do Posrexurdimento á Guerra Civil (poesía, narrativa, ensaio e teatro):* contexto histórico-cultural. Ramón Cabanillas. As vangardas.O grupo Nós: obras e autores máis representativos. *A literatura dende a Guerra Civil ata 1975 (poesía, narrativa e teatro):* contexto histórico –cultural. A Xeración de 1936. A promoción de enlace. A Xeración dos 50.A prosa galega entre 1936 e 1980. A literatura galega no exilio. A Nova Narrativa Galega. O teatro e o ensaio entre 1950 e 1980. *A literatura na actualidade (poesía, narrativa, ensaio e teatro):* contexto histórico-cultural. A poesía na década dos 80. A poesía na década

dos 90. A narrativa desde os 90, autores máis representativos. O teatro e o ensaio desde 1980. **Obxectivos:** 25, 26, 27, 28, 29, 30, 32.

Sociolingüística: Variacións xeográficas. Variedades xeográficas. Bloques e áreas do galego moderno. A construción da variedade estándar. As interferencias lingüísticas e as desviacións da norma. O galego no 1º terzo do XX. O galego de 1936 a 1975. O galego desde 1975 ata a actualidade. Etapas na evolución da conciencia lingüística. **Obxectivos:** 19, 20, 21, 22, 23.

Análise e comentario de textos de distinta tipoloxía (narrativos, expositivos, argumentativos, xornalísticos...) e produción de textos propios, aplicando coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos, adecuados á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación. **Obxectivos:** 2, 3, 4, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 24, 26, 27, 31.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

a/ Fonética e morfoloxía:

- 1- Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar unha comunicación eficaz.
- 2- Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais, xornalísticos e publicitarios e a situación en que se desenvolven. Captar o sentido global, a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais.
- 3- Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre distintos temas (conferencias, presentacións...).
- 4- Elaborar textos orais planificados con coherencia e corrección axudándose das TIC e doutros elementos non verbais.
- 5- Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión e corrección.
- 6- Participar de xeito activo en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema.
- 7- Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.
- 8- Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.
- 9- Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar eses coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

b/ Sintaxe:

- 1- Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.
- 2- Identificar os distintos tipos de frase e os seus elementos constitutivos.
- 3- Identificar as distintas funcións sintácticas.

- 4- Identificar os diferentes tipos de oración.
- 5- Diferenciar as relacións sintagmáticas das paradigmáticas.

c/ Semántica:

- 1- Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.
- 2- Comprender os conceptos de significado, significante e referente así como os de denotación e connotación.
- 3- Comprender os conceptos de campo semántico, sema, semema e arquisemema, así como as relacións xerárquicas.
- 4- Identificar as diferentes relacións semánticas e comprender as causas, mecanismos e consecuencias dos cambios semánticos.

d/Literatura:

- 1- Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1916 a 1936. *Poesía*: autores de vangarda e outros. *Prosa*: os autores das Irmandades, o Grupo Nós – narrativa e ensaio- e outros. *Teatro*: autores das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.
- 2- Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais póndoas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
- 3- Identificar, analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975. *Poesía*: os autores do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. *Prosa*: os renovadores da prosa - Ánxel Fole, Eduardo Blanco- Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Os autores dos primeiros 70. *Teatro*: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
- 4- Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais póndoas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
- 5- Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade. *Poesía*: temas, xéneros e estéticas dos principais autores dos 80, dos 90 e o novo século. *Prosa*: temas, xéneros e estéticas dos principais autores dos 80, 90 e o novo século. *Teatro*: xéneros e estéticas dos principais autores dos 80, 90 e o novo século.
- 6- Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificar as súas características temáticas e formais póndoas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
- 7- Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, unha obra completa de cada un dos períodos literarios vistos.

e/ Sociolingüística:

- 1- Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en discursos orais e escritos ademais de valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.
- 2- Coñecer e analizar o proceso de elaboración da norma estándar.
- 3- Detectar as interferencias (fundamentalmente os castelanismos) e desviacións da norma estándar e elaborar discursos propios libres destes elementos.
- 4- Detectar e analizar, tanto nos discursos propios como nos alleos, a presenza de estereotipos e prexuízos lingüísticos.
- 5- Coñecer e reflexionar sobre os fitos máis salientables da historia da lingua galega dende o 1º terzo do XX ata a actualidade.

f/ Análise e comentario de textos:

- 1- Analizar e comentar textos de distinta tipoloxía (narrativos poéticos, expositivos, argumentativos, xornalísticos...) e producir textos propios, aplicando estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos. Deberán ser textos adecuados á intención comunicativa, coherentes, cohesionados e con corrección gramatical, ademais dunha boa presentación.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (nomenclatura)

CL: comunicación lingüística, **CMCT:** competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, **CD:** competencia dixital, **AA:** aprender a aprender, **CSC:** competencias sociais e cívicas, **SIEE:** sentido de iniciativa e espírito emprendedor; **CEC:** conciencia e expresións culturais.

a/Fonética e morfoloxía.

- 1- Define e identifica os fonemas da lingua galega ademais de recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas para unha comunicación eficaz. Produce discursos orais respectando as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. **Competencias clave:** CL, AA.
- 2- Identifica a intención comunicativa de diferentes discursos orais, a idea principal e as secundarias. Elabora resumos e esquemas. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinto tipo. **Competencias clave:** CL,AA.

- 3- Nos textos orais de carácter expositivo e argumentativo, identifica as ideas principais e recoñeces as distintas estratexias de organización do contido. **Competencias clave:** CL, AA.
- 4- Emprega as TIC e outros elementos non verbais para producir textos orais coherentes e correctos que planifica seguindo as estratexias estudadas. **Competencias clave:** CL, AA, CD.
- 5- Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e intención comunicativa, con coherencia, cohesión e corrección gramatical. Participa activamente respectando as regras morfosintácticass e fonéticas (colocación do pronome átono, pronuncia do *n* velar...). **Competencias clave:** CL.
- 6- Participa activamente en debates expresando as súas ideas de forma clara e ordenada, utilizando un rexistro adecuado e respectando as ideas dos outros. **Competencias clave:** CL, CSC, SIEE.
- 7- Recoñece nos textos propios e alleos os problemas de expresión como as incoherencias, repeticións, fonética inadecuada... Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo. **Competencias clave:** CL, AA.
- 8- Explica os procedementos de formación das palabras. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica. Analiza a estrutura morfolóxica. **Competencias clave:** CL, AA.
- 9- Emprega os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual , oracional e da palabra, desenvolvidos no curso, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados. **Competencias clave:** CL, AA.

b/ Sintaxe:

- 1- Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía adecuada. **Competencias clave:** AA.
- 2- Identifica os distintos tipos de frase e os elementos que a constitúen.
- 3- Identifica as distintas funcións sintácticas.
- 4- Identifica os diferentes tipos de oración.
- 5- Coñece a diferenza entre relación sintagmática e relación paradigmática. **Competencias clave:** CL.

c /Semántica:

- 1- Identifica e explica as relacións e unidades semánticas. **Competencias clave:** CL, AA.
- 2- Comprende e diferencia significante de significado. Distingue denotación de connotación. **Competencias clave:** CL.
- 3- Sabe o que é un campo semántico, un sema, un semema e un arquisemema.
- 4- Comprende as causas, mecanismos e consecuencias dos cambios semánticos. **Competencias clave:** CL, AA.

d/Literatura:

- 1- Identifica, analiza e describe a *poesía galega de 1916 a 1936*: os autores de Vangarda e outros autores. Identifica, analiza e describe a *prosa galega de 1916 a 1936*: os autores das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros autores. Identifica, analiza e describe o *teatro galego de 1916 a 1936*: os autores das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. **Competencias clave:** CL.
- 2- Le e comenta textos representativos da *poesía galega de 1916 a 1936*, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. Le e comenta textos representativos da *prosa galega de 1916 a 1936*, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. Le e comenta textos representativos do *teatro galego de 1916 a 1936*, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. **Competencias clave:** CL.
- 3- Identifica, analiza e describe a *poesía galega entre 1936 e 1975*: a produción bélica e os autores do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de enlace e a Xeración das Festas Minervais. Identifica, analiza e describe a *prosa galega entre 1936 e 1975*: a produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega. Identifica, analiza e describe o *teatro galego entre 1936 e 1975*: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. **Competencias clave:** CL.
- 4- Le e comenta textos representativos da *poesía, da prosa e do teatro galego de 1936 a 1975*, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. **Competencias clave:** CL.

- 5- Identifica, analiza e describe a *poesía, a prosa e o teatro galego dende 1975 ata a actualidade*: temas, xéneros e estéticas dos principais autores dos 80, os 90 e o novo século. **Competencias clave:** CL.
- 6- Le e comenta textos representativos da *poesía, prosa e teatro galego de 1975 ata a actualidade*, caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. **Competencias clave:** CL.
- 7- Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, unha obra completa de cada un dos períodos literarios vistos. **Competencias clave:** CL.

e/ Sociolingüística:

- 1- Coñece as variedades dialectais, recoñece e explica os seus trazos característicos e valora a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural. **Competencias clave:** CL, CEC.
- 2- Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar. **Competencias clave:** CL.
- 3- Recoñece as interferencias, fundamentalmente os castelanismos, e desviacións da norma estándar e elabora discursos propios libres destes elementos. **Competencias clave:** CL, CEC.
- 4- Recoñece e analiza a presenza de estereotipos e prexuízos . **Competencias clave:** CL, CSC.
- 5- Describe e analiza as características lingüísticas do Galego Moderno, diferencia as distintas etapas e coñece os fitos máis salientables. **Competencias clave:** CL.

f/Análise e comentario de textos:

- 1- Analiza e comenta textos de distinta tipoloxía (narrativos, poéticos, expositivos, argumentativos, xornalísticos...) e elabora textos propios aplicando estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos. Textos adecuados á intención comunicativa, coherentes, cohesionados e con corrección gramatical ademais dunha boa presentación. **Competencias clave:** CL, CSC.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN

1ª AVALIACIÓN

- Fonética e fonoloxía.
- Variedades xeográficas da lingua galega.
- Sociolingüística> a norma estándar.
- Literatura> do Posrexurdimento á Guerra Civil: poesía, prosa e teatro.

2ª AVALIACIÓN

- Morfoloxía.
- Semántica.
- Sociolingüística> historia da lingua: séculos XX e XXI.
- Literatura> desde a Guerra Civil ata 1976: poesía, prosa e teatro.

3ª AVALIACIÓN

- Sintaxe.
- Sociolingüística> evolución da conciencia lingüística.
- Literatura> a literatura galega actual: poesía, prosa e teatro.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

➤ Literatura

- A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
- A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
- A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós.
- O teatro do 1º terzo do XX: Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.
- A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
- A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
- A Nova Narrativa Galega. Características, autores/as e obras representativas.
- O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia
- A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.
- A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores/as dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

- A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores/as dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
- O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores/as dos 80 e dos 90. Dramaturgos/as, tendencias e compañías teatrais actuais máis relevantes.

➤ **Sociolingüística**

- As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
- Historia da normativización: a construción da variedade estándar.
- Interferencias e desviacións da norma.
- As variedades dialectais do galego.
- Linguas minorizadas e minoritarias. A lingua galega en vías de normalización.
- O galego no 1º terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego desde 1975 ata a actualidade: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

➤ **Fonética e morfoloxía**

- A sílaba. O acento. A entoación.
- Os fonemas vocálicos. Os fonemas consonánticos.
- Estrutura e clases de palabras. Formación de palabras.
- Familias léxicas e desvíos léxicos.
- As categorías gramaticais.

➤ **Léxico**

- Desviacións da norma estándar (castelanismos, vulgarismos, arcaísmos...).

➤ **Sintaxe**

- Relación e funcións sintácticas.
- Clases de oración.

➤ **Semántica**

- Campos semánticos
- Relacións semánticas.
- Cambios semánticos.

➤ **Análise de textos**

- O alumnado deberá comprender adecuadamente, compoñer e analizar os distintos tipos de texto.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Cada Unidade Didáctica contará cunha información introdutoria do/a profesor/a na que se marcarán as liñas temáticas a desenvolver na unidade así como os procedementos que se empregarán para conseguir os obxectivos sinalados. Cando o alumnado posúa a información pertinente respecto aos contidos conceptuais, serán o esquema, o resumo e/ou o mapa conceptual as técnicas que deberá coñecer e usar como instrumento non só para memorizar o aprendido senón tamén como medio para lograr un esquema mental das principais características da historia literaria e sociolingüística do século XX e XXI.

Proporanse textos para que o alumnado responde diversas cuestións de tipo fonolóxicas, morfolóxicas, sintácticas, semánticas..., moitas delas servirán para repasar o estudado en 1º de bacharelato.

Haberá a posibilidade de redactar diversos escritos, mesmo de tipo creativo, para comprobar o progreso individual do alumnado en canto á ortografía e construción de texto.

Sempre a participación do alumnado mediante preguntas e respostas individuais será crucial para controlar a súa capacidade de expresión oral con orde e corrección.

Por último, tanto a orde como a temporalización das unidades didácticas ou dos contidos incluídos nas mesmas, poden modificarse en función das características e do propio proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado dos diferentes grupos.

AVALIACIÓN: *procedementos, instrumentos e criterios de cualificación e promoción do alumnado.*

O alumnado de 2º Bacharelato realizará un máximo de 6 exames ao longo do curso. Farase recuperación de cada avaliación.

Axustaranse ás seguintes porcentaxes:

- 80%: exames dos contidos conceptuais.
- 10%: libro de lectura.
- 10%: análise, composición de textos, traballo e chamadas na clase e participación na mesma.

Ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos no caso de estudos diúrnos pero de 1 punto no caso dos estudos nocturnos.

Os erros poderán ser:

- Moi graves: aquelas solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...).Descontaranse 0,2 puntos.
- Graves: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y...).Acentuación diacrítica. Descontarase 0,1 puntos.
- Leves: solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizarase con 0,05 puntos.

Os 12 temas de literatura e os 6 de sociolingüística distribuiranse entre as tres avaliacións. Nas probas anteriormente mencionadas os/as alumnos/as terán unha pregunta para desenvolver de sociolingüística e outra de literatura nas que se deberá demostrar un coñecemento básico dos distintos temas, de non ser así, o alumno terá unha penalización de 0'50 na nota final do exame.

Criterios de cualificación e promoción do alumnado

- Utilizar a lingua galega para comunicarse con corrección, oralmente e por escrito, con propiedade léxica, morfolóxica e sintáctica.
- Coñecer a evolución histórica da lingua galega e comprender criticamente as circunstancias que condicionaron o seu uso.

- Analizar as valoracións sobre o idioma e as actitudes psicolingüísticas e sociolingüísticas, a partir de situacións de comunicación concretas.

- Elaborar a información a partir dos medios de comunicación de masas, diferenciando as características das seccións e dos programas e prestando atención ás súas linguaxes específicas.

- Coñecer os conceptos teóricos e os procedementos lingüísticos (flexión, clasificación, etc.) propios da gramática galega.

- Recoñecer as diferentes unidades da lingua, as súas combinacións e a relación entre elas e os seus significados.

- Desenvolver un tema, oralmente e por escrito, de forma coherente e ordenada, utilizando un guión previo.

- Producir textos específicos (narracións, descricións, exposicións, argumentacións, instrucións, etc.), con diferente nivel de formalización e variedade de contidos (científicos, humanísticos, literarios, etc.).

- Utilizar con propiedade o léxico galego (común e específico), a partir de contextos significativos.

- Coñecer os/as autores/as e comentar as obras máis representativas da literatura galega dos séculos XX e XXI, e establecer relacións entre os textos e a etapa en que foron creados.

- Interpretar e valorar as obras da literatura galega como contribucións culturais dunha comunidade diferenciada e como modelos de lingua.

Procurarase que o alumnado participe activamente na explicación da materia mediante as súas preguntas individuais. Tenderase a que cada alumno/a comente en voz alta as respostas das cuestións que sobre algún texto faga por escrito, acostumándose a falar en público con orde e corrección. Estas participacións contaránse á hora da avaliación.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Sobre todo, o libro de texto (Editorial ANAYA) e fotocopias de textos . No caso dos estudos nocturnos será o profesor o que indique o emprego do libro de texto correspondente ou de fotocopias.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Dado que o curso de 2º Bacharelato é complexo pola programación e a duración do curso, limitarémonos a algunha actividade proposta polo Concello que se desenvolva fóra do horario escolar (MITEU...).

Pode haber representacións teatrais, contacontos, conferencias con autores/as galegos/as e, por suposto, a participación do alumnado tanto na Revista do Centro, como no concurso literario, que desde hai anos convoca o Departamento de Lingua Galega e Literatura.

MECANISMOS DE REVISIÓN , AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Estudaranse tras cada avaliación as porcentaxes de alumnos e alumnas que non alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe propostos, analizando as causas e propondo modificacións, se é o caso, na programación ou reforzando competencias básicas.

Os membros do Departamento:

Asdo.: Helena Alonso Fernández

Asdo.: Pilar Prieto González

Asdo.: Concepción Fdez. Vázquez

Asdo.: Fina Matanza Roqueiro

Asdo.: Constantino Pazos Sobrino

Asdo.: Olga Quintana Devesa

Asdo.: Jaime Blanco Quiñoy

